DECRETO

ASUNTO: ALEGACIÓNS CONTRA DECRETO 2665/2018
INTERESADO: **********
DIRECCIÓN: RÚA AGRELO. BERTAMIRÁNS. ORTOÑO
EXPEDIENTE 2019/G003/000315

FEITOS

1. Con data de 19 de outubro de 2018 se presenta denuncia cidadá advertindo da " situación irregular da finca (ruá Agrelo nº4), edificio que actualmente se encuentra sin finalizar, con referencia catastral 8852711NH2485S0001RM. Dicha finca se encuentra en un total estado de abandono produciendo los siguientes daños al garaje (el cual está obligado a permitirle el paso de vehículos, existiendo una servidumbre): filtraciones de agua debido a que el foso de ascensores no finalizado se inunda, no existiendo bombas de achique o no funcionando las mismas, hongos y bacterias que están propagándose por alguna de las paredes del garaje a causa de dicha humedad; su luz está conectada a algún otro contador puesto que no cuentan con suministro propio. En el garaje de dicho edificio, y aunque está sin finalizar, aparcan varios vehículos".

2.- Con data de 01 de outubro de 2018 o arquitecto técnico municipal informa:

"I N F O R M A:

No proxecto presentado para licenza (nº35/2006, para 80 vivencias) figura como superficie de soto a de 2.500 m2 aproximadamente (documento de estado final) .
Las licenzas de primeira ocupación outorgadas en tres fases, recollen tamén como superficie de sotos a mesma superficie de 2.500 m2 aproximadamente,
Licenza primeira ocupación 1ªFase, para 36 vivencias, sotos e baixos, do 13 de maio do 2009.
Licenza primeira ocupación 2ªFase, para 28 vivencias, sotos e baixos, do 16 de febreiro do 2011.
Licenza primeira ocupación 1ªFase, para 16 vivencias, sotos e baixos, do 23 de marzo do 2011 .

REFERENCIA CATASTRAL: 8852713NH2485S.

(Imaxe)

A licenza correspondente ao bloque que completa a peza (388/06), de 16 vivencias, non conta con licenza de primeira ocupación, e polo tanto os garaxes da súa planta de soto non están amparados con licenza para o seu funcionamento (parcela que na ficha do catastro anterior figura cos números 11 e 12). Mailo anterior se se pretendera o seu uso, requiriría a presentación do proxecto técnico correspondente que garantira o correcto funcionamento do mesmo, e que todo o soto contara coas medidas de seguridade necesarias e suficientes para elo, entendéndoo como anexo e ampliación do existente elicenciado.

Tal e como consta na licenza de vao concedida, o número do prazas de aparcamento é de 87 unidades, non incluíndo as da licenza 388/2016, que serían outras 20 prazas mais, o cal modificaría a licenza.

(Imaxes)

O uso de outras superficies de soto alleas á superficie licenciada e con primeira ocupación, axúntanse plano do proxecto e imaxe disto, que é coincidente coa superficie do soto para garaxes, non conta con autorización para elo, non podendo ser utilizadas, agás coa obtención da necesaria licenza de uso, e modificación da do vao, e mediante a tramitación dos correspondentes expedientes."

3.- A licenza 388/2016 foi outorgada en data de 27 de decembro de 2006, por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Ames. Na licencia de obras se supeditaba a licenza ao cumprimento das seguintes condicións, entre outras:

- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de TRES MESES e o de terminación de TRINTA E SEIS MESES, dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

4.- As obras amparadas na licenza 388/2006 non obtiveron licenza de primeira ocupación.

5.- Con data 26 de novembro de 2018 mediante Decreto de Alcaldía 2665/2018 dítase a seguinte resolución:

"PRIMEIRO.- INICIAR de oficio a caducidade da licenza outorgada a don ********** por acordo de Xunta de Goberno Local do concello de Ames en data de 27 de decembro de 2006, para construción de 16 vivendas, planta de soto para garaxes e rochos e baixo comercial, por incumprir o prazo máximo de remate das obras.

SEGUNDO.- INCOAR expediente de reposición da legalidade polo uso do garaxe sen título habilitante que o ampare, ordenando a inmediata cesación do uso e requirindo ao promotor o precintado de acceso ao garaxe en condicións de illamento que garantan a salubridade, seguridade e ornato; advertindo que o incumprimento desta orde habilitará a esta administración á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros,

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 10:52:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:07:00)
Decreto Nº: 297/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

TERCEIRO.- Notificar á Policía local a presente resolución aos efectos de vixilancia de cumprimento do disposto.

CUARTO.- Fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, concédese trámite de audiencia ao interesado por un prazo de 10 días hábiles contados a partir da notificación da presente resolución, para que poida presentar as alegacións e xustificacións que estime pertinentes.

Notifíquese a don ********** a presente resolución coa indicación de que fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, ao tratarse de actos de mero trámite, a oposición aos mesmos poderá alegarse polo interesado para a súa consideración na resolución que poña fin aos procedementos".

6.- Con data de 20 de decembro de 2018, Don ********** presenta alegacións nas que fundamentalmente manifesta:

1) Nulidade por indefensión

"Se incoa un único expediente por dos motivos absolutamente dispares y del que son sujetos pasivos dos personas distintas, pues la licencia de obra para 16 viviendas de la que se pretende declarar la caducidad fue concedida a ********** persona física, todo lo relacionado con las restantes obras (licencia para 80 viviendas) fueron tramitadas en su totalidad con la mercantil CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L. con NIF B-15723646.

Pero es que, además, la materia de los dos expedientes que se inician, caducidad de licencia por una parte y reposición de la legalidad urbanística por otra, tienen fundamento y causas distintas por lo que no pueden mezclarse en un único expediente dando lugar a confusión de argumentos y fundamentos.

Por todo ello entendemos que los expedientes han de tramitarse por separado y contra la persona o entidad que sea responsable de los mismos".

2) Falta de lexitimación pasiva

"Como ya hemos dicho, mi mandante, persona física nada tiene que ver con las obras de las 80 viviendas promovidas y construidas por la mercantil citada. En lo referente a la licencia para 16 viviendas, expediente 388/2006, se acompaña copia de la licencia en la que se observa que la beneficiaria de la misma, es CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L. en nombre de quien actuaba mi mandante, por tanto el expediente de caducidad no puede entenderse con Don ********** persona física, sino con la mercantil solicitante de la licencia. Se acompaña copia de la licencia de obra, DOCUMENTO UNO".

3) Sobre o fondo do asunto:

- "FUERZA MAYOR EXTRAÑA. La obra de 16 viviendas fue construida por CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L. sobre la base de un acuerdo verbal con la familia **********, y llegado un momento en que para la continuación de la obra era preciso el otorgamiento de las oportunas escrituras públicas para finalizar el edificio, las integrantes de la familia por el fallecimiento de su madre primero, su tío ******** después y finalmente una de las hermanas, derivaron en una situación de incapacidad mental que finalmente fue promovida por la Fiscalía a instancia de instituciones de Ames. A día de hoy la familia ********** está legalmente incapacitada y su tutela atribuida a la Fundación Pública Gallega para la Tutela de Personas Adultas - FUNGA, con domicilio en Calle Salgueiriños de Abajo 15, Bj. 15703 Santiago de Compostela, con quien mi mandante intenta resolver la situación jurídica de los solares sobre los que se asienta la obra para poder concluir la misma.

Se acompaña copia de los requerimientos efectuados por el compareciente en el año 2009 en nombre de la sociedad promotora para otorgar las escrituras públicas del suelo, escrituras que a día de hoy están sin otorgar como resulta de la titularidad catastral de los solares a los que alude la resolución a la que formulamos alegaciones. DOCUMENTO DOS".

- CAUSA JUSTIFICADA DE PARALIZACION DE LAS OBRAS.

"Además de la alegada fuerza mayor, debemos recordar al Concello al que nos dirigimos que durante años ha habido entre el Concello y la empresa de mi mandante un conflicto en el que se nos imputaba la rotura de un emisario o colector municipal a la altura del solar, expediente que finalizó con un procedimiento contencioso Administrativo en Juzgado de lo Contencioso nº 2 de Santiago estimando nuestro recurso y dejando sin efecto las sanciones y requerimientos municipales. Se acompaña sentencia como DOCUMENTO TRES".

- LEGALIDAD DE LAS OBRAS. Las obras están paralizadas por causa de fuerza mayor no imputable a esta parte, insistimos, empresa constructora sobre solar de las hermanas **********, pero son plenamente legales. Se adaptan a la licencia de obras y están cubiertas, por lo que no son la causa de las imputaciones que realizan los denunciantes que presionan y se dirigen al Concello al haberles sido desestimadas sus pretensiones al respecto en un pleito civil en el Juzgado de Negreira.

- INTENCIÓN DE CONCLUIR las obras en cuanto se solucione jurídicamente el problema derivado de la incapacitación para contratar de las hermanas **********, y la FUNGA pueda obtener las autorizaciones judiciales para firmar con la empresa que dirige mi mandante los documentos legales necesarios.

La otra opción, será la demolición de lo ya construido, lo que lejos de ser solución alguna para los denunciantes empeoraría sensiblemente su problema, amén de la falta de capacidad económica de las empresas de mi mandante para afrontar dichas obligaciones.

Es inviable también desde el punto de vista técnico, y sobre todo desde el punto de vista económico, tramitar una

VERSIÓN NA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 10:52:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:07:00)
Decreto Nº: 297/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

nueva licencia de legalización de lo ya construido, pues supondría adaptaciones técnicas a la nueva normativa inviables en una edificación con la estructura construida, por lo que si se llega a declarar la caducidad de la licencia el destino del inmueble sería unívoco: o permanecer así por los siglos o la demolición.

La única solución es permitir a la empresa de mi mandante conseguir la documentación del suelo, obtener financiación precisa para la terminación del edificio rematarlo conforme a la licencia".

De conformidade co exposto, solicita a declaración de nulidade do Decreto 2665/2018 por conter resolucións incompatibles entre si, ditarse fronte a persoa carente de lexitimación pasiva para soportar os devanditos expedientes e causar indefensión.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I.- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, artigos 142.g), 145, 152

II.- Decreto 143/2016, do 22 de setembro do seu Regulamento, artigos 351.g), 359, 370, 375 e ss.

III.- Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia. (Derrogado). Artigo 10.1.

IV.- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (Derrogada). Artigo 195.6.

V.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigos 4, 5, 48, 52, 71, 72, 79 e 80.

VI.- Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local. Artigo 21.1.s).

VII.- RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 175.

VIII.- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ames. Artigos 2.2.1, 8.1.1 e 8.1.16.

Relacionados os feitos e consideracións xurídicas, INFORMO:

1). Falta de lexitimación pasiva

A licenza 388/2016 para a construción dun edificio de 16 vivendas, planta soto para garaxes e rochos, e baixo comercial na Rúa do Agrelo, foi outorgada en data de 27 de decembro de 2006, por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Ames a don **********, na representación de CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA S.L. Polo tanto, se ben é certo que don ********** actuou en representación da empresa promotora, non ostenta a condición de titular da licenza.

O erro no informe xurídico no que se basea o Decreto 2665/2018 provén dun erro de transcrición, polo que cabe declarar o acto anulable, sendo posible a súa convalidación de conformidade co establecido nos artigos 48 e 52 da Lei 39/2015.

Estímase a alegación presentada.

2). Nulidade por indefensión.

Respecto ao alegado polo interesado referente á incoación dun único expediente por motivos dispares, fundamentados en causas distintas e do que son obxecto dúas persoas distintas, dando lugar a confusión de argumentos e fundamentos e por conter resolucións incompatibles entre si.

En primeiro lugar, chama a atención que se aduza a falta de lexitimación pasiva por non ser o titular da licenza e que despois se alegue que a incoación de dous expedientes – reposición e caducidade – son obxecto de dous interesados distintos. Recoñecido o erro na contestación a alegación anterior, ambas actuacións deben dirixirse ante o titular da licenza, CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L., como responsable do cumprimento das obrigas contidas na licenza de obras 388/2006, tanto no relativo aos tempos máximos de inicio, interrupción e execución da mesma (3 meses, 6 meses e 36 meses respectivamente), como respecto aos seguintes compromisos que impiden o uso da construción recollidos nas condicións particulares:

"A licenza quedará supeditada 6 cumprimento das seguintes condicións:

- *Con carácter previo a execución das obras de edificación deberase presentar proxecto de execución, nomeamento do Aparellador ou Arquitecto Técnico, Estudio de Seguridade e Saúde, Proxecto de Telecomunicacións, aval ou fianza para garantir a execución das obras de urbanización polo importe consignado no informe do Arquitecto Técnico Municipal (2.500,00 €), compromiso de non utilizar a construción ata tanto non*

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 10:52:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:07:00)
Decreto Nº: 297/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

estea rematada a obra de urbanización, así como o título constitutivo da servidume de paso para o acceso ao soto a través da rampla do garaxe do edificio estremeiro.

• Haberá un valo de protección de ao menos dous metros de altura, constituída por materiais que ofrezan seguridade, conservación e bo aspecto, situada á distancia que sinalen os servizos técnicos de urbanismo do Concello. En calquera caso permitirase o paso de peóns. No caso de que, por imposibilidade manifesta, non se poda deixar libre a zona de beirarrúa, instalarase una nova con materiais resistentes, co piso elevado do pavimento existente, cunha rampla de acceso e baixada, varandas de protección, viseira pola parte superior e sinalización lumínica e visual en ámbolos dous extremos que garantan a seguridade dos peóns. Poñeranse luces de sinalización en cada ángulo do valo. A instalación é provisional durante o tempo que duren as obras, debéndose suprimir e deixar a beirarrúa libre e en condicións o caso de paralización destas por un período superior a seis meses.

• Terase a disposición do persoal do Concello exemplares dos planos selacios e aprobados, así como da licenza expedida.

• Segundo establécese no informe do Arquitecto Técnico Municipal: cadanseu local comercial terá unha cheminea de evacuación de fumes y gases independente das comúns do edificio e que evacúe ó tellado.

• Os terreos tora das aliñacións, de acordo co PXOM, serán cedidos completamente urbanizados ao Concello, ditas obras deberán contar coa aprobación do Concello, coas modificacións ou axustes que se sinalen por parte dos Servizos Técnicos.

• A condición de non utilizar a construción ata tanto non estea rematada a obra de urbanización, contida no compromiso enriba requirido, establecerase nas cesións do dereito de propiedade ou de uso que se leven a efecto para todo ou parte do edificio.

• Non se permitirá a ocupación dos edificios ata que non estea realizada totalmente a urbanización que afecte a dito edificio e estean en condicións de funcionamento a subministración de auga, enerxía eléctrica e as redes de sumidoiros. O incumprimento do deber de urbanización simultáneo á edificación comportará a caducidade da licenza sen dereito a indemnización, impedíndose o uso do edificado, sen prexuízo do dereito dos terceiros adquirentes ó resarcimento dos danos e prexuízos que se lles houbesen irrogado.

• O titular da licenza quedará suxeito a abriga de consentir a instalación de rótulos ou placas indicativos do nome da rúa.

• A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de TRES MESES e o de terminación de TRINTA E SEIS MESES, dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

• O sinalado prazo máximo de tres meses para comezar as obras de edificación contarase dende a data de concesión da licenza. No caso de non iniciarse as obras en dito prazo, o proxecto deberase adaptar ao Código Técnico da Edificación."

A isto hai que engadir que tanto o Decreto 28/1999, do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia (artigo 10.1), como a Lei 9/2002, LOUGA, (artigo 195.6), como os artigos 2.2.1, 8.1.1 e 8.1.16 do PXOM de Ames - normativa vixente no momento da concesión da licenza - esixían a tramitación da licenza de primeira ocupación como condición previa ao uso da edificación. Na actualidade, os artigos 142.g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia e 351.g) do Decreto 143/2016 do seu Regulamento recollen a mesma obriga, determinante para a obtención de conformidade por parte da administración actuante sobre a legalidade urbanística da obra realizada.

Doutra banda, tal como expón o Decreto 388/2016 na relación de feitos, o inicio do procedemento deriva dunha denuncia cidadá relativa ao incumprimento da legalidade urbanística en vigor, manifestando tanto a existencia dunha obra sen rematar, como o uso indebido da mesma. Polo tanto, a administración, no seu deber de protección da legalidade urbanística (de exercicio inescusable de conformidade co artigo 370 do Decreto 143/2016), ten a obriga de coñecer sobre ambos extremos. Neste senso, o artigo 375.3 do Decreto 143/2016 establece que "*en ningún caso poderá a Administración deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar o orden urbanístico vulnerado ou a repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal*".

Do coñecemento dos feitos expostos na citada denuncia esta Administración resolve, nun mesmo acto, a incoación de expediente de reposición da legalidade *"polo uso do garaxe sen título habilitante que o ampare, ordenando a inmediata cesación do uso e requirindo ao promotor o precintado de acceso ao garaxe en condicións de illamento que garantan a salubridade, seguridade e ornato".* Doutra parte, acorda a incoación dun expediente de caducidade de licenza "*por incumprir o prazo máximo de remate das obras".*

Os motivos de incoación de ambos expedientes quedan debidamente determinados e diferenciados tanto respecto dos feitos que dan lugar á incoación, como da normativa de aplicación. E tanto no corpo expositivo do Decreto 2665/2018 como na súa parte dispositiva. Doutra banda, o artigo 72 da Lei 39/2015 permite – de conformidade co principio de simplificación administrativa – o acordo nun só acto de todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 10:52:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:07:00)
Decreto Nº: 297/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non son, en medida algunha, procedementos incompatibles entre si, dado que ambos derivan dunha mesma denuncia e dos mesmos datos certos. De feito, o artigo 359 relativo á caducidade das licenzas, permite no mesmo expediente a adopción de medidas provisionais tendentes á protección dos intereses públicos e terceiras persoas, incluíndo o cese dos actos de uso do solo ou subsolo autorizados pola licenza. Sucede que, o uso de garaxe non está amparado pola licenza de obras concedida toda vez que queda condicionado á recepción da mesma e obtención de licenza de primeira ocupación, motivo polo que o procedemento adecuado para garantir o cumprimento da normativa urbanística é o expediente de reposición da legalidade.

Polo tanto, se ben orixinan distintas responsabilidades fronte ao responsable do cumprimento, a incoación dos mesmos ten como finalidade garantir o coñecemento de apertura de expedientes urbanísticos aos interesados, concedendo a posibilidade de comparecencia, así como a achega de documentación ou presentación de alegacións que estimen pertinentes na defensa dos seus intereses no prazo de audiencia outorgado na mesma resolución. Sen prexuízo de que, finalizado o prazo de audiencia, ambos expedientes (caducidade de licenza e reposición da legalidade) poidan tramitarse separadamente ou se proceda, no seu caso, a súa resolución e arquivo. Polo tanto, non se causa indefensión e o acto administrativo neste senso axústase plenamente a Dereito.

Desestímase na súa totalidade a alegación.

3). Sobre o fondo do asunto: causa maior estraña, causa xustificada de paralización das obras, legalidade das obras e intención de concluír.

O interesado aduce como causa de forza maior de paralización das obras duas cuestións:

3.1) A existencia dun contrato verbal de compravenda coa familia ********* que non acadou elevación a escritura pública debido ao falecemento de varios integrantes da familia e da situación de incapacidade das actuais herdeiras das parcelas sobre as que se concede a licenza de obras – (RC 8852711NH2485S0001RM, 8852712NH2485S0001DM) –, as cales encóntranse tuteladas na actualidade pola Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), con quen CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA S.L., intenta resolver a situación xurídica dos soares sobre os que se asenta a obra para poder rematar a mesma.

Respecto á consideración do exposto polo interesado como causa de forza maior que deba dar lugar á suspensión do prazo outorgado da licenza de obra, hai que resaltar que a licenza de obra se concedeu salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. A pasividade do titular da licenza de obras por mor da imposibilidade de formalizar a titularidade da parcela ao seu nome non pode funcionar como eximente para reter a licenza de obras sen exercicio efectivo "sine die".

Resulta procedente ter en consideración que CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L., pola actividade mercantil que desprega e sendo profesional do ramo, debía coñecer o tráfico xurídico propio da promoción de obras. Polo que resulta lóxico pensar que, antes de acometer obras amparadas na licenza outorgada por este Concello ou mesmo con anterioridade á solicitude da licenza, houbera despregado a dilixencia debida respecto á titularidade do terreo, sendo coñecedora das dificultades urbanísticas que comporta a ausencia de título lexítimo.

Doutra banda, na obriga de impulso de oficio dos expedientes administrativos e para intentar clarificar os extremos relativos á responsabilidade que poida xurdir no expediente e respecto á viabilidade de remate das obras, o concello de Ames solicitou emisión de informe á FUNGA relativo á situación da propiedade das referidas parcelas e as posibles xestións tendentes a culminar a transmisión da propiedade das mesmas a favor de CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L. (r.e. na FUNGA o 4 de febreiro de 2019), solicitude amparada no artigo 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común de las Administracións Públicas.

En espera da resposta da FUNGA que poida clarificar a posibilidade real de transmisión das parcelas, reitérase que, en todo caso, o posible litixio sobre a titularidade do soar constitúe unha cuestión de orde civil que non compete a esta administración e cuxas dificultades para o promotor non poden constituír - como xa se expuxo con anterioridade - unha eximente para reter a licenza de obras sen exercicio efectivo por tempo indeterminado.

3.2) Recordan ao Concello que durante anos houbo entre o Concello e a empresa promotora un conflito no que se lle imputaba a rotura dun emisario ou colector municipal á altura do solar, expediente que finalizou cun procedemento contencioso Administrativo en Xulgado do Contencioso nº 2 de Santiago estimando o noso recurso e deixando sen efecto as sancións e requirimentos municipais.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 10:52:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:07:00)
Decreto Nº: 297/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Revisado o expediente ao que fai referencia o interesado, non encontra a persoa que subscribe este informe acto administrativo algún no expediente de reposición da legalidade que ordenara a paralización das obras, senón a reparación dun colector de saneamento. A sentenza P.A. nº 13/2014, do Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela que se achega coas alegacións, recoñece ao interesado unha estimación parcial do pretendido, declarando a anulabilidade e anulando as resolucións de Alcaldía de 31.10.2013, sobre desestimación do recurso de reposición contra resolución de Alcaldía de 10.05.2013, toda vez que este último como acto administrativo que resolvía o expediente de reposición de legalidade - e polo tanto, poñía fin ao procedemento - non recollía no seu corpo os recursos que debían constar na mesma e polo tanto, non permitía a apertura da fase de execución forzosa. En conclusión, anula os actos que deron lugar á imposición dunha execución forzosa mediante multa coercitiva.

Non alcanza a entender quen subscribe a relación que isto ten coa paralización das obras, toda vez que a sentenza en cuestión (de data de 18 de xullo de 2014) non houbera impedido a continuación e remate da edificación do bloque de 16 vivendas. Aínda no suposto en que esta administración non tivera en conta o tempo no que se substanciou o asunto ante o xulgado, o prazo máximo para o remate das obras de 36 meses concedido na licenza se ten de sobra cumprido.

3.3) As obras son legais, se adaptan á licenza de obra e están cubertas, polo que non son a causa das imputacións que realizan os denunciantes que premen e diríxense ao Concello ao seriles desestimadas as súas pretensións respecto diso nun preito civil no Xulgado de Negreira.

No Decreto de Alcaldía 2665/2018 de 26 de novembro de 2018 non se entra a coñecer sobre cuestións privadas que, en todo caso, deben exporse polos interesados ante a orde xurisdicional civil. A incoación da caducidade da licenza ven determinada polo transcurso do tempo concedido para o remate das obras, mentres que a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística provén do uso do garaxe das obras non rematadas, sen licenza que o ampare, e a obriga de manter o construído en condicións de seguridade e salubridade. Nada teñen que ver estas cuestións co que manifesta o interesado nesta alegación.

3.4) Intención de concluír as obras en canto se solucione xuridicamente o problema derivado da incapacitación para contratar das irmás **********, e a FUNGA poida obter as autorizacións xudiciais para asinar con CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA S.L. os documentos legais necesarios. A outra opción, será a demolición do xa construído, o que lonxe de ser solución algunha para os denunciantes empeoraría sensiblemente o seu problema, a máis diso a falta de capacidade económica das empresas da miña mandante para afrontar as devanditas obrigacións. É inviable tamén desde o punto de vista técnico, e sobre todo desde o punto de vista económico, tramitar unha nova licenza de legalización do xa construído, pois supoñería adaptacións técnicas á nova normativa inviables nunha edificación coa estrutura construída, polo que se se chega a declarar a caducidade da licenza o destino do inmoble sería unívoco: ou permanecer así polos séculos ou a demolición. A única solución é permitir á empresa da miña mandante conseguir a documentación do solo, obter financiamento preciso para a terminación do edificio e rematalo conforme á licenza.

Non comparten os servizos técnicos deste concello o criterio de inviabilidade da tramitación de licenza de legalización do xa construído, salvo mellor criterio técnico que poida desprenderse dun estudio completo enmarcado no correspondente expediente. Se ben é certo, que o produto inmobiliario resultante non sería o mesmo que o que resultaría da licenza 388/2006.

Será preciso determinar á viabilidade da execución completa da mesma en función da posibilidade de adquisición dos terreos ou obtención de título inscribible no rexistro da propiedade para valorar unha posible obtención de prórroga da licenza obtida. Engadir que a pretensión de condicionar o mantemento da licenza á obtención de financiamento sen acreditar a súa viabilidade, non parece razoable. Polo tanto, habendo solicitado este concello formalmente informe do titor legal das actuais propietarias, así como cita para o análise da situación, a procedencia de caducidade la licencia analizarase en función dos resultados obtidos e demais verificacións que se estimen pertinentes.

Desestímase integramente esta alegación en tanto que será no expediente de caducidade de licenza e a resulta das verificacións en trámite no que se resolva sobre esta cuestión.

Polo exposto, consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ROF, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 10:52:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:07:00)
Decreto Nº: 297/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PRIMEIRO.- DECLARAR anulable o Decreto de Alcaldía 2665/2018 do 26 de novembro de 2018 e ORDENAR a convalidación do acto administrativo emendando os erros, dirixíndose polo tanto o acto administrativo de incoación de expediente de reposición da legalidade por mor de uso de garaxe sen título habilitante, así como de incoación de expediente de caducidade de licenza ao titular da licenza de obras 388/2006, CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, e concedendo aos interesados un prazo de trámite de audiencia de 15 DÍAS desde a recepción da notificación do acto convalidado.

SEGUNDO.- DECLARAR anulable e deixar sen efectos o Decreto de Alcaldía 2888/2018 do 18 de decembro de 2018, toda vez que trae causa do acto administrativo anulado no dispositivo primeiro.

TERCEIRO.- ACORDAR o arquivo das actuacións contra ********** no expediente número 2018/G003/002800.

Notifíquese aos interesados a presente resolución, facéndolles saber que, fronte a resolución de anulación e convalidación de actos administrativos, ao tratarse dun acto de mero trámite, a oposición ao mesmo poderá alegarse polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Contra a resolución de arquivo das actuacións incoadas fronte a **********, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun MES (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas)

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte o da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa).

O ALCALDE

José M. Miñones Conde

A SECRETARIA

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 10:52:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:07:00)
Decreto Nº: 297/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA COBRATORIA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "A MADALENA", FEBREIRO 2019.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000277

ANTECEDENTES:

Á Vista da lista cobratoria correspondente á Escola Infantil Municipal: "A Madalena" do Concello de Ames, correspondente ao mes de febreiro 2019 son un total de 92 rexistros, o importe da cal ascende á cantidade de OITO MIL CENTO SETENTA E CATRO EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS DE EURO (8.174,40 €); consta de 5 páxinas, se inicia **********, ***** e remata por **********, ******.

Á vista do informe de Tesourería.

Á vista da base de execución do orzamento que di na súa base 35.2ª que en materia de ingresos públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a autorización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a lista cobratoria que se xunta á presente como anexo,

Servizo	Escola Infantil Municipal:" A Madalena"
Período	Febreiro de 2019
Nº Usuarios	92
A lista iníciase con	**********, *****
A lista finaliza con	**********, ******
Nº páxinas	5
Total importe íntegro lista cobratoria	9.259,00 €
Total importe líquido lista cobratoria	8.174,40 €

Segundo: Dar traslado á Tesouraría e a oficina de recadación municipal, aos efectos oportunos.

O alcalde — A secretaria

José M. Miñones Conde — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 10:52:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:07:00)
Decreto Nº: 298/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA COBRATORIA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL O BOSQUE, FEBREIRO 2019.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000297

ANTECEDENTES:

Á Vista da lista cobratoria correspondente á Escola Infantil Municipal: O Bosque do Concello de Ames, correspondente ao mes de febreiro 2019 son un total de 112 rexistros, o importe da cal ascende á cantidade de ONCE MIL CINCUENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS DE EURO (11.059,50 €); consta de 6 páxinas, se inicia **********, ****** e remata por **********, ******.

Á vista do informe proposta de Tesourería.

Á vista da base de execución do orzamento que di na súa base 35.2ª que en materia de ingresos públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a autorización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a lista cobratoria que se xunta á presente como anexo,

Servizo	Escola Infantil Municipal: O Bosque
Período	Febreiro de 2019
Nº Usuarios	112
A lista iníciase con	**********, ******
A lista finaliza con	**********, ******
Nº páxinas	6
Total importe íntegro lista cobratoria	12.305,50 €
Total importe líquido lista cobratoria	11.059,50 €

Segundo: Dar traslado á Tesouraría e a oficina de recadación municipal, aos efectos oportunos.

O alcalde — A secretaria

José M. Miñones Conde — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 11:26:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:08:00)
Decreto Nº: 299/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA CAMIÑO DO SANTO A MOURIGADE E DE MAGUXE A LAPIDO (ORTOÑO). POS 2018

EXPEDIENTE: 2019/G003/000318

ANTECEDENTES:

Á vista do Plan de Seguridade e Saúde, presentado por **Martínez Montes e Hijos SL**, empresa adxudicataria da obra **camiño do Santo a Mourigade e de Maguxe a Lapido (Ortoño)** e considerando o informe favorable do devandito plan emitido polo coordinador de seguridade e saúde perante a execución da obra, ********** **********, de acordo co establecido no artigo 7 do Real decreto 1627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde, esta alcaldía no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o **plan de seguridade e saúde** da obra camiño do Santo a Mourigade e de Maguxe a Lapido (Ortoño)**,** presentado por Martínez Montes e Hijos SL

Segundo.- Dar conta desta resolución ós interesados no procedemento de contratación.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

O alcalde
José Manuel Miñones Conde

Secretaría
Rosa Ana Prada Queipo

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 07/02/2019 11:26:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 07/02/2019 14:09:00)
Decreto Nº: 300/2019 - Fecha de decreto: 07/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: BAIXA DE RECIBOS DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS. SERVIZO DE BOS DÍAS COLE

****

EXPEDIENTE: 2019/G003/000301

EXP RECADACIÓN: 46010000016224

ANTECEDENTES

- 18.10.2018. Por RXE do Concello 002/2699 ********** (NIF: *********) solicita, para o seu fillo **********, a baixa no Servizo de bos días cole a partir do día 1 de novembro de 2018.

- 14.12.2018 e 16.01.2019. Por decretos 2835/2018 e 81/2019 apróbanse a nome de ****** ********** os recibos correspondentes ao servizo de bos días cole para os períodos de novembro e decembro de 2018, polo neno **********, por importe de 19,00 euros/mes.

- 17.01.2019. Informe da auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Servizos Complementarios de Educación, referido aos citados recibos. Conclúe que o neno deuse de baixa no servizo con efectos desde o día 1 de novembro de 2018 polo que, para os devanditos períodos, non lle corresponde pagar importe algún.

- Os recibos atópanse pendentes de pago na actualidade.

Visto o informe da tesouraría no que se propón a baixa dos devanditos recibos por importe de 19,00 euros/mes.

Visto o artigo 220 da Lei 58/2003 xeral tributaria, así como o artigo 13 do RD 520/2005, polo que se aproba o regulamento en materia de revisión vía administrativa, referidos á rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: A baixa dos recibos emitidos a nome de ********** (NIF: *********) correspondentes á Taxa pola prestación do servizo de bos días cole de novembro e decembro de 2018, polo neno **********, por importe de 19,00 euros/mes.

Exercicio Núm. Fixo	Concepto Identificador Valor Obxecto Tributario	NIF Sux. Pasivo	Principal Tipo Impositivo
2018 - DECEMBRO PROGRAMA SERVIZO DE BOS DIAS ********* *********BD 20194615002BD01R000192	BD_**********	**********	19,00
2018 - NOVEMBRO PROGRAMA SERVIZO DE BOS DIAS ********* *********BD 20184615002BD10R000267	BD_**********	**********	19,00

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:31:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 10:58:00)
Decreto Nº: 301/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Segundo: Notificar a resolución ao obrigado tributario, xunto co réxime de recursos aplicable, así como dar traslado da mesma a Intervención, Recadación e Tesouraría municipais, para os seus efectos.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:31:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 10:58:00)
Decreto Nº: 301/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: BAIXA PARCIAL DUN RECIBO DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS: SERVIZO DE TARDES DIVERTIDAS

****

EXPEDIENTE: 2019/G003/000166

EXP RECADACIÓN: 46020000004542

ANTECEDENTES

- 12.11.2018. Por RXE do Concello 201800100005341 ********** (NIF: *********) solicita, para a súa filla **********, a baixa no Servizo de tardes divertidas.

- 14.12.2018. Por decreto 2840/2018 apróbase a nome de ********** o recibo correspondente ao Servizo de tardes divertidas de novembro de 2018, pola nena ********** *****, por importe de 32,00 euros.

- 28.12.2018. Informe da auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Servizos Complementarios de Educación, referido ao citado recibo. Conclúe que a nena causou baixa no servizo de tardes divertidas o día 12.11.2018 polo que o importe correcto a pagar para o mes de novembro é de 12,75 euros.

- O recibo atópase pendente de pago na actualidade.

Visto o informe da tesouraría no que se propón a baixa parcial do recibo correspondente á Taxa polo Servizo de tardes divertidas de novembro de 2018, por importe de 19,25 euros.

Visto o artigo 220 da Lei 58/2003 xeral tributaria, así como o artigo 13 do RD 520/2005, polo que se aproba o regulamento en materia de revisión vía administrativa, referidos á rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: A baixa parcial do recibo emitido a nome de ********** (NIF: *********) correspondente á Taxa pola prestación do Servizo de tardes divertidas de novembro de 2018, pola nena **********, por importe de 19,25 euros, quedando o importe do recibo por unha cota de 12,75 euros.

Exercicio	Concepto	NIF	Importe baixa
Núm. Fixo	Identificador Valor Obxecto Tributario	Sux. Pasivo	
2018 - NOVEMBRO *********TD	SERVIZO DE TARDES DIVERTIDAS 20184615002TD10R000134 TD_********** **********	******** *****	19,25

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:31:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 10:58:00)
Decreto Nº: 302/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Segundo: Notificar a resolución ao obrigado tributario, xunto co réxime de recursos aplicable, así como dar traslado da mesma a Intervención, Recadación e Tesouraría municipais, para os seus efectos.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:31:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 10:58:00)
Decreto Nº: 302/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: BAIXA DUN RECIBO DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS. SERVIZO DE BOS DÍAS COLE, DECEMBRO 2018.
**********, *******

EXPEDIENTE: 2019/G003/000304

EXP RECADACIÓN: 46020000004589

ANTECEDENTES

- 16.01.2019. Por decreto 81/2019 apróbase a nome de ********** (NIF: *********) o recibo correspondente á Taxa pola prestación do servizo de bos días cole do período de decembro de 2018, polo neno **********, por importe de 60,00 euros.

- 17.01.2019. Informe da auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Servizos Complementarios de Educación, referido ao citado recibo. Conclúe que o neno non debía figurar na lista de usuarios de bos días cole, e, por conseguinte, non debía haber ido no censo do servizo do mes de decembro de 2018 xa que deuse de baixa de oficio e nunca chegou a empezar no servizo.

- O recibo atópase pendente de pago na actualidade.

Visto o informe da tesouraría no que se propón a baixa do devandito recibo por importe de 60,00 euros.

Visto o artigo 220 da Lei 58/2003 xeral tributaria, así como o artigo 13 do RD 520/2005, polo que se aproba o regulamento en materia de revisión vía administrativa, referidos á rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: A baixa do recibo emitido a nome de ********** (NIF: *********) correspondente á Taxa pola prestación do servizo de bos días cole de decembro de 2018, polo neno **********, por importe de 60,00 euros.

Exercicio	Concepto	NIF	Principal
Núm. Fixo	Identificador Valor	Sux. Pasivo	
Obxecto Tributario			
2018 - DECEMBRO PROGRAMA SERVIZO DE BOS DIAS ********* *********BD20194615002BD01R000222 BD_**********		**********	60,00

Segundo: Notificar a resolución ao obrigado tributario, xunto co réxime de recursos aplicable, así como dar traslado da mesma a Intervención, Recadación e Tesouraría municipais, para os seus efectos.

O alcalde — A secretaria

José M. Miñones Conde — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:32:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 10:59:00)
Decreto Nº: 303/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: BAIXA PARCIAL DE RECIBOS DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

****

EXPEDIENTE: 2019/G003/000305

EXP RECADACIÓN: 46020000004560

ANTECEDENTES

- 26.09.2018. Por RXE do Concello 002/2589 ********** (NIF: *********) solicita, para a súa filla **********, o cambio dos días de asistencia ao servizo de comedor escolar.

- 22.11.2018 e 14.12.2018. Por decretos 2662/2018 e 2837/2018 apróbanse a nome de ******** ********* os recibos correspondentes ao servizo de comedor escolar de outubro e novembro de 2018, pola nena **********, por importe de 85,00 euros/mes.

- 15.01.2019. Informe da auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Servizos Complementarios de Educación, referido aos citados recibos. Conclúe que non se aplicou o cambio de asistencia ao servizo de comedor escolar solicitado o 26 de setembro de 2018, polo que o importe correcto a pagar para os meses de outubro e novembro de 2018 é de 24,00 euros/mes, no canto de 85,00 euros/mes.

- Os recibos atópanse pendentes de pago na actualidade.

Visto o informe da tesouraría no que se propón a baixa parcial dos recibos 20184615002CM09R000697 e 20184615002CM10R000671 por importe de 61,00 euros/mes, quedando o importe dos recibos por unha cota de 24,00 euros/mes.

Visto o artigo 220 da Lei 58/2003 xeral tributaria, así como o artigo 13 do RD 520/2005, polo que se aproba o regulamento en materia de revisión vía administrativa, referidos á rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: A baixa parcial dos recibos emitidos a nome de ********** (NIF: *********) correspondentes á Taxa pola prestación do servizo de comedor escolar de outubro e novembro de 2018, pola nena **********, por importe de 61,00 euros/mes, quedando o importe dos recibos por unha cota de 24,00 euros/mes.

Exercicio	Concepto	NIF	Importe baixa
Núm. Fixo	Identificador Valor	Sux. Pasivo	
	Obxecto Tributario		
2018 - NOVEMBRO	TAXA PRESTACIÓN COMEDOR	*********	61,00
*********COM20184615002CM10R000671		**********	
	COM_**********		
2018 - OUTUBRO	TAXA PRESTACIÓN COMEDOR	*********	61,00
*********COM20184615002CM09R000697		**********	
	COM_**********		

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:32:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 10:59:00)
Decreto Nº: 304/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Segundo: Notificar a resolución ao obrigado tributario, xunto co réxime de recursos aplicable, así como dar traslado da mesma a Intervención, Recadación e Tesouraría municipais, para os seus efectos.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:32:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 10:59:00)
Decreto Nº: 304/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONCESIÓN DE FRACCIONAMENTO DE DÉBEDAS EN VOLUNTARIA

****

EXPEDIENTE: 2019/G003/000302

EXPEDIENTE RECADACIÓN: 46010000016227

Solicitude formulada por ********** con NIF ********* e enderezo a efectos de notificacións en Rúa *********, **, ***, **********, *****, Ames, **expediente 46010000016227**, na que interesa o pagamento fraccionado da débeda xirada ó seu nome e que a continuación se relaciona:

Suxeito Pasivo: ********** **NIF:** *********

Id. Valor	Principal	Recarga	Xuros		Ing. a conta	Total
			Exercicio		Concepto débeda	
20184615002CM08R000867	85,00	0,00	0,00	0,00	0,00	85,00
			2018 - SETEMBRO		TAXA PRESTACIÓN COMEDOR	
20184615002CM08R000868	85,00	0,00	0,00	0,00	0,00	85,00
			2018 - SETEMBRO		TAXA PRESTACIÓN COMEDOR	
20184615002CM09R000513	85,00	0,00	0,00	0,00	0,00	85,00
			2018 - OUTUBRO		TAXA PRESTACIÓN COMEDOR	
20184615002CM09R000531	85,00	0,00	0,00	0,00	0,00	85,00
			2018 - OUTUBRO		TAXA PRESTACIÓN COMEDOR	
20184615002EV01R000175	65,00	0,00	0,00	0,00	0,00	65,00
			2018 - XULLO		TAXA PROGRAMA ESCOLA DE VERÁN	
20184615002EV01R000184	65,00	0,00	0,00	0,00	0,00	65,00
			2018 - XULLO		TAXA PROGRAMA ESCOLA DE VERÁN	
20184615002CM10R000285	85,00	0,00	0,00	0,00	0,00	85,00
			2018 - NOVEMBRO		TAXA PRESTACIÓN COMEDOR	
20184615002CM10R000422	85,00	0,00	0,00	0,00	0,00	85,00
			2018 - NOVEMBRO		TAXA PRESTACIÓN COMEDOR	
					Total a fraccionar	640,00

Vista dita solicitude e tendo en conta os seguintes **ANTECEDENTES DE FEITO:**

PRIMEIRO.- Por RXE do Concello núm. 001/233 de 22 de xaneiro de 2019, ********** ****** presenta solicitude de fraccionamento da débeda xirada ó seu nome, arriba referenciada, en seis cotas mensuais.

SEGUNDO.- O importe total da débeda ascende a 640,00 euros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 42 da Ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Ames, e o artigo 44 do RD 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, establecen que a administración poderá, a solicitude do obrigado, aprazar ou fraccionar o pagamento das débedas nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:31:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:29:00)
Decreto Nº: 305/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

SEGUNDO.- Cómputo de xuros (art. 53 RD 939/2005). A cantidade cuxo pagamento se fraccione, deveñará xuros de mora dende a finalización do período voluntario de ingreso. Ao abeiro da Disposición adicional quincuaxésima da lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para 2018, o xuro de mora ao que se refire o artigo 26 da LXT queda establecido, para o exercicio 2018, no 3,75 %.

TERCEIRO.- O artigo 43.5 da Ordenanza fiscal xeral prevé os seguintes prazos máximos de fraccionamento en función da contía da débeda:

Importe da débeda	Período máximo
De 100,00 € a 300,00 €	3 meses
De 301,00 € a 900,00 €	6 meses
De 901,00 € a 1.500,00 €	9 meses
De 1.501,00 € a 3.000,00 €	12 meses
De 3.001,00 € a 4.500,00 €	15 meses
De mais de 4.501,00 €	18 meses

O importe mínimo a fraccionar e os prazos poderán excepcionarse dos criterios expostos en determinadas situacións de emerxencia social, así como outras previstas no art. 11.5 da Ordenanza fiscal xeral, por remisión do artigo 43.5 da Ordenanza fiscal xeral.

CUARTO.- Efectos da falta de pagamento (artigo 54 RD 939/2005 polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación). Para solicitudes presentadas en período voluntario de ingreso, se iniciará o período executivo o día seguinte do vencemento do prazo incumprido, debendo iniciarse o procedemento de prema. Esixirase o ingreso do principal da débeda, xuros de mora deveñados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido e a recarga do período executivo sobre a suma de ambos conceptos.

Ao abeiro do artigo 43.8.b) da Ordenanza Fiscal Xeral denegaranse as solicitudes de fraccionamentos presentadas por contribuíntes que incumpran aprazamentos concedidos.

QUINTO.- Garantía. Non se esixe garantía por ser a débeda inferior a 6.000€, por aplicación do disposto no art. 44.1 da Ordenanza fiscal xeral.

SEXTO.- O pagamento das sucesivas fraccións deberá efectuarse mediante domiciliación bancaria nunha conta de titularidade do interesado, nos prazos e contía que de seguido se relacionan.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Conceder o fraccionamento solicitado nos prazos que a continuación se detallan.

Id. valor	Principal	Recarga	Xuros de mora	Custas X. fracc.	Importe	Vencemento	Cargo en cta.
Fracción 1 de 6	106,67	0,00	0,00	0,00	0,47	107,14	05/03/2019	05/03/2019
Fracción 2 de 6	106,67	0,00	0,00	0,00	0,80	107,47	05/04/2019	05/04/2019
Fracción 3 de 6	106,67	0,00	0,00	0,00	1,12	107,79	06/05/2019	06/05/2019
Fracción 4 de 6	106,67	0,00	0,00	0,00	1,35	108,02	05/06/2019	05/06/2019
Fracción 5 de 6	106,67	0,00	0,00	0,00	1,56	108,23	05/07/2019	05/07/2019
Fracción 6 de 6	106,65	0,00	0,00	0,00	1,84	108,49	05/08/2019	05/08/2019
Total:	640,00	0,00	0,00	0,00	7,14	647,14		

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:31:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:29:00)
Decreto Nº: 305/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Conta domiciliación:

NIF: ********	**Apelidos e nome:** **********
Emisora **********	

Segundo: Dispensar da achega de garantía, de acordo co artigo 44 da ordenanza fiscal xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Ames, por non alcanzar a débeda tributaria os 6.000,00 €.

Terceiro: Notificar a resolución ao interesado, xunto co réxime de recurso aplicable, e coa advertencia dos efectos que se producirán a falta de pagamento das fraccións, conforme ao artigo 54 do Real Decreto 939/2005.

Cuarto: Dar traslado da resolución a recadación, aos seus efectos.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:31:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:29:00)
Decreto Nº: 305/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: SUBSTITUCIÓN DE BATERÍAS DE SAI

EXPEDIENTE: 2018/G003/000320

ANTECEDENTES:

Dende o Departamento de Informática, dáse conta da necesidade da substitución das baterías do sistema de alimentación ininterrompida (SAI).

Por avaría grave nas baterías do sistema de alimentación ininterrompida e na placa de control é necesario substituír o SAI avariado por un novo, necesario para que en caso de falla no subministro eléctrico póidase ter alimentación para os servidores e protección contra picos de tensión. De non instalarse un novo poderían producirse cortes no servizo e danos no equipamento de servidores e comunicacións.

Dadas as particularidades que presenta o subministro, dende o Departamento de Informática considérase necesario proceder á contratación mediante contrato menor.

A duración do contrato será de 1 día, cumprindo así co artigo 29.8 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público de 8 de novembro (LCSP).

O importe do contrato ascende a 2.465,00 euros máis 517,65 de IVE, o que fai un importe total de 2.982,65 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

Consta no expediente proposición económica da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

Este contrato axústase as características do contrato menor, por tratarse dun subministro de carácter puntual que responde as necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os limites temporais e cuantitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **UFATEC**, con CIF B-70.388.574, a substitución das baterías do sistema de alimentación ininterrompida (SAI) por avaría, tal e como figura no presuposto número 29, de 28 de xaneiro de 2019 que figura no expediente.

Segundo.- O subministro e instalación, farase pola adxudicataria do contrato no tempo estipulado, non superando o previsto no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 2.465,00 euros máis 517,65 de IVE, o que fai un importe total de 2.982,65 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 926.62300 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ********** ******.

Quinto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:35:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:29:00)
Decreto Nº: 306/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ARQUIVO POR DESISTIMENTO. ******** **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000319

ANTECEDENTES:

1.- Con data do 11 de xaneiro do 2019 (r.e. 201900000000218) de decembro do 2018 (r.e. 201800100005776) **********, en representación de **********, con DNI ********* presenta reclamación de responsabilidade patrimonial na que pon de manifesto que con data do 24 de setembro de 2018, no parque infantil sito na Rúa Agro da Madalena, a carón da oficina de Correos, unha barreira de obra caeu enriba de ****** **********, filla de **********, e solicita indemnización polos danos e prexuízos causados.

2.- Mediante Decreto 68/2019, do 14 de xaneiro acordouse:

"*Primeiro. Requirir a ********** para que proceda á presentación da seguinte documentación:*

- Acreditación da representación

- Lesións producidas

- Avaliación económica dos danos

- Declaración xurada de que non segue ningunha outra reclamación civil, penal ou administrativa por estes feitos.

- Declaración xurada de que non foi nin vai ser indemnizado por ningunha outra entidade pública ou privada por estes feitos.

Segundo. Transcorridos dez días desde a recepción do presente requirimento sen ter emendado a súa reclamación, en aplicación do artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro , do procedemento administrativo común das administracións públicas, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 21 da mesma lei."

3.- Con data do 30 de xaneiro do 2019 (r.e. de 1 de febreiro do 2019, núm. 201900000000673) **********, avogado, en representación de ********** ******, presenta instancia na que manifesta.

"*Se aporta poder notarial de cliente a abogado; las lesiones producidas constan en la documentación médica adjuntada con la demanda inicial; la evaluación del daño deberá comprender el daño material y moral sufrido por madre e hija, se adjunta documental de la madre. Se hace declaración jurada de que no se sigue ningún procedimeinto penal ni civil sobre lo mismo, ni mi mandante fue ni será indemnizada por ninguna otra entidad pública o privada por estos hechos.*"

Lexislación Aplicable.

- Constitución Española de 27 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

C.I.F.: P - 1500200 - I

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:30:00)
Decreto Nº: 307/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns 15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

15, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

En relación coa reclamación de responsabilidade patrimonial presentada, cómpre sinalar, en primeiro lugar, que existe un defecto na presentación da reclamación, toda vez que o representante é avogado, polo que de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "se algún dos suxeitos aos que fai referencia o artigo 14.2 e 14.3 presenta a súa solicitude presencialmente, as administracións públicas requirirán ao interesado para que a subsane a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fora realizada a subsanación."

Pola súa banda, o artigo 14.2 c) establece que estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo "quen exerza unha actividade profesional pola que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que se realicen coas administracións públicas no exercicio de dita actividade profesional.

En consecuencia, calquera trámite que realice con esta administración polo avogado ******* ********** en representación de **********, no exercicio da súa actividade profesional deberá ser presentada por medios electrónicos.

Respecto do requirimento efectuado, debe entenderse que non foi suficientemente cumprido. En contestación ao mesmo, como consta nos antecedentes de feito, presentouse poder de representación ao avogado, e as declaracións xuradas solicitadas. Sen embargo, non se definen as lesións producidas, e as mesmas tampouco se poden deducir claramente da documentación aportada. Tampouco se realiza solicitude concreta de indemnización ou valoración económica dos danos presuntamente producidos.

Por conseguinte, vistos os antecedentes relatados, e dado que o reclamante non aportou, no prazo outorgado ao efecto, conforme aos artigos 21 e 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a documentación requirida ao obxecto de emendar aos defectos da súa solicitude, e resultando que foi advertido das consecuencias de non aportar dita documentación, compre declarar finalizado o procedemento por desistimento.

Polo exposto, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro. Declarar finalizado o procedemento de responsabilidade patrimonial iniciado a instancias de **********, en representación de **********, ao non ter cumprido o requirimento de subsanación de documentación realizado en forma por esta administración.

Segundo.- Notifíquese aos interesados con expresión dos recursos que procedan,

O alcalde — A secretaria

José M. Miñones Conde — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 17:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:30:00)
Decreto Nº: 307/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: (AES) CONCEDER A ********** UNHA AXUDA PARA A RECUPERACIÓN EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

EXPEDIENTE: 2019/G003/000317

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude de Axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social presentada por ********** con NIE. *********, o día 30/01/2019, rexistro de entrada 201900100000395 o informe social emitido polo equipo de valoración dos Servizos Sociais do Concello de Ames e a ordenanza reguladora da renda social de garantía mínima e das axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social do Concello de Ames (BOP 220, do 20/11/2017).

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Conceder unha Axuda para a recuperación en situacións de emerxencia social a ****** ********** **con NIE. *********,** polos seguintes conceptos:

Necesidades básicas (artigo 18.1), 339,98 euros durante seis meses, agás variación das circunstancias que motivaron esta resolución.

Uso e mantemento da vivenda (artigo 19), 320 euros durante tres meses para o pago do alugueiro.

1. A percepción desta axuda queda condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza reguladora da mesma.

2. Conforme ao establecido no artigo 13 (xustificación da renda de garantía mínima), a persoa beneficiaria deberá no prazo de dous meses posteriores a cada pagamento efectuado, acudir aos servizos sociais co fin de realizar o seguimento da axuda e así proceder aos seguintes pagamentos de ser o caso.

3. Conforme ao establecido no artigo 26 (xustificación das axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social), a persoa beneficiara xustificará por medio das correspondentes facturas e /ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso, mediante a documentación acreditativa do pagamento, dentro do prazo máximo de dous meses posteriores a cada pagamento.

4. As axudas concedidas poderán ser revisadas, suspendidas ou extinguidas no caso de existir indicios obxectivos de terse perdido, temporal ou definitivamente, os requisitos para a súa

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:01:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:30:00)
Decreto Nº: 308/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

concesión, ou para o suposto de incumprirse algunha das obrigas previstas nesta ordenanza e no resto da normativa de aplicación.

5. A ocultación ou falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.

6. Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento do proxecto de integración.

b) Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión ou obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ou o incumprimento das obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.

c) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:01:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:30:00)
Decreto Nº: 308/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: AXENDAS DE TRABALLO 2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/000322

ANTECEDENTES:

Dende Gabinete de Alcaldía dáse conta da necesidade da compra de axendas do 2019 para o persoal municipal.

Dadas as particularidades que presenta o subministro e a falta de medios que imposibilita que sexa prestado por persoal municipal, faise necesario proceder á contratación mediante contrato menor.

O importe máximo do contrato ascende a 1.087,50 euros máis 228,37 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 1.315,87 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

Consta no expediente presuposto da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

Este contrato axústase as características do contrato menor, por tratarse dun subministro de carácter puntual que responde as necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os limites temporais e cuantitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **Copinova Dixital SL**, con CIF B-15.908.163, a compra de axendas para o persoal municipal.

Segundo.- O prezo do contrato ascende a 1.087,50 euros máis 228,37 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 1.315,87 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 920.22699 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Terceiro.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a José M. Miñones Conde.

Cuarto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:05:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:31:00)
Decreto Nº: 309/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E A REAL ACADEMIA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "I MAPA SOCIOLINGÜÍSTICO ESCOLAR DO CONCELLO DE AMES 2019-2020"

EXPEDIENTE: 2018/G003/002727

ANTECEDENTES:

I. O Concello de Ames desenvolve numerosas actividades de Normalización Lingüística dirixidas á mocidade e á infancia, especialmente a través do programa "Apego" e en colaboración cos centros de ensino se primaria, secundaria e bacharelato. Para unha correcta planificación das intervencións, desde o Departamento de Normalización Lingüística considérase necesario coñecer e analizar polo miúdo a situación da lingua galega entre a infancia e a mocidade de Ames e, para tal fin, o Servizo de Normalización Lingüística precisa asesoramento especializado en planificación, co obxectivo de abordar unha intervención sociolingüística científica e eficaz nestes segmentos poboación, fundamentais no concello máis novo de Galicia.

II. A Real Academia Galega é, segundo os seus Estatutos, unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o "estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego". Segundo a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, un dos seus obxectivos é "Asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social"

III. O Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega desenvolve estudos específicos como son a elaboración de enquisas sociolingüísticas, a análise de usos, actitudes lingüísticas ou a medición de competencias lingüísticas e que este Seminario desenvolve na actualidade estudos sobre o papel da familia, das escolas e da contorna na transmisión da lingua na xeración posmilenarista.

IV. Non existen empresas privadas dedicadas aos estudos sociolingüísticos, xa que se trata de estudos puramente de investigación, que se abordan normalmente dende universidades e outras institucións académicas. Para o ámbito galego a institución de referencia nestes traballos é o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega.

V. O Concello de Ames non dispón de medios suficientes para abordar esta análise e entendemos que, tal como se indica nos puntos anteriores, a Real Academia Galega é a institución científica máis axeitada para executar a investigación e propoñer liñas de intervención no ámbito da infancia e da mocidade

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a sinatura da seguinte proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Ames e a Real Academia Galega para o desenvolvemento do proxecto "I Mapa sociolingüístico Escolar do Concello de Ames 2019-2020" .

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E A REAL ACADEMIA GALEGA

A Coruña, …… de ……..…..de 2018

REUNIDOS

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:05:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:32:00)
Decreto Nº: 310/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dunha parte, don José M. Miñones Conde, Alcalde-Presidente do Concello de Ames, con CIF P1500200I no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación do réxime local (art. 6.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e (art. 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
E doutra, don Víctor Fernández Freixanes, presidente da Real Academia Galega, con CIF Q1568003F e domicilio na rúa Tabernas número 11, 15001 – A Coruña, consonte as atribucións que lle confiren os Estatutos da Real Academia Galega, aprobados polo Real Decreto 271/2000, do 25 de febreiro e publicados no BOE do 31 de marzo de 2000 (suplemento número 5, edición en galego).
Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para se obrigaren neste Convenio e, a este efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO: *Que a Real Academia Galega é, segundo os seus Estatutos, unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o "estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego". Segundo a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, un dos seus obxectivos é "Asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social".*
Que o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega desenvolve estudos específicos como son a elaboración de enquisas sociolingüísticas, a análise de usos, actitudes lingüísticas ou a medición de competencias lingüísticas.
Que este Seminario desenvolve na actualidade estudos sobre o papel da familia, das escolas e da contorna na transmisión da lingua na xeración posmilenarista.

SEGUNDO: *Que a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece no artigo 6.3 que "os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns", e no artigo 25 dispón que "o Goberno galego e as Corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras".*

Que, segundo o Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia (xuño de 2018), elaborado pola Dirección Xeral da Administración Local e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, co obxectivo de aclarar calquera dúbida respecto da competencia das administracións locais en materia de normalización lingüística, tanto a Xunta de Galicia como as entidades locais de Galicia teñen atribuídas competencias en materia de normalización lingüística.
Que o Concello de Ames desenvolve numerosas actividades de normalización lingüística dirixidas á mocidade e á infancia, especialmente a través do programa "Apego".
Que o Concello de Ames entende necesario coñecer e analizar polo miúdo a situación da lingua galega entre a infancia e a mocidade amesá.
Que, a tal fin, precisa asesoramento especializado en planificación, co fin de abordar unha intervención sociolingüística científica e eficaz naquel segmento de poboación, fundamental no concello "máis novo de Galicia".
Que o Concello de Ames non dispón de medios suficientes para abordar esta análise e entende que a Real Academia Galega é a institución científica máis axeitada para executar a investigación e propoñer liñas de intervención.

TERCEIRO: *Que ambas as partes manifestan a vontade de establecer este CONVENIO DE COLABORACIÓN, de acordo coas seguintes*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA*: O obxecto deste Convenio é regular o marco de colaboración entre a Real Academia Galega e o Concello de Ames no proxecto denominado "I Mapa Sociolingüístico Escolar de Ames 2019-2020".*

SEGUNDA*: A Real Academia Galega comprométese a executar as seguintes actuacións correspondentes ao obxecto deste Convenio:*

VERSIÓN PARA DIGITAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:05:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:32:00)
Decreto Nº: 310/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1 Analizar os principais contextos de socialización da infancia e da mocidade: contexto familiar a través dos proxenitores, o eido da educación formal (profesorado dos centros educativos) e da educación informal (programas de conciliación da vida familiar e laboral, campamentos, actividades culturais e deportivas...), e no contexto dos iguais (prácticas lingüísticas dos infantes e mozos/as cos seus pares).
Nunha primeira fase, elaborar, administrar e analizar enquisas específicas dirixidas ao profesorado e as familias con infantes matriculados nas escolas infantís (0-6 anos) e en centros escolares de educación primaria de Ames (6-12 anos), tanto de titularidade pública coma privada.
Nunha segunda fase elaborar, administrar e analizar enquisas específicas dirixidas ao alumnado, profesorado de ensino secundario e bacharelato dos institutos amesáns (12-18 anos) e ás súas familias. Entregar ao Concello de Ames os informes correspondentes aos datos analizados e recomendar as posibles liñas de intervención.

2. Axustar as anteditas actuacións en dúas fases aos seguintes prazos:
Primeira fase: no mes de setembro de 2019 entregar un informe coa análise e propostas de intervención sobre os niveis de infantil e primaria; informe xeral da situación no Concello de Ames e informes individualizados por cada un dos centros escolares obxecto deste estudo.
Segunda fase: no mes de setembro de 2020 entregar un informe coa análise e propostas de intervención e datos en bruto sobre os niveis de secundaria e bacharelato; informe xeral da situación no Concello de Ames e informes individualizados por cada un dos centros escolares obxecto deste estudo.

3. A Real Academia Galega será titular da propiedade intelectual dos resultados derivados das actuacións obxecto deste Convenio coa obriga de facer constar a colaboración do Concello de Ames, que poderá difundir os datos en procesos de intervención sociolingüística acreditando debidamente a titularidade.

4. A Real Academia Galega comprométese a solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade, así como a respectar a Lei de protección de datos. Tamén se compromete a que todo o persoal dedicado a labores que impliquen o contacto habitual con menores cumpran os requisitos establecidos na lexislación de protección xurídica do menor.
En cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos (Regulamento UE 2016/679), as partes autorizan a incorporación aos ficheiros das entidades asinantes todos os datos persoais contidos neste Convenio para o exercicio das funcións propias de cada entidade relacionadas co obxecto do mesmo.

A parte que entrega os datos obrígase a informar de forma clara e inequívoca de todos estes extremos aos representantes, así como de que os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación contidos nestes ficheiros na sede do Concello de Ames e na sede da Real Academia Galega, nos enderezos citados no encabezamento, mediante o envío dunha carta que inclúa o seu nome e apelidos, petición en que se concreta a solicitude, enderezo a efectos de notificacións, data, sinatura e fotocopia do DNI ou outro documento válido que os identifique.

***TERCEIRA**: O Concello de Ames comprométese a asumir o 40% do custo de cada unha das fases mediante o pagamento á Real Academia Galega contra factura emitida por esta de acordo os seguintes importes (impostos non incluídos):*

PRIMEIRA FASE: ANO 2019 (infantil e primaria)	***TOTAL***
Coordinación, xestión e análise	*1.961,94 €*

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:05:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:32:00)
Decreto Nº: 310/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Persoal auxiliar	*3.201,07 €*
Material, desprazamentos e transcricións	*826,08 €*
Custes indirectos	*598,91 €*
TOTAL	***6.588,00 €***

SEGUNDA FASE: ANO 2020 (secundaria e bacharelato)	***TOTAL***
Coordinación, xestión e análise	*1.241,22 €*
Persoal auxiliar	*2.100,52 €*
Material, desprazamentos e transcricións	*477,39 €*
Custes indirectos	*572,87 €*
TOTAL	***4.392,00 €***

Para a execución da primeira fase do proxecto, no ano 2019, o Concello de Ames contribuirá, segundo o estipulado na cláusula terceira, co 40% do orzamento (2.635,20 € + 21% de IVE) e a Real Academia Galega asumirá o 60% restante (3.952,80 €).
Para a execución da segunda fase do proxecto, no ano 2020, o Concello de Ames contribuirá, segundo o estipulado na cláusula terceira, co 40% do orzamento (1.756,80 € + 21% de IVE) e a Real Academia Galega asumirá o 60% restante (2.635,20 €).
O Concello de Ames imputará estas achegas á partida xxxxxxxxxx (normalización lingüística) e realizará os pagamentos á Real Academia Galega unha vez recibidos e supervisados os informes e as facturas correspondentes e dentro dun prazo máximo de catro meses desde a presentación da documentación preceptiva.

***QUINTA**: O presente Convenio resolverase por incumprimento das estipulacións que o regulan e poderá ser modificado de mutuo acordo en calquera momento.*

SEXTA**: Constitúese unha comisión mixta paritaria integrada por don ******* ********, técnico en Sociolingüística, en representación da Real Academia Galega, e **** **********, técnica municipal de Normalización Lingüística, en representación do Concello de Ames.*
Corresponde a esta comisión coordinar e supervisar a execución deste Convenio, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a súa correcta realización.

***SÉTIMA**: O contido do Convenio ten carácter administrativo e non se derivarán en ningún caso, para o Concello de Ames, dereitos ou obrigas de carácter laboral. As cuestións litixiosas xurdidas verbo da interpretación, modificación, resolución e efectos deste Convenio, serán resoltas en primeira instancia pola comisión mixta paritaria. As que non poidan ser resoltas na comisión, someteranse á xurisdición contencioso administrativa.*

***OITAVA**: Este convenio comezará a producir os seus efectos a partir da data do seu asinamento e terá un prazo de vixencia de dous anos.*

En proba de avinza e conformidade asínase este convenio en exemplar duplicado no lugar e data anteditos.

Polo Concello de Ames — *Pola Real Academia Galega*

Asdo. José M. Miñones Conde — *Asdo. Víctor Fernández Freixanes"*

Segundo.- Asumir as implicacións que para o Concello de Ames supón a sinatura desta proposta de convenio.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:05:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:32:00)
Decreto Nº: 310/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Terceiro.- Aprobar os gastos correspondentes en cada anualidade na partida orzamentaria de Normalización Lingüística do Concello de Ames.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:05:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:32:00)
Decreto Nº: 310/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: **********. BAIXA Saf-Dp.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000306

ANTECEDENTES:

Visto o informe emitido polo equipo de valoración dos Servizos Sociais do Concello de Ames relativo a **********, con **DNI** *********, a normativa reguladora do servizo de axuda no fogar e as directrices do servizo de inspección,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

A **baixa** no *Servizo de Axuda no Fogar(modalidade de dependencia)*, sendo unha das causas ***o cambio de programa de atención ou o proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar (art 8-1.b). Con data de efectos do 31/1/2019, sendo este o último día de prestación do servizo.***

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:08:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:32:00)
Decreto Nº: 311/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: **********, SUSPENSIÓN Saf-dependencia

EXPEDIENTE: 2019/G003/000323

ANTECEDENTES:

Visto o informe emitido polo equipo de valoración dos Servizos Sociais do Concello de Ames, relativo a **********, con **DNI** *********, a normativa reguladora do servizo, e as directrices do servizo de inspección,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

A **suspensión temporal** do *Servizo de Axuda no Fogar (na modalidade de dependencia)*, **dende o 30/1/2019 a 5/2/2019, ambos inclusive.**

Para o reinicio do servizo a familia deberá acreditar que cesaron as circunstancias que motivan esta suspensión.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:08:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:33:00)
Decreto Nº: 312/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de AMES

Concello de AMES

DECRETO: Infrastructuras viarias de acceso e interiores do parque empresarial coa mellora do Vial de acceso ao Polígono do Milladoiro dende a estrada Ventín- Coira e paso elevado na Rúa Palmeiras

EXPEDIENTE: 2019/G003/000327

Vistas as convocatorias de subvención da "ORDE do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento IN519B). ". Publicada no DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2019, e de acordo coas propostas presentadas pola Concellaría de Promoción Económica,

RESOLVO:

Presentar a seguintes solicitude de subvención.

1.- "Mellora de infrastructuras viarias de acceso e interiores do parque empresarial coa mellora do Vial de acceso ao Polígono do Milladoiro dende a estrada Ventín- Coira e paso elevado na Rúa Palmeiras"

Importe da actuación 87.685,41 € Importe a solicitar: 70.148,32 € (80%)

Ames, 07 de febreiro de 2019

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:09:00) ,
Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 11:33:00)
Decreto Nº: 313/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: **APROBACIÓN DOS PROGRAMAS DE OBRAS E SERVIZOS DE INTERESE XERAL OU SOCIAL, PARA A PRESENTACIÓN Á CONVOCATORIA DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2018, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) E SE PROCEDE Á SUA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2019.**

EXPEDIENTE: 2019/G003/000344

ANTECEDENTES:

No ano 2018 o concello de Ames, acudiu a convocatoria RISGA 2018 cun proxecto de apoio á brigada de obras e servizos. É intención deste concello participar na actual convocatoria co obxectivo diversificar os ámbitos laborais nos que podan adquirir experiencia laboral as persoas beneficiarias da RISGA e colaborar así na implantación medidas para garantir o dereito das persoas máis vulnerables ao desenvolvemento dunha actividade profesional en condicións de igualdade, fomentando así a integración no mercado laboral dos colectivos máis afectados pola crise económica e favorecer así unha experiencia laboral en ámbitos da actividade económica xeradores de oportunidades laborais. A normativa de aplicación é a Orde do 12 de decembro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, DOG nº 2, do 3 de xaneiro de 2019.

Á vista do anteriormente exposto, para poder solicitar a axuda para o fomento do emprego a beneficiarios da RISGA 2019, esta alcaldía no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- **Aprobar a seguinte actuación de obra ou servizo** denominado:
- "SERVIZOS DE APOIO E COLABORACIÓN COS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS DE CULTURA, DEPORTES, P ECONOMICA E SERVIZOS BÁSICOS", co obxecto da contratación de 10 persoas desempregadas, cun orzamento total de 147. 672,73€.

SEGUNDO.- Para a execución deste programa, **apróbase a solicitude de subvención** á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación de 10 persoas desempregadas perceptoras da RISGA para os seguintes postos: dúas para peón de xardinería, tres auxiliares administrativas, dúas peón da construción, dúas para conserxes de instalacións deportivas e un peón en xeral, necesarias para a execución dos actuacións recollidas na memoria do servizo, por un período de 9 meses e ao 75% da xornada laboral. Sendo a parte subvencionable pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para as categorías laborais e o tempo de execución de 9 meses ao 75 % da xornada correspondentes de 144.105,12€ dun custe laboral total de 147.672,73€ incluídas as indemnizacións.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:29:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:15:00)
Decreto Nº: 314/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

TERCEIRO.- Manifestar a disposición de financiamento suficiente para as partidas orzamentarias que sexan financiadas polo Concello de Ames.

CUARTO.- Declarar que para estes proxectos non se solicitaron, nin en consecuencia, percibiron axudas para mesma finalidade, de calquera Administración pública ou entidades delas dependentes.

QUINTO.- Que o concello de Ames, non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SEXTO.- Que o concello de Ames cumpriu coa súa obriga de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas, de acordo co estipulado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións.

SÉTIMO.- Que o concello de Ames cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especificamente de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

OITAVO.- Que, en relación co establecido polo artigo 3.1 da orde de convocatoria, a entidade solicitante dispón de capacidade técnica e de xestión suficiente para a execución dos proxectos solicitados.

NOVENO.- Que as retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extras e as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia ao Convenio Colectivo do concello de Ames, publicado no DOG nº 121, do día 24 de xuño de 2005, e de acordo coa taboa de retribucións para o ano 2019, son as seguintes:

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZACIÓN SS	OCUPACIÓN	CNAE 2009 OCUPACIÓN (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO	% COTA PATRONAL SS	COTA PATRONAL ÁSS	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
2	10	peon xardinería	g	1107,58	34,7	384,33	1491,91	9	75	26854,38
3	7	auxiliar archivo	8411	1293,4	32,75	423,59	1716,99	9	75	46358,73
1	10	peon limpeza	g	1107,58	34,7	384,33	1491,91	9	75	13427,19
2	10	peon construción	d	1107,58	37,8	418,67	1526,25	9	75	27472,5
2	8	conserxe	h	1237	34,7	429,24	1666,24	9	75	29992,32
TOTAL SUBVENCIONABLE										144105,12

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:29:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:15:00)
Decreto Nº: 314/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O alcalde

José Manuel Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:29:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:15:00)

Decreto Nº: 314/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

DECRETO

CONVALIDACIÓN DE ACTO ADMINISTRATIVO. DECRETO 2665/2018
PROMOTOR: CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA SL
DIRECCIÓN: RÚA AGRELO. BERTAMIRÁNS. ORTOÑO
EXPEDIENTE 2019/G003/000326

FEITOS

1. Mediante Decreto de Alcaldía de 2665/2018, de 26 de novembro, se resolve:

PRIMEIRO.- INICIAR de oficio a caducidade da licenza outorgada a don ********** por acordo de Xunta de Goberno Local do concello de Ames en data de 27 de decembro de 2006, para construción de 16 vivendas, planta de soto para garaxes e rochos e baixo comercial, por incumprir o prazo máximo de remate das obras.

SEGUNDO.- INCOAR expediente de reposición da legalidade polo uso do garaxe sen título habilitante que o ampare, ordenando a inmediata cesación do uso e requirindo ao promotor o precintado de acceso ao garaxe en condicións de illamento que garantan a salubridade, seguridade e ornato; advertindo que o incumprimento desta orde habilitará a esta administración á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

TERCEIRO.- Notificar á Policía local a presente resolución aos efectos de vixilancia de cumprimento do disposto.

CUARTO.- Fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, concédese trámite de audiencia ao interesado por un prazo de 10 días hábiles contados a partir da notificación da presente resolución, para que poida presentar as alegacións e xustificacións que estime pertinentes.

Notifíquese a don ********** a presente resolución coa indicación de que fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, ao tratarse de actos de mero trámite, a oposición aos mesmos poderá alegarse polo interesado para a súa consideración na resolución que poña fin aos procedementos.

2. Fronte ao Decreto anterior D. ********** presenta alegacións en data de 20 de decembro de 2018 nas que se aduce:

- Nulidade por indefensión
- Falta de lexitimidade pasiva
- Forza maior estraña que impediu o remate das obras

3. Mediante Decreto de Alcaldía 297/2019 de data de 7 de febreiro de 2019 se resolve estimar parcialmente as alegacións, ordenando, entre outras, a subsanación de erros e convalidación do acto contido no Decreto de Alcaldía 2665/2018. Polo que no presente informe se procede á dar cumprimento do disposto no mesmo, e polo tanto

INFORMO:

1. Con data de 19 de outubro de 2018 se presenta denuncia cidadá advertindo da "*situación irregular da finca (ruá Agrelo nº4), edificio que actualmente se encuentra sin finalizar, con referencia catastral 8852711NH2485S0001RM. Dicha finca se encuentra en un total estado de abandono produciendo los siguientes daños al garaje (el cual está obligado a permitirle el paso de vehículos, existiendo una servidumbre): filtraciones de agua debido a que el foso de ascensores no finalizado se inunda, no existiendo bombas de achique o no funcionando las mismas, hongos y bacterias que están propagándose por alguna de las paredes del garaje a causa de dicha humedad; su luz está conectada a algún otro contador puesto que no cuentan con suministro propio. En el garaje de dicho edificio, y aunque está sin finalizar, aparcan varios vehículos*".

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:09:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:16:00)
Decreto Nº: 315/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2.- Con data de 01 de outubro de 2018 o arquitecto técnico municipal informa:

"I N F O R M A:

No proxecto presentado para licenza (nº35/2006, para 80 vivencias) figura como superficie de soto a de
2.500 m2 aproximadamente (documento de estado final) .
Las licenzas de primeira ocupación outorgadas en tres fases, recollen tamén como superficie de sotos a mesma superficie de 2.500 m2 aproximadamente,
Licenza primeira ocupación 1ªFase, para 36 vivencias, sotos e baixos, do 13 de maio do 2009.
Licenza primeira ocupación 2ªFase, para 28 vivencias, sotos e baixos, do 16 de febreiro do 2011.
Licenza primeira ocupación 1ªFase, para 16 vivencias, sotos e baixos, do 23 de marzo do 2011 .

REFERENCIA CATASTRAL: 8852713NH2485S.

(Imaxe)

A licenza correspondente ao bloque que completa a peza (388/06), de 16 vivencias, non canta con licenza de primeira ocupación, e polo tanto os garaxes da súa planta de soto non están amparados con licenza para o seu funcionamento (parcela que na ficha do catastro anterior figura cos números 11 e 12). Mailo anterior se se pretendera o seu uso, requiriría a presentación do proxecto técnico correspondente que garantira o correcto funcionamento do mesmo, e que todo o soto contara coas medidas de seguridade necesarias e suficientes para elo, entendéndoo como anexo e ampliación do existente e licenciado.

Tal e como consta na licenza de vao concedida, o número do prazas de aparcamento é de 87 unidades, non incluíndo as da licenza 388/2006, que serían outras 20 prazas mais, o cal modificaría a licenza.

(Imaxes)

O uso de outras superficies de soto alleas á superficie licenciada e con primeira ocupación, axúntanse plano do proxecto e imaxe disto, que é coincidente coa superficie do soto para garaxes, non conta con autorización para elo, non podendo ser utilizadas, agás coa obtención da necesaria licenza de uso, e modificación da do vao, e mediante a tramitación dos correspondentes expedientes."

3.- A licenza 388/2006 foi outorgada en data de 27 de decembro de 2006, por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Ames. Na licencia de obras se supeditaba a licenza ao cumprimento das seguintes condicións, entre outras:

- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de TRES MESES e o de terminación de TRINTA E SEIS MESES, dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A) Respecto ao uso de garaxe non amparado en título habilitante:

I. De acordo co artigo 152.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen se axustar ás condicións sinaladas nel, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ao interesado.

Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de subministracións ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata acadar o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sexa conveniente a prol da efectividade da suspensión.

Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:09:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:16:00)
Decreto Nº: 315/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Se as obras non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición e, de ser o caso, a reconstrución do indebidamente demolido, á custa do interesado. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles.

- Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar.

- Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado.

Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrución do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

II.- No mesmo sentido se pronuncia o artigo 376 del Regulamento da Lei do solo de Galicia (Decreto 143/2016 de 22 de setembro).

B) Respecto ao transcurso do prazo outorgado na licenza para o remate das obras:

I.- De acordo co artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e do artigo 359.5 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, do Regulamento da Lei do solo de Galicia, a caducidade de licenzas será declarada pola Administración municipal tras o procedemento con audiencia ao interesado.

II.- O procedemento de declaración de caducidade iniciarase de oficio polo concello que outorgou a licenza. O órgano competente para resolver pode adoptar medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento dos actos de uso do solo ou do subsolo autorizados pola licenza, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

No procedemento darase audiencia á persoa titular da licenza. A resolución será motivada e notificarase nos termos previstos pola lexislación do procedemento administrativo común no prazo máximo de seis meses desde a notificación da iniciación do procedemento, transcorrido o cal este caducará e deberán arquivarse as actuacións, de oficio o por solicitude da persoa interesada, quedando sen efecto as medidas provisionais que se tivesen adoptado.

III.- O procedemento será arquivado no caso de que se xustifique a irregularidade que motivou a súa iniciación, e se proceda de inmediato a iniciar ou rematar as obras en prazo razoable a xuízo do órgano competente, agás que se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento.

IV.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén unha nova

VERSIÓN TEXTO PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:09:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:16:00)
Decreto Nº: 315/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Mentres non sexa outorgada, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, logo de autorización ou orde de execución por parte do concello.

CONCLUSIÓNS

Visto que as obras están sen rematar e non existe título habilitante que ampare o uso do garaxe, consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ROF, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- INICIAR de oficio expediente de caducidade da licenza 388/2006, outorgada a CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L por acordo de Xunta de Goberno Local do concello de Ames en data de 27 de decembro de 2006, para construción de 16 vivendas, planta de soto para garaxes e rochos e baixo comercial, por incumprir o prazo máximo de remate das obras.

SEGUNDO.- INCOAR expediente de reposición da legalidade polo uso do garaxe da construción realizada ao amparo da mesma licenza sen haber obtido título habilitante que o ampare, ordenando a inmediata cesación do uso e requirindo ao promotor o precintado de acceso ao garaxe en condicións de illamento que garantan a salubridade, seguridade e ornato.

TERCEIRO.- Notificar á Policía local a presente resolución aos efectos de vixilancia de cumprimento do disposto.

CUARTO.- Fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, concédese trámite de audiencia ao interesado por un prazo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da presente resolución, para que poida presentar as alegacións e xustificacións que estime pertinentes.

O presente acto convalida o acto administrativo contido no Decreto de Alcaldía 2665/2018.

Notifíquese aos interesados a presente resolución coa indicación de que fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, por tratarse de actos de mero trámite, a oposición aos mesmos poderá alegarse polo interesado para a súa consideración na resolución que poña fin aos procedementos.

O ALCALDE	A SECRETARIA
José M. Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:09:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:16:00)
Decreto Nº: 315/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de AMES

Folio N°:577

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO CORRIXIDO DAS OBRAS DE "VESTIARIOS BAIXO GRADAS CUBERTAS. CAMPO DE FÚTBOL DE MILLADOIRO"

EXPEDIENTE: 2019/G003/000330

ANTECEDENTES:

O pleno deste Concello, en sesión que tivo lugar o día 18 de decembro de 2018, acordou formalizar e solicitar ante a Excma. Deputación Provincial a participación no plan de obras e servizos de competencia municipal (POS) correspondente á anualidade 2019. Na devandita sesión acordouse incluír no devandito plan (concretamente no préstamo provincial 2018) unha serie de obras entre as que figuraba a denominada **"Vestiarios baixo gradas cubertas. Campo de fútbol de Milladoiro"** cun importe de execución por contrata de 81.743,12.- euros, cuxo proxecto técnico foi redactado polo arquitecto D. ********** do estudo de arquitectura Salgado e Liñares, SLP.

Unha vez que a través da plataforma subtel da Deputación de A Coruña se formalizou a petición de participación no devandito plan, remitindo a documentación precisa, entre a que se inclúe o proxecto técnico da devandita obra, por este organismo trasladase a este Concello un requirimento no que en relación co proxecto técnico presentado indican que se deben subsanar algunhas cuestións de carácter eminentemente técnico, como acotacións de planos, cadros de prezos de man de obra, retirada de marcas comerciais, etc., pero cuestións todas elas de índole eminentemente técnico que non afectan a cuestións fundamentais da obra.

Á vista do anteriormente exposto, e considerando que as deficiencias das que adoece o proxecto son cuestións técnicas menores de índole formal, que non teñen transcendencia algunha no deseño da obra, nin nas funcionalidades da mesma, nin variación no importe de execución, sendo xa presentado un novo proxecto no que se corrixiron estas deficiencias, emendando así os defectos advertidos polo organismo provincial, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico corrixido das obras de "**Vestiarios baixo gradas cubertas. Campo de fútbol de Milladoiro",** no que se subsanaron os defectos e erros indicados pola Deputación Provincial.

Segundo.- Dar conta desta resolución, tal e como se solicita pola Deputación de A Coruña, a través da plataforma SUBTEL presentando o novo proxecto corrixido, así como esta resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA FORMAL DE TRANSPARENCIA

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:11:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:17:00)
Decreto Nº: 316/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA ESCOLA DEPORTIVA DE VOLEIBOL.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000332

ANTECEDENTES:

Dende o Departamento de Deportes, dáse conta da necesidade da compra de diverso material para a Escola Deportiva de Voleibol.

O material consiste en balóns, rede oficial, antenas para rede oficial e bandas correctoras para rede, polo que faise necesario proceder á contratación mediante contrato menor.

O importe do contrato ascende a 903,30 euros máis 189,70 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 1.093,00 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

Consta no expediente proposición económica da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

Este contrato axústase as características do contrato menor, por tratarse dun subministro de carácter puntual que responde as necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os limites temporais e cuantitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **Amesport 2011 SLU**, con CIF B-70300777, a compra de diverso material para a Escola Deportiva de Voleibol.

Segundo.- O subministro, farase pola adxudicataria do contrato no tempo estipulado, non superando o previsto no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 903,30 euros máis 189,70 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 1.093,00 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 342.62500 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ******* **********.

Quinto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:14:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:18:00)
Decreto Nº: 317/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA ESCOLA DEPORTIVA DE XADREZ.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000328

ANTECEDENTES:

Dende o Departamento de Deportes, dáse conta da necesidade da compra de diverso material para a Escola Deportiva de Xadrez.

O material consiste en taboleiros e xogo de pezas Stauton e xogo de pezas para taboleiro mural, polo que faise necesario proceder á contratación mediante contrato menor.

O importe do contrato ascende a 407,62 euros máis 85,60 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 493,22 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

Consta no expediente proposición económica da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

Este contrato axústase as características do contrato menor, por tratarse dun subministro de carácter puntual que responde as necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os limites temporais e cuantitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **********, con NIF **********, a compra de diverso material para a Escola Deportiva de Xadrez.

Segundo.- O subministro, farase pola adxudicataria do contrato no tempo estipulado, non superando o previsto no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 407,62 euros máis 85,60 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 493,22 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 342.62500 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ******* **********.

Quinto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:14:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:18:00)
Decreto Nº: 318/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA ESCOLA DEPORTIVA DE FÚTBOL SALA.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000333

ANTECEDENTES:

Dende o Departamento de Deportes, dáse conta da necesidade da compra de diverso material para a Escola Deportiva de Fútbol Sala.

O material consiste en balóns de fútbol sala, polo que faise necesario proceder á contratación mediante contrato menor.

O importe do contrato ascende a 131,40 euros máis 27,60 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 159,00 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

Consta no expediente proposición económica da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

Este contrato axústase as características do contrato menor, por tratarse dun subministro de carácter puntual que responde as necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os limites temporais e cuantitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **Amesport 2011 SLU**, con CIF B-70300777, a compra de diverso material para a Escola Deportiva de Fútbol Sala.

Segundo.- O subministro, farase pola adxudicataria do contrato no tempo estipulado, non superando o previsto no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 131,40 euros máis 27,60 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 159,00 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 342.62500 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ******* **********.

Quinto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:14:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:19:00)
Decreto Nº: 319/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: EXECUTORIA DEFINITIVA 5/2019,PROCEDEMENTO ABREVIADO 102/2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/000334

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 5 de febreiro de 2019 tivo entrada no rexistro xeral do concello oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, polo que de conformidade co acordado na execución definitiva 5/2019, derivada do procedemento abreviado 102/2017, seguido a instancias de ********** e **********, acórdase requirir ao concello a fin de que abone aos executantes o importe de 373,11 euros en concepto de costas do procedemento antes indicado, mais outros 100 euros que se estiman para xuros e costas da execución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- De conformidade co establecido no artigo 118 da Constitución Española, nos artigos 17 e 18 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, e 103, seguintes e concordantes da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, é obriga de todas as administracións públicas, autoridades e funcionarios, corporacións, entidades públicas e privadas e particulares o respectar e cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que ganaran firmeza ou que foran executables de acordo cas leis

II.- Vistos os preceptos citados, e ao teor da resolución xudicial indicada, procede efectuar o pago requirido polo xulgado.

Por todo o exposto o alcalde, no exercicio das facultades atribuídas polo art. 21 LRBRL

RESOLVE:

Primeiro.- Que polos servizos económicos do Concello se proceda a realizar as xestións pertinentes para facer efectivo o pago ordenado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela na execución definitiva 5/2019, por importe de 373,11 euros en concepto de costas e outros 100 euros estimados para xuros e costas da execución, a favor de ********** e **********, procedemento abreviado 102/2019.

Ames, 8 febreiro de 2019.

O alcalde — A secretaria

José M. Miñones Conde. — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

C.I.F.: P – 1500200 – I

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:16:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:20:00)
Decreto Nº: 320/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATO MENOR PARA A REPRESENTACIÓN DO ESPECTÁCULO O MAGO DE OZ A CARGO DA COMPAÑÍA AVENTO PRODUCIÓNS TEATRAIS (AGADIC 1º SEMESTRE)

EXPEDIENTE: 2019/G003/000335

ANTECEDENTES:

Con data 2 de xaneiro de 2019 asínase o convenio de adhesión a Rede Galega de Teatros e Auditorios entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Ames para o desenvolvemento de actuacións dentro do primeiro semestre do 2019.

A Concellaría de Educación e Cultura emite informe proposta acerca das actuacións encadradas dentro do Convenio de adhesión a Rede Galega de Teatros e Auditorio para o primeiro semestre do 2019.

A Intervención Municipal emite conformidade acerca da existencia de crédito para a realización do gasto correspondente ás actuacións previstas a desenvolver en Ames dentro do Convenio de adhesión coa Rede Galega de Teatros e Auditorio para o primeiro semestre do 2019.

O vindeiro 15 de febreiro de 2019 desenvolverase a actuación "O Mago de Oz" a cargo da compañía Avento Producións Teatrais, da cal é representante ********** tal e como figura na proposta económica asinada por este.

O contrato, terá a consideración de carácter privado, formalizándose en base ao establecido no artigo 25.1.a)1º, da LCSP.

O importe total do contrato ascende a 1.983,47 € máis 416,53 € de IVE do 21%, o que fai un importe total de 2.400,00 €, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

O contrato non supera a duración máxima para os contratos menores establecida no artigo 29.8 da LCSP.

Ao amparo do 118.3 da LCSP, neste expediente non se atopa alterado o obxecto do contrato, e o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra do artigo 118.1 da LCSP para os contratos menores de servizos.

A pesar de non ser necesaria a súa formalización en documento administrativo (art. 118 da LCSP), a transcendencia do seu obxecto si aconsella que as condicións do mesmo sexan recollidas por escrito.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **********************************,** con NIF **********, a representación do espectáculo *O Mago de Oz*, a cargo da compañía Avento Producións Teatrais, que terá lugar o día 15 de febreiro de 2019, enmarcada a representación dentro do Convenio de adhesión da **Rede Galega de Teatros e Auditorios, 1º semestre 2019 (AGADIC).**

A prestación do servizo desenvolverase sempre atendendo ao disposto polo Responsable do contrato.

Segundo.- O servizo efectuarase o 15 de febreiro de 2019, non superando a duración máxima establecida no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O importe total do contrato ascende a 1.983,47 € máis 416,53 € de IVE do 21%, o que fai un importe total de 2.400,00 €, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP, con cargo a aplicación orzamentaria 3341.22613 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:16:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:25:00)
Decreto Nº: 321/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ******* **********.

Quinto.-Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:16:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 13:25:00)
Decreto Nº: 321/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2019. APROBACIÓN LIQUIDACIÓN MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA SERRA DO BARBANZA. NOVEMBRO 2018

EXPEDIENTE: 2019/G003/000275

ANTECEDENTES:

Vista a liquidación remitida pola Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza pola prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos no Concello de Ames do mes de NOVEMBRO de 2018.

Visto o intervido e conforme da Intervención municipal.

Visto o indicado en anteriores decretos de aprobación deste tipo de documentos, ao respecto da conveniencia de non diferir o recoñecemento das obrigas ca Mancomunidade ate o momento en que exista acordo ao respecto das contías pendentes de abonamento e a súa aprobación polo Pleno da Corporación en base ao acordo de data de 20.09.2017 adoptado pola Mancomunidade e que responde a unha sentenza coa empresa concesionaria, e permitir así o reflexo contable e orzamentario dun gasto no que o Concello ven incorrendo de xeito efectivo:

> *"Co fin último de que a contabilidade municipal reflicta en cada momento a realidade económica do Concello, cómpre rexistrar a existencia desta débeda, se prexuízo de que, como se dixo, non exista aínda un acordo definitivo ao respecto do seu importe exacto. Conséguese con elo respectar o principio de anualidade, toda vez que o gasto ten sido efectivamente realizado, en execución dun contrato vixente. Conséguese tamén con elo que as magnitudes derivadas da liquidación do orzamento, como o resultado orzamentario e o remanente de tesouraría, respondan á situación real do Concello, de feito que cumpran a finalidade asignada pola normativa contable.*
>
> *Procedería por todo recoñecer unha débeda ca Mancomunidade Serra do Barbanza por un importe similar ao da liquidación remitida por esta ao Concello, sen prexuízo de deixar expresa constancia da non existencia de acordo por parte deste Concello co xeito en que foi determinado o seu importe"* –e moi en especial polo que se refire ao denominado coeficiente de paso- *"dando traslado da Mancomunidade de tal circunstancia, xunto co resto do acordo, e de feito que a fixación da contía concreta a que deba ascender a débeda do Concello ca Mancomunidade polo período liquidado quede postergada ao resultado das reunións que a tal efecto manteñan ambas entidades".*

A prestación documentada na liquidación que toma parte deste decreto foi efectuada no exercicio anterior. A súa aprobación contra os créditos do orzamento deste ano implica unha alteración do principio de anualidade, que fai preciso o emprego dunha figura específica, como é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Segundo a base de execución do orzamento nº 22, e de acordo co previsto no artigo 176 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, así como nos artigos 26 e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, o recoñecemento extraxudicial é un procedemento que ten por obxecto dar amparo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:16:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:12:00)
Decreto Nº: 322/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

orzamentario a gastos efectuados en exercicios anteriores.

Con carácter xeral, o recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ao Pleno; non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en relación co 26.2.c) da mesma norma, a través da referida base de execución tense delegado na Alcaldía o acto material da aprobación do recoñecemento cando quede acreditada no expediente a existencia de crédito para a realización dos gastos, no momento en que aqueles foran efectuados. Enténdese así mesmo de competencia da alcaldía os recoñecementos extraxudiciais de gastos correntes e de carácter habitual efectuados no último tramo do ano, respecto dos que as facturas adoitan ser presentadas nun exercicio seguinte.

O gasto incluído neste decreto atópase nas situacións descritas no parágrafo anterior.

Por todo o exposto, e en uso das atribucións conferidas polos artigos:

- 185.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, polo que se refire á resolución dos efectos derivados do reparo formulado pola intervención.
- 22 das bases de execución do orzamento, e 21.1.f) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- 186 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, polo que se refire á ordenación dos pagos.

RESOLVO:

Primeiro.- Recoñecer extraxudicialmente, polas razóns expostas, a existencia dunha débeda coa Mancomunidade de Municipios Serra do Barbanza polos importes e conceptos que a continuación se indican, derivados da prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos nos períodos sinalados en cada caso, e sen que elo represente a aprobación da liquidación remitida ao Concello pola Mancomunidade, nin polo tanto a conformidade coa mesma, nin co xeito en que foi determinado o seu importe, quedando postergado o recoñecemento definitivo da débeda ao que se acorde entre o Concello e a Mancomunidade de Municipios da Serra do Barbanza:

Período	Referencia	Importe
Novembro 2018	LA/12.18	99.676,91 €

Segundo.- Polo tanto as contías abonadas terán o carácter de pagamentos a conta da contía que finalmente resulte.

As diferenzas que xurdan entre as contías e períodos indicados na táboa anterior e as que finalmente acorden o Concello e a Mancomunidade, serán obxecto das oportunas correccións no exercicio en que se adopte tal acordo.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:16:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:12:00)
Decreto Nº: 322/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: ORDE DE EXECUCIÓN POR MOTIVOS DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO
REFERENCIA CATASTRAL: 0245421NH3404N0001WQ
EXPEDIENTE 2019/G003/000336

FEITOS

1.- Xirada visita de inspección pola Policía Local á parcela con referencia catastral 0245421NH3404N0001WQ, sita no lugar de Maguxe, parroquia de Ortoño, constatouse a existencia de abundante maleza e arborado, non gardando as condicións de salubridade, seguridade e ornato público esixibles segundo a normativa de aplicación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. O artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), dispón que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Emprender a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística.

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento.

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

II. No mesmo senso se pronuncia o artigo 332 do Regulamento da Lei 2/2016, LSG.

III. O artigo 136.1.a) da Lei 2/2016 outórgalle aos concellos a competencia para ditar ordenes de execución que obriguen aos propietarios a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento ao establecido no artigo 135.

IV. O artigo 335 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, de Regulamento da LSG establece o procedemento para ditar ordenes de execución:

1. Con carácter previo á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

2. Antes de ditar unha orde de execución deberase emitir un informe técnico e xurídico polos servizos municipais e dar audiencia aos interesados.

3. Non se poderá ditar orde de execución sen a autorización previa que resulte preceptiva por razón dos réximes especiais de protección, vinculación ou servidumes legais que afecten o terreo ou inmoble de que se trate, agás no caso das medidas excepcionais de protección necesarias cando exista perigo inmediato de que se poidan producir danos ás persoas ou perigo inminente de derrubamento da edificación.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses desde o acordo da súa iniciación de oficio ou, no caso de iniciarse por solicitude de persoa interesada, desde a recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente. Nos procedementos tramitados por solicitude de persoa interesada, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa lexitima o interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.

5. A emisión das ordes de execución non exime da obriga de obter o título habilitante municipal que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver.

V.- Para facer efectiva a referida obriga, tanto o artigo 136 da Lei 2/2016 coma o artigo 333 do Regulamento da Lei do Solo, establecen que os concellos ordenarán, de oficio ou por instancia de calquera interesado,

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:12:00)
Decreto Nº: 323/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización.

VI. No caso de incumprimento da orde de execución a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente ata lograr a execución do ordenado.

O órgano competente para ordenar a execución das obras necesarias para conservar os terreos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público é a Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 21.1 m) da Lei de Bases do Réxime Local.

VII. A Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 21.ter que en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23.

O artigo 21 establece:

1. Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de fajas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables conforme ao artigo 21 ter xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros:

a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

b) Ao redor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

2. Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Na disposición adicional terceira as especies arbóreas que se contemplan son as seguintes:

Especie	Nome común
Pinus pinaster.	Pino gallego.
	Pino do país.
Pinus sylvestris.	Pino silvestre.
Pinus radiata.	Pino de Monterrey.
Pseudotsuga menziesii.	Pino de Oregón.
Acacia dealbata.	Mimosa.
Acacia melanoxylum.	Acacia negra.
Eucalyptus spp.	Eucalipto.
Calluna vulgaris.	Brecina.
Chamaespartium tridentatum.	Carquesa.
Cytisus spp.	Retama.
Erica spp.	Brezo.
Genista spp.	Retama, Piorno.
Pteridium aquilinum.	Helecho.
Rubus spp.	Silva.
Ulex europaeus.	Toxo.

Os 50 metros mediranse desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no apartado anterior en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa en caso de tratarse de árbores singulares, ou aqueles que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illados e non supuxesen un risco para a propagación de incendios forestais.

O artigo 7 da mesma Lei establece a competencia do municipio, entre outras, para:

d) Ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 e 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia – na actualidade Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:12:00)
Decreto Nº: 323/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

solo de Galicia - e de forma máis concreta a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 da presente lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 da presente Lei, con arranxo ao establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.

e) Xestionar as redes secundarias de fajas de xestión da biomasa e as fajas laterais das redes viarias da súa titularidade, nos termos da presente Lei.

CONCLUSIÓNS

Un dos deberes dos propietarios de terreos é o de destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística e conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, as de seguridade. Neste caso as referidas parcelas teñen a clasificación de solo de núcleo rural disperso segundo o establecido no PXOM de Ames, cuxo uso principal e o residencia unifamiliar ou pareado. As fincas sitúanse a menos de 50 metros de edificacións con carácter residencial e a menos de 400 metros de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

Entre as obrigas de seguridade está a de o mantemento do terreo nas condicións adecuadas para previr a aparición ou propagación do lume, co conseguinte perigo para as vivendas habitadas nesa zona. Polo tanto, procede incoar orde de execución a dona **********, na súa calidade de propietaria do terreo, para limpeza de maleza (silvas, plantas arbustivas, herbáceas) e a tala as especies arbóreas indicadas na Disposición Adicional 3ª da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, nunha franxa de 50 metros medida dende o paramento das edificacións máis próximas e as súas instalacións anexas.

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no apartado anterior en caso de tratarse de árbores singulares, ou aqueles que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illados e non supuxesen un risco para a propagación de incendios forestais.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de orde de execución por motivos de seguridade, salubridade e ornato público a dona **********, na súa condición de propietaria da parcela con referencia catastral 0245421NH3404N0001WQ sita en Maguxe, parroquia de Ortoño, pola existencia de abundante maleza e arborado incumprimento da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Segundo.- Conceder TRÁMITE DE AUDIENCIA á parte interesada no expediente, polo prazo de 10 días hábiles contados a partir da notificación da presente resolución, co fin de que poida presentar as alegacións e xustificacións que estime pertinentes.

Terceiro.- Logo do trámite de audiencia e a resultas deste, ditarase, de ser procedente, orde de execución na que se fixarán os traballos a realizar e o prazo para dar cumprimento ao ordenado.

Contra esta resolución non procede recurso algún, por tratarse dun mero acto de trámite, sen prexuízo de que poida interpoñer o que se estime procedente.

O ALCALDE	A SECRETARIA
José M. Miñones Conde	Rosa Ana prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:12:00)
Decreto Nº: 323/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: ORDE DE EXECUCIÓN POR MOTIVOS DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO
REFERENCIA CATASTRAL: 0529301NH3402N0001TD
EXPEDIENTE 2019/G003/000337

FEITOS

1.- Xirada visita de inspección pola Policía Local á parcela con referencia catastral 0529301NH3402N0001TD, sita no lugar de Eirapedriña, parroquia de Bugallido, constatouse a existencia de abundante maleza, non gardando as condicións de salubridade, seguridade e ornato público esixibles segundo a normativa de aplicación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. O artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), dispón que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Emprender a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística.

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento.

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

II. No mesmo senso se pronuncia o artigo 332 do Regulamento da Lei 2/2016, LSG.

III. O artigo 136.1.a) da Lei 2/2016 outórgalle aos concellos a competencia para ditar ordenes de execución que obriguen aos propietarios a realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento ao establecido no artigo 135.

IV. O artigo 335 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, de Regulamento da LSG establece o procedemento para ditar ordenes de execución:

1. Con carácter previo á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

2. Antes de ditar unha orde de execución deberase emitir un informe técnico e xurídico polos servizos municipais e dar audiencia aos interesados.

3. Non se poderá ditar orde de execución sen a autorización previa que resulte preceptiva por razón dos réximes especiais de protección, vinculación ou servidumes legais que afecten o terreo ou inmoble de que se trate, agás no caso das medidas excepcionais de protección necesarias cando exista perigo inmediato de que se poidan producir danos ás persoas ou perigo inminente de derrubamento da edificación.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses desde o acordo da súa iniciación de oficio ou, no caso de iniciarse por solicitude de persoa interesada, desde a recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente. Nos procedementos tramitados por solicitude de persoa interesada, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa lexitima o interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.

5. A emisión das ordes de execución non exime da obriga de obter o título habilitante municipal que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver.

V.- Para facer efectiva a referida obriga, tanto o artigo 136 da Lei 2/2016 coma o artigo 333 do Regulamento da Lei do Solo, establecen que os concellos ordenarán, de oficio ou por instancia de calquera interesado,

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 324/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización.

VI. No caso de incumprimento da orde de execución a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente ata lograr a execución do ordenado.

O órgano competente para ordenar a execución das obras necesarias para conservar os terreos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público é a Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 21.1 m) da Lei de Bases do Réxime Local.

VII. A Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia establece no seu artigo 21.ter que en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23.

O artigo 21 establece:

1. Nos espazos previamente definidos como redes secundarias de fajas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables conforme ao artigo 21 ter xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros:

a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

b) Ao redor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Ao redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

2. Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Na disposición adicional terceira as especies arbóreas que se contemplan son as seguintes:

Especie	Nome común
Pinus pinaster.	Pino gallego.
	Pino do país.
Pinus sylvestris.	Pino silvestre.
Pinus radiata.	Pino de Monterrey.
Pseudotsuga menziesii.	Pino de Oregón.
Acacia dealbata.	Mimosa.
Acacia melanoxylum.	Acacia negra.
Eucalyptus spp.	Eucalipto.
Calluna vulgaris.	Brecina.
Chamaespartium tridentatum.	Carquesa.
Cytisus spp.	Retama.
Erica spp.	Brezo.
Genista spp.	Retama, Piorno.
Pteridium aquilinum.	Helecho.
Rubus spp.	Silva.
Ulex europaeus.	Toxo.

Os 50 metros mediranse desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no apartado anterior en calquera clase de terreos incluídos nas redes primarias e secundarias de xestión de biomasa en caso de tratarse de árbores singulares, ou aqueles que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illados e non supuxesen un risco para a propagación de incendios forestais.

O artigo 7 da mesma Lei establece a competencia do municipio, entre outras, para:

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 324/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

d) Ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 e 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia – na actualidade Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia - e de forma máis concreta a ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 da presente lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 da presente Lei, con arranxo ao establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.

e) Xestionar as redes secundarias de fajas de xestión da biomasa e as fajas laterais das redes viarias da súa titularidade, nos termos da presente Lei.

CONCLUSIÓNS

Un dos deberes dos propietarios de terreos é o de destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística e conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, as de seguridade. Neste caso as referidas parcelas teñen a clasificación de solo de núcleo rural disperso segundo o establecido no PXOM de Ames, cuxo uso principal e o residencia unifamiliar ou pareado. As fincas sitúanse a menos de 50 metros de edificacións con carácter residencial e a menos de 400 metros de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

Entre as obrigas de seguridade está a de o mantemento do terreo nas condicións adecuadas para previr a aparición ou propagación do lume, co conseguinte perigo para as vivendas habitadas nesa zona. Polo tanto, procede incoar orde de execución a dona **********, na súa calidade de propietaria do terreo, para limpeza de maleza (silvas, plantas arbustivas, herbáceas) e a tala as especies arbóreas indicadas na Disposición Adicional 3ª da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, nunha franxa de 50 metros medida dende o paramento das edificacións máis próximas e as súas instalacións anexas.

En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no apartado anterior en caso de tratarse de árbores singulares, ou aqueles que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illados e non supuxesen un risco para a propagación de incendios forestais.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de orde de execución por motivos de seguridade, salubridade e ornato público a dona **********, na súa condición de propietaria da parcela con referencia catastral 0529301NH3402N0001TD sita en Eirapedriña, parroquia de Bugallido, pola existencia de abundante maleza e incumprimento da Lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Segundo.- Conceder TRÁMITE DE AUDIENCIA á parte interesada no expediente, polo prazo de 10 días hábiles contados a partir da notificación da presente resolución, co fin de que poida presentar as alegacións e xustificacións que estime pertinentes.

Terceiro.- Logo do trámite de audiencia e a resultas deste, ditarase, de ser procedente, orde de execución na que se fixarán os traballos a realizar e o prazo para dar cumprimento ao ordenado.

Contra esta resolución non procede recurso algún, por tratarse dun mero acto de trámite, sen prexuízo de que poida interpoñer o que se estime procedente.

O ALCALDE

José M. Miñones Conde

A SECRETARIA

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 324/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA, XANEIRO 2019.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000292

ANTECEDENTES:

Á vista o padrón da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar, dependencia, correspondente ao mes de xaneiro de 2019, incorpora un total de 78 usuarios, o importe do cal ascende á cantidade de SEIS MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS DE EURO (6.333,87€); consta de 4 páxinas, se inicia por **********, ******* e remata por **********, ********.

Á vista do informe da Tesouraría.

Á vista das Bases de Execución do Orzamento de 2018, prorrogado ao 2019, que prevén na base 35.2ª que en materia de ingresos públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou auditoría.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar inicialmente o Padrón fiscal que se xunta á presente como anexo,

Servizo	Servizo de axuda no fogar, dependencia.
Período	Xaneiro de 2019
Nº Usuarios	78
O Padrón iníciase con	**********, *******
O Padrón finaliza con	**********, ********
Nº páxinas	4
Cota tributaria íntegra	6.333,87 €
Cota tributaria líquida	6.333,87 €

Segundo: Proceder a exposición pública deste Padrón durante o prazo de 15 días, a contar dende o día seguinte ao da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos do Concello, prazo durante o cal o Padrón estará a disposición dos interesados no Concello. De non terse presentado ningún escrito de reclamación dentro de dito prazo o Padrón quedará definitivamente aprobado.

Terceiro: Dar traslado á Tesourería e a Oficina de Recadación Municipal, aos efectos oportunos.

O alcalde — A secretaria

José M. Miñones Conde — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 325/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, LIBRE CONCORRENCIA, XANEIRO 2019.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000291

ANTECEDENTES:

Á vista o padrón da taxa por prestación do servizo de axuda no fogar, libre concorrencia, correspondente ao mes de xaneiro de 2019, incopora un total de 9 usuarios, o importe do cal ascende á cantidade de CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EUROS (189,99€); consta de 1 páxina, se inicia por **********, e remata por **********, *****.

Á vista do informe proposta da Tesouraría.

Á vista das Bases de Execución do Orzamento 2018, prorrogado na actualidade, que prevén na base 35.2ª que en materia de ingresos públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou auditoría.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar inicialmente o Padrón fiscal que se xunta á presente como anexo,

Servizo	Servizo de axuda no fogar, libre concorrencia,
Período	Xaneiro de 2019
Nº Usuarios	9
O Padrón iníciase con	**********
O Padrón finaliza con	**********, *****
Nº páxinas	1
Cota tributaria íntegra	1.705,81€
Cota tributaria líquida	189,99€

Segundo: Proceder a exposición pública deste Padrón durante o prazo de 15 días, a contar dende o día seguinte ao da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de edictos do Concello, prazo durante o cal o Padrón estará a disposición dos interesados no Concello. De non terse presentado ningún escrito de reclamación dentro de dito prazo o Padrón quedará definitivamente aprobado.

Terceiro: Dar traslado á Tesourería e a Oficina de Recadación Municipal, aos efectos oportunos.

O alcalde — A secretaria

José M. Miñones Conde — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 326/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA COBRATORIA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA EMMA, FEBREIRO 2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/000321

ANTECEDENTES:

Á vista da lista cobratoria do prezo público pola prestación do servizo "Música e Movemento" e de "Instrumento e Linguaxe Musical" ofrecido pola Escola de Música Municipal de Ames, correspondente ao mes de febreiro 2019, con un total de 190 rexistros (172 de Instrumento e Linguaxe Musical e 18 de música e movemento), o importe do cal ascende á cantidade de SEIS MIL SETECENTOS NOVENTA E NOVE EUROS (6.799,00€).

Á vista do informe proposta da Tesouraría.

Á vista das Bases de Execución do Orzamento 2018, prorrogado ao 2019, que prevé na base 35.2ª que en materia de ingresos públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou auditoría.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar inicialmente a lista cobratoria da EMMA "Música e Movemento" que se xunta á presente como anexo,

Servizo	**EMMA: Música e Movemento**
Período	Febreiro de 2019
Nº Usuarios	18
O Padrón iníciase con	**********, ******
O Padrón finaliza con	*********, ****
Nº páxinas	1
Total importe lista cobratoria	630,00 €
Importe Bonificacións	0 €
Importe aplicado o artigo 7 da ordenanza fiscal	630,00 €

Segundo: Aprobar inicialmente a lista cobratoria da EMMA por "Instrumento e Linguaxe Musical" que se xunta á presente como anexo,

Servizo	**EMMA Instrumento e Linguaxe Musical**
Período	Febreiro de 2019
Nº Usuarios	172
A lista cobratoria iníciase con	**********, ******
A lista cobratoria finaliza con	**********, ******
Nº páxinas	9
Importe total	6.195,00 €

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 327/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Importe bonificado	26,00€
Importe aplicado o artigo 7 da ordenanza fiscal	6.169,00 €

Terceiro: Dar traslado á Tesouraría e a oficina de recadación municipal, aos efectos oportunos.

O alcalde — A secretaria

José M. Miñones Conde — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 09/02/2019 18:18:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 327/2019 - Fecha de decreto: 09/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: ORDE DE EXECUCIÓN.
DENUNCIADA: **********
EXPEDIENTE 2019/G003/000331

FEITOS E CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1.- Mediante Decreto 2600/2018, do 21 de novembro do 2018 incoouse expediente de orde de execución a dona **********, por mor da existencia de abundante maleza na parcela da súa propiedade con referencia catastral número 1441602NH3414S0001ID.

2.- En data de 29 de novembro de 2018 dona ********** presenta escrito por rexistro (r.e 201800000008473) no que se manifesta que se procedeu ao cumprimento da obriga de conservación establecida no artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, mediante traballos de limpeza e acondicionamento da parcela.

3.- Mediante Decreto de Alcaldía 2827/2018, do 13 de decembro do 2018 acordase a resolución e arquivo do expediente de incoación de orde de execución mediante Decreto de Alcaldía 2600/2018, do 21 de novembro do 2018 a dona **********, por mor da existencia de abundante maleza na parcela da súa propiedade con referencia catastral número 1441602NH3414S0001ID, toda vez que procedeu á limpeza da mesma cumprindo coa obriga do artigo 135.c) da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4.- En data de 21 de decembro de 2018, presentase denuncia cidadá, no que se manifesta o que sigue: "*que la finca denunciada el pasado 25 de junio de 2018 continúa en estado de abandono. Adjunto entrego plano con la finca mencionada señalizando el mismo*".

4.- Tendo en consideración as alegacións presentadas polo denunciante e, en aras a garantir o axuste das actuacións á realidade fáctica do terreo, solicítase inspección ocular de funcionario adscrito ao departamento de urbanismo do concello, servizo de disciplina urbanística. Da visita xirada comprobase o efectivo estado de abandono dunha ampla parte da parcela, superando a altura da maleza o metro de altura. Achéganse as seguintes fotografías:

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:35:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 328/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:35:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)

Decreto Nº: 328/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

5.- A configuración actual da finca segundo os datos obtidos de catastro correspóndese cunha finca de superficie de 3.103 m^2 de conformidade coa consulta descritiva e gráfica:

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Referencia catastral	1441602NH3414S0001ID
Localización	LG BUCELEIRAS Suelo 15895 AMES (A CORUÑA)
Clase	Urbano
Uso principal	Suelo sin edif.

PARCELA CATASTRAL



Localización	LG BUCELEIRAS AMES (A CORUÑA)
Superficie gráfica	3.130 m^2

6.- Costa nos datos obrantes neste concello o abono do IBI da finca con referencia catastral 1441602NH3414S0001ID dos anos 2013 a 2018 se xira a Dona **********, constando como única titular a efectos catastrais.

7.- Mediante Decreto de Alcaldía 76/2019, de 16 de xaneiro, resolveuse incoar expediente de orde de execución por motivos de seguridade, salubridade e ornato público a dona ********** ********, na súa condición de propietaria da parcela con referencia catastral 1441602NH3414S0001ID, sita no sita no Lugar de Buceleiras, Parroquia de Bugallido, por mor da existencia de abundante maleza nunha ampla superficie da devandita parcela.

8.- Transcorreu o prazo concedido sen comparecer a interesada nin presentar alegacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. A través das ordes de execución, o concello exerce a súas competencias en orde a garantir o cumprimento do deber de conservación que como parte integrante do dereito de propiedade ten todo propietario de terreos e construcións co fin de mantelos nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público, de conformidade co disposto no artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

II. Para facer efectiva a referida obriga, o artigo 136 da Lei 2/2016, así coma os artigos 333 e seguintes do seu Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro), establecen que os concellos ordenarán, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización.

III. Transcorridos os prazos para o cumprimento do ordenado sen que os afectados realicen as obras, o alcalde, logo de apercibimento, procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1000 a 10000 € reiterables trimestralmente ata lograr a execución das obras ordenadas.

IV. O artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón que:

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Emprender a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:35:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 328/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística.

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento.

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

2. O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmoble de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

3. Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.

V. No mesmo senso se pronuncia o artigo 332 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

VI. Á vista dos anteriores feitos e consideracións legais descritos, transcorrido o prazo concedido desde a incoación do expediente e á vista de que os traballos de limpeza e mantemento non foron executados, e a parcela segue a estar na mesma situación que no momento da incoación do expediente, debe procederse a DITAR ORDE DE EXECUCIÓN, na que se lle requira a realización dos traballos necesarios para o mantemento da parcela consonte coa normativa urbanística en vigor, mantendo a mesma en boas condicións de salubridade, seguridade e ornato público, con apercibimento da execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas de 1000 a 10.000 euros, reiterables ata lograr a execución dos traballos ordenados, no caso de incumprimento da orde de execución.

DETALLE DOS TRABALLOS A REALIZAR, segundo o artigo 136 da Lei do Solo e 334 do seu Regulamento.

a) Corte e roza da maleza e retirada dos restos **en toda a extensión da parcela catastral**

O prazo para a realización destes traballos será nun máximo de QUINCE DÍAS.

Competencia: A Administración competente para ordenar a execución das obras necesarias para conservar os terreos en condicións de seguridade, é o Concello, de conformidade co disposto no artigo 136 da lei do Solo de Galicia e 334 do seu regulamento. E, dentro do mesmo, o órgano competente é o Alcalde, de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei de Bases do Réxime Local, e ao non estar delegada dita facultade.

O órgano competente para ordenar a execución das obras necesarias para conservar os terreos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público é a Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 21.1 m) da Lei de Bases do Réxime Local.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- DITAR ORDE DE EXECUCIÓN pola que se ordena a dona ********** ********, na súa condición de propietaria da parcela con referencia catastral 1441602NH3414S0001ID, sita no sita no Lugar de Buceleiras, Parroquia de Bugallido, que proceda ao CORTE, ROZA E LIMPEZA da maleza NA TOTALIDADE DA PARCELA e retirada dos restos, así como todas as actuacións necesarias para garantir a seguridade, salubridade e ornato público consonte coa normativa urbanística en vigor.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:35:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 328/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O prazo para a adopción das medidas sinaladas fíxase en QUINCE DÍAS, prazo que se computará a partires do seguinte ao da notificación da presente resolución. Unha vez realizados os traballos, deberá comunicalo a esta administración achegando xustificante de limpeza.

SEGUNDO.- Apercibir ao interesado, que transcorrido o prazo sen executarse estas actuacións, procederase por esta alcaldía á execución subsidiaria ou á execución forzosa, mediante a imposición dunha primeira multa coercitiva de 1.000 euros, reiterable trimestralmente ata lograr a execución dos traballos ordenados.

Notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun MES (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas).

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte o da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa).

O ALCALDE	A SECRETARIA
José M. Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:35:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:13:00)
Decreto Nº: 328/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: COLOCACIÓN DUNHA PLACA E DE LOGOTIPOS EN PAREDE E CHAPAS DA PISTA DE SQUASH DO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000338

ANTECEDENTES:

Dende o Departamento de Deportes, dáse conta da necesidade de pintado e colocación de placas na pista de squash do Pavillón de Bertamiráns.

O servizo consiste na colocación dunha placa e de logotipos en parede e chapas da pista de squash do pavillón de Bertamiráns, polo que faise necesario proceder á contratación mediante contrato menor.

O importe do contrato ascende a 556,50 euros máis 116,87 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 673,37 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

Consta no expediente proposición económica da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

Este contrato axústase as características do contrato menor, por tratarse dun subministro de carácter puntual que responde as necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os limites temporais e cuantitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **Anovada SL**, con CIF B-70181946, o servizo de pintado e colocación de placas na pista de squash do Pavillón de Bertamiráns, segundo presuposto de 11 de xaneiro de 2019 que figura no expediente.

Segundo.- O servizo, farase pola adxudicataria do contrato no tempo estipulado, non superando o previsto no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 556,50 euros máis 116,87 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 673,37 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 342.21200 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ******* **********.

Quinto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:35:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:15:00)
Decreto Nº: 329/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CHARLAS EDUCACIÓN AMBIENTAL

EXPEDIENTE: 2019/G003/000345

ANTECEDENTES:

Dende o Departamento de Medio Ambiente vanse realizar unhas charlas de educación ambiental relacionadas coa reciclaxe do aceite.

O servizo consiste nunhas charlas de educación ambiental nos colexios do Concello de Ames relacionadas coa reciclaxe de aceite doméstico polo que considérase necesario a contratación do servizo.

A duración do contrato é de un mes concretamente a desenvolver no mes de marzo, polo que cumpre co establecido no artigo 29.8 da LCSP.

O importe do contrato ascende a 826,45 euros máis 173,55 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 1.000,00 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Consta no expediente, orzamento e proposta económica formulada pola empresa, informe proposta emitido polo Departamento de Promoción Económica e informe de intervención de existencia de crédito.

O contrato cumpre co establecido no artigo 29.8 LCSP relativo a duración do contrato, e no artigo 118.3 LCSP relativo a necesidades que non se repiten no tempo, non superando os límites temporais e cuantitativos establecidos no artigo 118.1 para este tipo de contrato, ademais de non alterar o obxecto do contrato.

En base ao anterior, e en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **Compostela Inserta EIL SL**, con CIF B-70181771, o servizo de charlas de educación ambiental sobre o aceite doméstico, segundo orzamento que figura no expediente.

Segundo.- A duración da prestación do servizo será de UN MES, cumprindo así co establecido no artigo 138.3 do TRLCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 826,45 euros máis 173,55 de IVE do 21%, o que fai un importe total de 1.000,00 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 1729.22799 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ***** **********.

Quinto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 11:33:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:16:00)
Decreto Nº: 330/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. RESOLUCIÓN. ******** **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000349

ANTECEDENTES:

1.- Con data do 24 de agosto do 2018 (r.e. 201800000006285) ********** ****** presentou reclamación de responsabilidade patrimonial na que pon de manifesto que o día 13 de agosto sufriu unha caída na rúa Ameneiral, na zona na que se atopa a oficina de recadación, o que lle produciu diversas lesións, polo que reclama indemnización dos mesmos.

2.- Mediante decreto 1927/2018, do 14 de setembro requiriuse a interesada para que subsanara a súa solicitude.

3.- Con data do 4 de outubro do 2018 (r.e. 201800000007079) a interesada presentou a documentación requirida, e cuantificou a súa reclamación en 3163,26 euros.

4.- Mediante Decreto 2252/2018, do 18 de outubro acordouse a iniciación de expediente administrativo co fin de determinar se procede recoñecer a ********** indemnización polos danos causados.

5.- mediante providencia da instrución do 14 de novembro do 2018 acordouse:

"1º Abrir un período de proba por un prazo máximo de trinta días.

2º Recibimento e práctica das probas que, dentro do prazo antes citado, se propoñan, sexan pertinentes e podan ser practicadas. A estes efectos, recórdaselle ao reclamante que para demostrar os danos producidos e a relación de causalidade das mesmas co funcionamento dos servizos públicos municipais, poderá achegar calquera proba das admitidas en Dereito.

3º Solicitar e incorporar, como probas documentais propostas pola instrución:

- Informe do departamento de servizos básicos sobre o estado e as labores de mantemento realizadas no lugar onde se sinala que se produciron os feitos.

4 º Aceptar as seguintes probas propostas polo reclamante:

- Copia do seu DNI.

- Informes médicos

- Factura do aluguer dunha cadeira de rodas e factura de compra dun zapato ortopédico. Cuantificación economica dos danos reclamados e documentación acreditativa dos mesmos (factura).

- Declaración xurada de que non segue ningunha outra reclamación civil, penal ou administrativa por estes feitos.

- Declaración xurada de que non foi nin vai ser indemnizado por ningunha outra entidade pública ou privada por estes feitos.

5º Notificar o contido desta resolución a todos os interesados no expediente aos efectos oportunos."

6.- Con data do 28 de novembro do 2018 o responsable da brigada municipal emite informe no que manifesta que "revisados os partes de traballo da brigada de obras de datas posteriores ao incidente denunciado, non se atopa ningún parte de traballo no que conste a reparación da beirarrúa nesa zona."

6.- Durante o prazo de audiencia previsto no art. 82.1 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a interesada presentou, con data d 5 de febreiro do 2019, escrito no que se reitera nas súas manifestacións.

7. Con data do 8 de febreiro do 2019 o instrutor dita proposta de resolución en sentido desestimatorio á reclamación formulada.

Lexislación aplicable

- Art. 106.2 da Constitución Española.

C.I.F.: P - 1500200 - I

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 13:32:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:20:00)

Decreto Nº: 331/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Art. 21 da lei 7/1985, de 2 de abril (LRBRL).
- Artigos 32 a 37 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

- Artigos 13, 61, 64, 65, 67, 81, 82, 86, 91 e 96 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Artigos 12 j), 24, 25 e 27 da lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Fundamentos de dereito

Primeiro. A competencia para resolver este expediente corresponde ao alcalde do Concello segundo o establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LRBRL).

O procedemento está regulado no artigo 106.2 da Constitución española e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.

Segundo. Tanto a doutrina como a reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo teñen establecido, para os casos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, que os presupostos mínimos para que prosperen as ditas reclamacións son os seguintes:

- Efectiva realidade dun dano ou prexuízo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.

- Que o dito dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico ou dano ilexítimo que este non teña o deber xurídico de soportar, por non mediar causa ningunha que os xustifique.

- Que o dano ou a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, nunha relación directa ou inmediata e exclusiva de causa a efecto sen intervención estraña que puidera influír, alterando o nexo causal.

- Que o dano non debe ser produto dunha situación de forza maior.

- Que a reclamación sexa presentada polo particular interesado dentro do prazo legalmente establecido.

Terceiro. No caso que nos ocupa o dano está acreditado mediante os informe médicos achegados pola interesada.

Non aparece suficientemente probado o lugar onde se produciu o dano, xa que a única proba proposta e practicada foi a propia manifestación da reclamante e dúas fotografías.

A imputación da responsabilidade patrimonial á Administración polo resultado danoso ocasionado require a demostración dun nexo causal directo e inmediato entre ese resultado e o acto atribuíble á mesma, esixencia inescusable da que non releva o carácter meramente obxectivo de dita responsabilidade, e que a xurisprudencia tense esforzado en manter co necesario rigor co fin de evitar a exorbitancia que suporía o pretender constituír á administración pública como aseguradora universal de todos os riscos, converténdoa así en responsable de calquera resultado lesivo que puidera producirse pola utilización de instalacións ou servizos público (por todas a sentencia do TS de 9-07- 2003).

A reclamante basea a súa reclamación na falta de conservación da beirarrúa pero como se observa nas fotografías o desperfecto era mínimo, practicamente inidóneo para producir a caída se a interesada prestara mais atención ao camiñar pola beirarrúa.

Non pode concluírse, polo tanto, que exista nexo de causalidade entre o dano e a actuación administrativa.

Cuarto.- Para entender existente a relación de causalidade requírese unha actuación dos servizos de conservación xeradora dun risco grave e evidente en relación cos usos normais a efectuar na vía pública, pois a caída e a produción dun resultado danoso non é suficiente para que poida dar lugar a unha declaración de responsabilidade patrimonial, xa que iso equivalería a estender a responsabilidade obxectiva ata límites non queridos polo lexislador.

Por outro lado, calquera desperfecto non pode significar sen mais un defectuoso coidado ou mala conservación ou neglixencia determinante de abandono dos seus deberes municipais de servizo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 13:32:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:20:00)
Decreto Nº: 331/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

público.

Como xa se sinalou, a existencia de calquera desperfecto non pode levar a concluír que non puidera superarse observando o límite de atención esixible no deambular, dado que non se pode esixir unha total uniformidade na vía pública. Como ten reiterado a xurisprudencia, é necesario poñer en relación a entidade do desnivel ou desperfecto e a posibilidade de que sexa insalvable ou desproporcionado, ou que pode sortearse cun mínimo de atención.

O feito de que a caída da reclamante se producira na vía pública non conleva automáticamente a imputación do resultado lesivo á administración titular, pois nese caso todos os posibles accidentes seríanlle imputables, non bastando cun tropezo, traspés ou resbalón para que o Concello sexa responsable das consecuencias danosas que se poidan producir sobre as vías e bens de titularidade municipal (Sentencia do TSX de Galicia de 27 de setembro do 2013 e as que nela se citan).

Polo que se refire á relación de causalidade entre o servizo de mantemento da vía pública e os danos que poden sufrir os transeúntes por caídas sufridas a xurisprudencia dos diferentes Tribunais Superiores de Xustiza das comunidades autónomas e a do Tribunal Supremo mantén que non basta á actora con afirmar que a calzada ou a beirarrúa non é regular ou se halla en mal estado para apreciar a existencia da responsabilidade patrimonial, por canto dita responsabilidade só xurde canto o obstáculo na rúa supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía (falando nun sentido comprensivo da beirarrúa e da calzada) sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente.

A imputación da responsabilidade patrimonial á Administración polo resultado danoso ocasionado require a demostración dun nexo causal directo e inmediato entre ese resultado e o acto atribuíble á mesma, esixencia inescusable da que non releva o carácter meramente obxectivo de dita responsabilidade, e que a xurisprudencia tense esforzado en manter co necesario rigor co fin de evitar a exorbitancia que suporía o pretender constituír á administración pública como aseguradora universal de todos os riscos, converténdoa así en responsable de calquera resultado lesivo que puidera producirse pola utilización de instalacións ou servizos público (por todas a sentencia do TS de 9-07- 2003)**.**

Quinto.- En base a todas as probas practicadas pódese concluír que non existe relación de causalidade entre o funcionamento dos servizos municipais e os danos producidos.

Sexto.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia, por canto a contía reclamada non supera os 15.000 euros.

Polo exposto, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro. Declarar que non existe relación de causalidade entre o funcionamento dos servizos públicos municipais do Concello de Ames e os danos sufridos por ********* ********** o 13 de agosto do 2018.

Segundo. Declarar que non procede polo tanto indemnizar a ********** ****** polos danos sufridos.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 13:32:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:20:00)
Decreto Nº: 331/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: DENEGAR A ********** A INCORPORACIÓN AO PROGRAMA MUNICIPAL DE ALIMENTOS

EXPEDIENTE: 2019/G003/000342

ANTECEDENTES:

En data 11 de xaneiro de 2019 co número 201900100000110 de rexistro de entrada no concello, ********** con DNI ********* presenta solicitude de alimentos.

Vista a solicitude presentada e o informe técnico emitido polo equipo de valoración dos Servizos Sociais do Concello de Ames, en base a documentación presentada e á Ordenanza municipal reguladora da prestación (BOP nº 32, de data 18 de febreiro de 2016).

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Denegar a incorporación de ********** ao Programa Municipal de Alimentos, por superar o baremo económico establecido no punto 4b) da Ordenanza reguladora da prestación de alimentos do Concello de Ames (BOP nº 32, de 18/02/2016).

Segundo.- Notificar á interesada no expediente.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

C.I.F.: P - 1500200 - I

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 13:36:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 14:22:00)
Decreto Nº: 332/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: CONSULTA E COPIA DE EXPEDIENTE
INTERESADO: MAHÍA INMOBILIARIA SL
EXPEDIENTE 2019/G003/000346

FEITOS E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Con data de 15 de xaneiro de 2019 a entidade APROTECNIC GROUP SL, con CIF número B-65472789 e enderezo electrónico a efectos de notificación *.*********@aprotecnic.com, presenta en representación de MAHIA INMOBILIARIA SL, con CIF número B-15525983 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Amio 114 do Polígono de Costa Vella, 15891 de Santiago de Compostela e enderezo electrónico *******.******@gexpa.com, tres solicitudes requirindo, respecto a 10 vivendas unifamiliares sitas no Lugar de Ventosa do Concello de Ames a seguinte información:

R.e. 201990000000122:

- Copia de licencia de Obras e determinación sobre si se iniciou expediente de caducidade da mesma (ou, no seu caso, foi caducada).
- Copia do Certificado Final de Obra
- Copia de Licencia de Primeira Ocupación e determinación da existencia de débedas por taxas de licencia o ICIO.

R.e. 201990000000123:

- Copia de licencia de actividade ou de funcionamento e, no caso de non ser posible, se indique a súa existencia e se informe sobre o número do expediente, data de outorgamento, validez e tipo de actividade.

R.e. 201990000000124:

- Cita para a consulta do expediente urbanístico relativo a 10 vivendas unifamiliares sitas no Lugar de Ventosa do Concello de Ames, así como cita cos técnicos municipais (arquitecto e arquitecto técnico), para aclarar calquera dúbida sobre o estado administrativo do expediente, sendo a consulta do expediente e a cita cos técnicos correlativas para o mesmo día.

2.- Achega coa solicitude escrito de representación da propiedade (Mahia Inmobiliaria SL) a Aprotecnic Group SL, escritura de poderes da entidade MAHIA INMOBILIARIA SL, con CIF B15525983, a favor de dona **********, con NIF ********* e copia do DNI do apoderado, así como Nota Simple Rexistral acreditativa da titularidade das fincas.

Non considerando esta administración suficiente a representación aportada por Aprotecnic Group, SL, se lle solicita subsanación no prazo de 10 días. Aprotecnic Group SL presenta autorización para o acceso e consulta outorgado por dona ********** na súa condición de apoderada da empresa MAHÍA INMOBILIARIA SL, con CIF B15525983, así como para retirar toda a documentación relacionada coas propiedades de Mahía Inmobiliaria, en concreto, sobre as 10 vivendas unifamiliares finalizadas no Lugar de Ventosa, Ames (FR: 39878, 39882, 39884, 39886, 39888, 39890, 39892, 39896, 39900). (R.e. 201990000000300).

Entende esta administración subsanado o defecto de representación.

3.- O artigo 105 da Constitución Española, no seu apartado b), sinala que a lei regulará "*o acceso dos cidadáns aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, a investigación dos delitos e a intimidade das persoas*".

No mesmo senso, o artigo 70.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñece o dereito de dos cidadáns "*a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais e os seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105, parágrafo b), da Constitución*".

O artigo 13.d) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recoñece o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do Ordenamento Xurídico.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:44:00)
Decreto Nº: 333/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os datos solicitados non teñen o carácter de sensibles ou especialmente protexidos, de acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

O artigo 53 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recoñece o dereito dos interesados nun procedemento administrativo a coñecer, en calquera momento, do estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados.

O procedemento de acceso á información regúlase nos artigos 17 a 22 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En consideración co exposto con anterioridade INFORMO:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2007 acorda, entre outros, conceder a Mahía Inmobiliaria SL, con CIF B15525983, en virtude de solicitude presentada por dona **********, con NIF ********* na súa calidade de representante, licenza de obra para a construción de 61 vivendas unifamiliares nas parcelas resultantes 2 (AR-2), 3.1 y 3.2 (AR-3), 4 (AR-4) 5 (AR-5), 7.1 y 7.2 (AR.7) e 9 (AR-9), do sector S-03 "Alto do Vento II". (Expediente 384/2006).

II. Na data de redacción do presente informe non consta declaración municipal de caducidade da mesma.

III. Con data de 14 de marzo de 2007 en sesión da Xunta de Goberno Local adoptase, entre outros, acordo de corrección de erro na licenza 384/2006, indicando que para a construción de 61 vivendas unifamiliares no Sector S-03, Alto do Vento II, nas parcelas AR-2, AR-3, AR-4, AR-5, AR-7 e AR-9, e que as parcelas mínimas son as de 300 m^2 para encostadas, 450 m^2 para pareadas e 600 m^2 para illadas, manténdose invariable o resto das condicións da licenza concedida.

IV. Con data 11 de novembro de 2011 (R.E 22.124), dona **********, con NIF *********, na representación de Mahia Inmobiliaria SL, con CIF B-15525983, solicita licenza de primeira ocupación de 22 vivendas situadas na parcela AR-4, (subparcelas 4.1 a 4.22).

V. Con data de 13 de novembro de 2012, ten entrada por rexistro deste Concello un escrito (r.e. 20.874), de dona **********, na representación de Mahia Inmobiliaria SL, no que manifesta:

- Que solicitou licenza de primeira ocupación de 22 vivendas do sector S-03 "Alto do Vento II", parcela AR-4.

- Que se executaron unhas mínimas ampliacións na superficie da planta soto, que ocupan 607 m^2, cun custe de 110.571,12 euros, xustificado no orzamento que se acompaña.

- Que se procedeu á liquidación das taxas de tramitación correspondentes ao exceso de superficie.

- Que se acorde a concesión das licenzas de 1ª ocupación solicitadas no informe de referencia.

VI. Con data de 17 de novembro de 2012 (r.e. 21.561), preséntase escrito por don ********** ********* con DNI *********, na representación de Mahia Inmobiliaria SL, instando a renuncia á licenza de 1ª ocupación de dez vivendas e solicitando concesión de licenza para doce vivendas (4.11 a 4.22 ámbalas dúas incluídas), con acceso pola vía V-2 que se recepciona.

VII. Con data de 27 de xullo de 2012 (r.e. 14.927), dona **********, con NIF *********, na representación de Mahia Inmobiliaria SL, con CIF B-15525983, presenta a renuncia expresa á licenza de obra concedida para a execución de 15 vivendas unifamiliares sobre as parcelas 5.1 a 5.11, 7.1, 7.2, 9.1 e 9.2 do Sector S-03 "Alto do vento", solicitando a correspondente devolución do ICIO.

VIII. Con data 1 de outubro de 2012 se require por este concello a Mahia Inmobiliaria SL a presentación de nova solicitude de renuncia de licenza de obra para a execución de 15 vivendas unifamiliares achegando a documentación requirida polos informes técnico e xurídico do Concello, consistente nun modificado de proxecto que conteña o orzamento correspondente as obras executadas.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:44:00)
Decreto Nº: 333/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Consta a presentación do presuposto de obra executada en data de 19 de outubro de 2012 (r.e. 19.405) por dona **********, na representación de Mahia Inmobiliaria SL, de 46 vivendas respecto á licenza concedida no seu día para o conxunto das 61 vivendas. Maila o exposto, non se presenta pola interesada o modificado do proxecto requirido polos servizos técnicos do concello. Transcorrido o prazo outorgado, a solicitude enténdese desistida de conformidade co artigo 71 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

IX. Con data do 5 de decembro de 2012 a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, acordo de concesión de licenza de primeira ocupación de 13 vivendas sitas na parcela AR-1 – subparcelas 1.1 a 1.13 do sector do solo urbanizable S-03 "Alto do Vento II" a Mahía Inmobiliaria SL.

X. Con data do 5 de decembro de 2012 a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, acordo de concesión de licenza de primeira ocupación de 24 vivendas sitas na parcela AR-2 – subparcelas 2.1 a 2.12 e a parcela AR-3 (subparcelas 3.1.1 a 3.1.11 e 3.2) do sector do solo urbanizable S-03 "Alto do Vento II" a Mahía Inmobiliaria SL.

XI. Con data do 5 de decembro de 2012 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria adoptou, entre outros, acordo de concesión de licenza de primeira ocupación de 12 vivendas sitas na parcela AR-4 – subparcelas 4.11 a 4.22 do sector do solo urbanizable S-03 "Alto do Vento II" a Mahía Inmobiliaria SL.

XII. A Xunta de Goberno Local de 5 de decembro de 2012, legalizou a ampliación do soto das vivendas, executado durante unhas obras e que non figuraba no proxecto orixinal.

XIII. Consta Acta de Recepción Parcial das obras de urbanización do Sector S-03 "Alto do Vento II" segundo solicitude de data 9 de xuño de 2017. As áreas obxecto de recepción parcial son:

- As vías rodadas V3 e o tramo leste da V5. (O tramo oeste da vía V5 xa foi recepcionado)
- A zona verde pública.

Atópanse relevantes deficiencias que impiden a recepción das vías V4-1 e V4-2.

XIV. Dona **********, con NIF ********* en calidade de representante de Mahía Inmobiliaria SL, con CIF B15525983 e domicilio aos efectos de notificacións na rúa Amio 114, parque empresarial Costa Vella de Santiago de Compostela, con data de 28 de xuño de 2017 solicita que se conceda licenza de primeira ocupación das vivendas 50 á 59 que dan fronte á vía A.R.4 do S-03 "Alto do Vento". (r.e. 201700000006892).

XV. Con relación a instancia presentada ante o Rexistro xeral do Concello de Ames (r.e. 201700000006892), o 7 de xullo de 2017 o arquitecto técnico municipal require a subsanación de deficiencias a Mahia Inmobiliaria SL, en concreto:

1. *Liquidación final de execución material das obras, desglosada da seguinte maneira:*
   a) *Execución material por tipo de vivenda, incluíndo xa o importe das modificacións feitas nelas, para as 10 vivendas obxecto desta tramitación.*
   b) *Liquidación final da execución material da totalidade das obras das vivendas executadas no ámbito (S-03).*
   c) *Certificados de eficiencia enerxética das vivendas obxecto do expediente, rexistrado na Xunta de Galicia*
2. *Ademais, parte das vivendas das que se solicita a primeira ocupación atópanse cheas de maleza e en malas condicións de acceso, polo que, deberá efectuarse a limpeza das parcelas e o necesario das vivendas, para a súa inspección.*

XVI. Con data de 19 de setembro de 2017, dona **********, con NIF ********* presenta escrito indicando que achega certificados de calificación enerxética das 10 vivendas, así como certificado de liquidación económica de fin de obra.

- Constan os certificados de eficiencia enerxética, asinados por don ********** **********, emitidos en data de 24 de xullo de 2017.

- Consta no expediente o Certificado de Final de Obra de 22 vivendas unifamiliares correspondentes ao AR-4 dun proxecto de 61 vivendas, asinado polo arquitecto don **** ********** (COAG 2742) na súa condición de director da obra e por don ******* ********** (COAAT 970), director de execución, visado polo COAG con data do 5 de agosto de 2011. Segundo o certificado de final de obra, as mesmas foron rematadas o 14 de xullo de 2011.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:44:00)
Decreto Nº: 333/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

XVII.- En data de 19 de xaneiro de 2018, levántase acta de inspección de primeira ocupación polo arquitecto técnico municipal sobre as vivendas números 1 a 10, ámbalas dúas inclusive.

XVIII.- Consta o informe técnico favorable do arquitecto técnico municipal, emitido con data do 23 de xaneiro de 2018. O informe incorpora un cálculo de corrección da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (Ordenanza fiscal nº 3.A.5) e ICIO (Ordenanza fiscal nº 2.4) no que se reflicte:

*"*Taxas de tramitación polo aumento de superficie construída das vivendas:*

As 10 vivendas superan os 201 m2 e 400 m2 construídos), isto é 96,85 €/m2), isto é 96,85 €/m2, logo, 10 vivendas x 96,85 €/m2= 968,50 €.

Tendo aboado un importe de 631,80 €, corresponde á aplicación da tarifa do tramo de 0 a 201m2 (10x63,18 €/m2).

Logo a diferencia a aboar pola variación da tarifa será: 968,50 € - 631,80 € = 336,70 €.

** ICIO complementario a aboar: 40.185,48 x 4% = 1.607,42 €"*

XIX.- Constan no expediente dous avales presentados por Mahia Inmobiliaria SL:

1. Aval pola cantidade de CATRO MIL OITOCENTOS EUROS (4.800 €), aportado en virtude do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, do texto refundido da lei de contratos das Administracións Públicas (artigo 36), para responder das obrigas seguintes: "Obras de ampliación do depósito de auga de Ventosa-Ames".
2. Aval pola cantidade de DOUSCENTOS TRECE MIL DOUSCENTOS OITO EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (213.208,98 € €), aportado en virtude do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, do texto refundido da lei de contratos das Administracións Públicas (artigo 36), para responder das obrigas seguintes: "Obras de Urbanización do Sector S-03 "Alto do Vento II".

XX.- Non constan actuacións posteriores relativas á licencia de 1ª ocupación das vivendas obxecto deste informe, cuxa paralización apunta ás graves dificultades pola que a empresa promotora estaba a pasar, sen que conste no expediente ningunha actuación pola interesada a partires da última data sinalada.

XXI.- Non consta neste concello solicitude de licenza de actividade sobre as referidas vivendas unifamiliares que - no caso de ser procedentes de conformidade co disposto no Plan Parcial do S-03 Alto do Vento II, o PXOM de Ames e demais normativa urbanística en vigor - non poderían ser outorgadas ao non ter obtido licenza de primeira ocupación.

CONCLUSIÓNS

- A licenza de obras concedida a Mahía Inmobiliaria SL pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2007 para a construción de 61 vivendas unifamiliares nas parcelas resultantes 2 (AR-2), 3.1 y 3.2 (AR-3), 4 (AR-4) 5 (AR-5), 7.1 y 7.2 (AR.7) e 9 (AR-9), do sector S-03 "Alto do Vento II", en virtude de solicitude presentada por dona ******* **********, con NIF ******** na súa calidade de representante, (expediente 384/2006), permanece en vigor sen que conste na data de redacción do presente informe declaración municipal de caducidade da mesma.

- No expediente de solicitude de licenza de primeira ocupación das vivendas con data de 28 de xuño de 2017 das vivendas 50 á 59 que dan fronte á vía A.R.4 do S-03 "Alto do Vento". (r.e. 201700000006892), transcorreron os 3 meses outorgados para a resolución do expediente polo artigo 143 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 357 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, do seu Regulamento. O silencio administrativo é negativo, toda vez que é preciso presentar polo interesado a seguinte documentación para completar a solicitude, de conformidade co artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de febreiro:

> *"Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmoble de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración."*

Unha vez presentada a documentación requirida, continuarase o expediente de conformidade coa normativa de procedemento administrativo de aplicación.

- Procede autorizar a consulta do expediente e copia da documentación solicitada sobre o expediente 384/2006, previo abono da taxa regulada pola Ordenanza fiscal de taxas por expedición de documentos, que ascende ao total de 1,12 euros.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:44:00)
Decreto Nº: 333/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A cita outorgada para consulta do expediente se establece para o mércores 20 de febreiro de 2019 as 11:30 a.m. Serán atendidos polos técnicos municipais as 12:00 a.m. da mesma data.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

Primeiro.- AUTORIZAR a consulta do expediente e copia da documentación solicitada sobre o expediente 384/2006, previo abono da taxa regulada pola Ordenanza fiscal de taxas por expedición de documentos, que ascende ao total de 1,12 euros.

A cita outorgada para consulta do expediente se establece para o día 20 de febreiro de 2019 as 11:30 a.m. Serán atendidos polos técnicos municipais as 12:00 a.m. da mesma data. Tanto a consulta do expediente como a cita cos técnicos municipais terá lugar nas dependencias de urbanismo do Concello de Ames, sitas na Rúa Alcalde Lorenzo, nº 2 – 1º, 15220 de Bertamiráns.

Notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun MES (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas).

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte o da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa).

O ALCALDE	A SECRETARIA
José M. Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:44:00)
Decreto Nº: 333/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: EXECUCIÓN SUBSIDIARIA. ORDE DE EXECUCIÓN
EXPEDIENTE: 2019/G003/000348

FEITOS

1. Mediante Decreto 2339/2018, do 24 de outubro de 2018, acordouse incoar expediente de orde de execución por motivos de seguridade, salubridade e ornato público a **********, como propietaria da parcela con referencia catastral 3632509NH3433S0001QR, sita no Lugar de Agrela 10, parroquia de Biduido.

2. A interesada non recolleu a notificación, polo que se procedeu ao anuncio do acto no BOE núm. 285, do 26 de novembro de 2018, emprazando á interesada para notificarlle por comparecencia no prazo de dez días, sen que o fixera.

3. Mediante Decreto 2874/2018, do 18 de decembro, se resolveu ditar orde de execución pola que se ordena a dona **********, como propietaria da referida parcela catastral, proceder ao corte, roza e limpeza da maleza e á retirada dos restos, así como todas as actuacións necesarias para garantir a conservación da finca nos termos de seguridade, salubridade e ornato público, consonte a normativa urbanística en vigor.

4. A interesada non recolleu a notificación, polo que se procedeu ao anuncio do acto no BOE núm. 20, do 23 de xaneiro de 2019, emprazando á interesada para notificarlle por comparecencia no prazo de dez días, sen que o fixera.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. A través das ordes de execución, o concello exerce a súas competencias en orde a garantir o cumprimento do deber de conservación que como parte integrante do dereito de propiedade ten todo propietario de terreos e construcións co fin de mantelos nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público, de conformidade co disposto no artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

II. Para facer efectiva a referida obriga, o artigo 136 da Lei 2/2016, así coma os artigos 333 e seguintes do seu Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro), establecen que os concellos ordenarán, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización.

III. Transcorridos os prazos para o cumprimento do ordenado sen que os afectados realicen as obras, o alcalde, logo de apercibimento, procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1000 a 10000 € reiterables trimestralmente ata lograr a execución das obras ordenadas.

IV. O artigo 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que as administracións públicas poderán proceder, previo apercibimento, á execución forzosa dos actos administrativos e sinala ademais que dita execución efectuarase elixindo o menos restritivo.

V. Poderá executarse subsidiariamente cando se trate de actos que por non ser personalísimos poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado. Neste caso, as administracións públicas realizarán o acto por si mesmas ou polas persoas que determinen, a custa do obrigado (art. 102 da Lei 39/2015).

CONCLUSIÓNS

Á vista de todo o exposto con anterioridade, unha vez acordado o inicio do procedemento de execución subsidiaria e comprobado o incumprimento reiterado da orden, CONSIDÉRANSE cumpridos a totalidade dos requisitos legalmente esixibles para levar a cabo os traballos non realizados polos interesados, polo que cómpre continuar co procedemento de execución subsidiaria dándolle traslado aos servizos de contratación municipal co fin de proceder á contratación dos traballos que hai que executar.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:44:00)
Decreto Nº: 334/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- ACORDAR a execución subsidiaria do Decreto 2874/2018, do 18 de decembro , polo que ditouse orde de execución na que se ordenaba a dona **********, como propietaria da parcela catastral 3632509NH3433S0001QR, sita no Lugar de Agrela 10, parroquia de Biduido, proceder ao corte, roza e limpeza da maleza e á retirada dos restos, así como todas as actuacións necesarias para garantir a conservación da finca nos termos de seguridade, salubridade e ornato público, consonte a normativa urbanística en vigor.

SEGUNDO.- Dar traslado aos servizos de contratación municipal co fin de proceder á licitación ou contratación dos traballos que hai que executar.

O ALCALDE	A SECRETARIA
José M. Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:58:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:44:00)
Decreto Nº: 334/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. RESOLUCIÓN. *****************

EXPEDIENTE: 2019/G003/000353

ANTECEDENTES:

1.- Con data do 12 de setembro do 2018 (r.e. 201800100004525) **************** presentou reclamación de responsabilidade patrimonial na que pon de manifesto que o día 7 de setembro do 2018 sufriu unha caída na Avda. Rosalía de Castro á altura do número 47, por mor dunhas baldosas levantadas.

2.- Mediante Decreto 2060/2018, do 26 de setembro requiriuse á interesada para que subsanara a súa solicitude.

3.- Con data do 5 de outubro (r.e. 201800100004886) a interesada presentou a documentación requirida e cuantificou a súa reclamación en 210,60 euros.

4.- Mediante Decreto 2301/2018, do 22 de outubro acordouse a iniciación de expediente administrativo co fin de determinar se procede recoñecer a ****************\

- Artigos 32 a 37 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

- Artigos 13, 61, 64, 65, 67, 81, 82, 86, 91 e 96 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Artigos 12 j), 24, 25 e 27 da lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Fundamentos de dereito

Primeiro. A competencia para resolver este expediente corresponde ao alcalde do Concello segundo o establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LRBRL).

O procedemento está regulado no artigo 106.2 da Constitución española e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.

- Efectiva realidade dun dano ou prexuízo, avaliable economicamente e individualizado con establecido, para os casos de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, que os presupostos mínimos para que prosperen as ditas reclamacións son os seguintes:

Segundo. Tanto a doutrina como a reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo teñen relación a unha persoa ou grupo de persoas.

- Que o dito dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico ou dano ilexítimo que este non teña o deber xurídico de soportar, por non mediar causa ningunha que os xustifique.

- Que o dano ou a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, nunha relación directa ou inmediata e exclusiva de causa a efecto sen intervención estraña que puidera influír, alterando o nexo causal.

- Que o dano non debe ser produto dunha situación de forza maior.

- Que a reclamación sexa presentada polo particular interesado dentro do prazo legalmente establecido.

Terceiro. No caso que nos ocupa o dano está acreditado mediante o informe médico achegado pola interesada (o parte de urxencias).

Non aparece suficientemente probado o lugar onde se produciu o dano, xa que a única proba proposta e practicada foi a propia manifestación da reclamante e dúas fotografías.

A interesada cuantificou os danos en 200 euros, e achegou unha factura simplificada dunha farmacia e unha factura dun tratamento de acupuntura, que non pode considerarse tratamento médico.

A imputación da responsabilidade patrimonial á Administración polo resultado danoso ocasionado require a demostración dun nexo causal directo e inmediato entre ese resultado e o acto atribuíble á mesma, esixencia inescusable da que non releva o carácter meramente obxectivo de dita responsabilidade, e que a xurisprudencia tense esforzado en manter co necesario rigor co fin de evitar a exorbitancia que suporía o pretender constituír á administración pública como aseguradora universal de todos os riscos, converténdoa así en responsable de calquera resultado lesivo que puidera producirse pola utilización de instalacións ou servizos público (por todas a sentencia do TS de 9-07- 2003).

A reclamante basea a súa reclamación na falta de conservación da beirarrúa pero como se observa nas fotografías o desperfecto era mínimo, practicamente inidóneo para producir a caída se a interesada prestara mais atención ao camiñar pola beirarrúa.

Non pode concluírse, polo tanto, que exista nexo de causalidade entre o dano e a actuación administrativa.

Cuarto.- Para entender existente a relación de causalidade requírese unha actuación dos servizos de conservación xeradora dun risco grave e evidente en relación cos usos normais a efectuar na vía pública, pois a caída e a produción dun resultado danoso non é suficiente para que poida dar lugar a unha declaración de responsabilidade patrimonial, xa que iso equivalería a estender a responsabilidade obxectiva ata límites non queridos polo lexislador.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:59:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 335/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por outro lado, calquera desperfecto non pode significar sen mais un defectuoso coidado ou mala conservación ou neglixencia determinante de abandono dos seus deberes municipais de servizo público.

Como xa se sinalou, a existencia de calquera desperfecto non pode levar a concluír que non puidera superarse observando o límite de atención esixible no deambular, dado que non se pode esixir unha total uniformidade na vía pública. Como ten reiterado a xurisprudencia, é necesario poñer en relación a entidade do desnivel ou desperfecto e a posibilidade de que sexa insalvable ou desproporcionado, ou que pode sortearse cun mínimo de atención.

O feito de que a caída da reclamante se producira na vía pública non conleva automáticamente a imputación do resultado lesivo á administración titular, pois nese caso todos os posibles accidentes seríanlle imputables, non bastando cun tropezo, traspés ou resbalón para que o Concello sexa responsable das consecuencias danosas que se poidan producir sobre as vías e bens de titularidade municipal (Sentencia do TSX de Galicia de 27 de setembro do 2013 e as que nela se citan).

Polo que se refire á relación de causalidade entre o servizo de mantemento da vía pública e os danos que poden sufrir os transeúntes por caídas sufridas a xurisprudencia dos diferentes Tribunais Superiores de Xustiza das comunidades autónomas e a do Tribunal Supremo mantén que non basta á actora con afirmar que a calzada ou a beirarrúa non é regular ou se halla en mal estado para apreciar a existencia da responsabilidade patrimonial, por canto dita responsabilidade só xurde canto o obstáculo na rúa supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía (falando nun sentido comprensivo da beirarrúa e da calzada) sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de atención esixible socialmente.

A imputación da responsabilidade patrimonial á Administración polo resultado danoso ocasionado require a demostración dun nexo causal directo e inmediato entre ese resultado e o acto atribuíble á mesma, esixencia inescusable da que non releva o carácter meramente obxectivo de dita responsabilidade, e que a xurisprudencia tense esforzado en manter co necesario rigor co fin de evitar a exorbitancia que suporía o pretender constituír á administración pública como aseguradora universal de todos os riscos, converténdoa así en responsable de calquera resultado lesivo que puidera producirse pola utilización de instalacións ou servizos público (por todas a sentencia do TS de 9-07- 2003)**.**

Quinto.- En base a todas as probas practicadas pódese concluír que non existe relación de causalidade entre o funcionamento dos servizos municipais e os danos producidos.

Sexto.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia, por canto a contía reclamada non supera os 15.000 euros.

Polo exposto, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro. Declarar que non existe relación de causalidade entre o funcionamento dos servizos públicos municipais do Concello de Ames e os danos sufridos por********** ***** o 7 de setembro do 2018.

Segundo. Declarar que non procede polo tanto indemnizar a ********** polos danos sufridos.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 15:59:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 335/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: ALEGACIÓNS. OBRAS DE MANTEMENTO DE SANEAMENTO
DIRECCIÓN: ESTRADA BERTAMIRÁNS – AUGAPESADA.
EXPEDIENTE 2019/G003/000350

FEITOS

1.- Mediante escrito dirixido a esta administración con data de 7 de decembro de 2018 (r.e. 20180000008640), preséntanse alegación por dona ********** solicitando revisión das obras de mantemento realizadas na estrada de Bertamiráns-Augapesada, altura Pousada, afectando ás obras ao fronte da finca nº 46, e a reposición da situación inicial. Ao respecto, se manifesta o seguinte:

"Que foron realizadas obras de mantemento de saneamento da estrada que une Bertamiráns con Augapesada á altura de Pousada. Afectando estas obras ao fronte da finca nº 46 do plano de concentración parcelaria, da miña propiedade. Tras o levantamento das beirarrúas existentes e unha vez finalizada a obra de mantemento, procedeuse á construción e pavimentación de novas beirarrúas cun trazado diferente ao orixinal. As novas beirarrúas en vez de finalizar recto como estaban anteriormente foron deseñadas en curva para dar acceso a unha vivenda particular como se se tratase dunha entrada a unha vía pública e, polo tanto, no tramo final, o actual borde exterior da beirarrúa (o que coincide coa estrada) está actualmente, na zona da curva, na que antes estaba o borde interior da beirarrúa (o que linda coa finca), o que implica que as actuais beirarrúas están dentro da miña propiedade sen que eu, como propietaria, recibise ningún tipo de notificación ou solicitude ao respecto. O lóxico é que nesta zona as beirarrúas fosen corridas e non se houbesen interrompido para dar acceso a unha vivenda particular. Non obstante, como xa antes estaban así (cortadas) se respectou o deseño orixinal polo que pido que se faga o mesmo coa parte que afecta á miña finca e se respecte o trazado orixinal".

Igualmente, manifesta que tras varias conversas co Técnico do Auga do concello, e ante a demora na resposta, presenta esta instancia para que conste a súa desconformidade, e correspondente notificación en prazo ao Concello de Ames, do cambio de trazado sen previa comunicación de ningún tipo.

2.- En data de 23 de decembro de 2018, a empresa que executou as obras, ESPINA Y DELFIN, SL., remite ao concello escrito no que se manifesta:

"Asunto: RECLAMACIÓN OBRA POUSADA 30414

Tras o escrito presentado por Dona **********, con data 7 de Decembro de 18, onde se indica que:

- Se construíron beirarrúas con un trazado diferente do orixinal
- Que ditas beirarrúas invaden propiedade privada
- Que se facilite entrada á parcela de dita propietaria.

Como empresa executora das obras, infórmaselle de que:

Se presupostou e executou demolición da beirarrúa e a súa posterior reposición, nas mesmas condicións existentes, sen variacións, e así foi aprobado o orzamento.

Axúntanse recepción das obras por parte do propietario da estrada, fotografías da execución das obras e plano catastral da zona."

Consta polo servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña, informe previo de acta de conformidade das obras realizadas en data de 25 de outubro de 2018, con código de autorización 2018000001685, de conexión de redes de saneamento existentes na estrada da Deputación Provincial 0203 – Bertamiráns a Augapesada, na que se manifesta: "*Que as obras/instalacións executáronse nos termos establecidos na autorización, atopándose estas sen defectos aparentes, polo que se procede a dar CONFORMIDADE ás mesmas e fixar desde esta data, en caso de afección ao dominio público,o comezo do período da garantía".* Informe con conformidade do auxiliar técnico da Deputación Provincial e de ESPINA Y DELFIN, SL.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. De conformidade co artigo 9.2. da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle recoñece a citada lei.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:01:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 336/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Á marxe das estradas de titularidade da Administración xeral do Estado, o resto das estradas de Galicia terá a consideración de autonómicas, provinciais ou municipais, segundo a súa titularidade correspóndalle á Comunidade Autónoma, ás deputacións provinciais ou aos concellos de Galicia.

As obras referidas no escrito de alegacións realízanse en estrada de titularidade provincial, por canto é a Deputación Provincial da Coruña o organismo competente para resolver calquera litixio sobre a titularidade dos terreos.

II. A Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas establece no seus artigos 41 e ss as facultades e prerrogativas das Administracións para a defensa do seu patrimonio, e entre elas a de investigación da situación dos bens e dereitos que presumiblemente pertenzan ao seu patrimonio, así como o deslinde en vía administrativa dos inmobles da súa titularidade.

O coñecemento das cuestións de natureza civil que se susciten con ocasión do exercicio pola Administración destas potestades corresponderá aos órganos desta orde xurisdicional.

O artigo 43 de mesma Lei establece o seguinte:

"Fronte ás actuacións que, en exercicio das facultades e potestades enumeradas no artigo 41 desta lei e de acordo co procedemento establecido, realicen as Administracións públicas non caberá a acción para a tutela sumaria da posesión prevista no artigo 250.4.º da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil. As demandas nas que se exercite esta pretensión non serán admitidas a trámite.

Os actos administrativos ditados nos procedementos que se sigan para o exercicio destas facultades e potestades que afecten a titularidades e dereitos de carácter civil só poderán ser recorridos ante a xurisdición contencioso-administrativa por infracción das normas sobre competencia e procedemento, previo esgotamento da vía administrativa.

Quen se considere prexudicados en canto ao seu dereito de propiedade ou outros de natureza civil polos devanditos actos poderán exercitar as accións pertinentes ante os órganos da orde xurisdicional civil, previa reclamación en vía administrativa conforme ás normas do título VIII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común".

CONCLUSIÓNS

Polo tanto, constando no expediente declaración expresa da empresa executora das obras sobre a reposición das beirarrúas nas mesmas condicións existentes e sen variacións, e prestando a súa conformidade a Administración titular da estrada, este concello non ten competencias para dirimir unha cuestión de deslinde do dominio público sobre esta cuestión, sendo competente a Deputación Provincial da Coruña como titular da mesma.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ROF, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por dona ********** na súa integridade, en tanto o Concello de Ames non ten competencia para resolver sobre o deslinde da zona de dominio público, a estrada e os seus elementos funcionais da estrada Bertamiráns-Augapesada, correspondendo á Deputación Provincial de A Coruña como titular da mesma.

Notifíquese á interesada, facéndolle saber que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun MES (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas).

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

O ALCALDE	A SECRETARIA
José M. Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:01:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 336/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de AMES

Folio Nº:619

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: DEVOLUCIÓN FIANZA A ********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000358

ANTECEDENTES:

Dáse conta da solicitude presentada por **********, con NIF ********** *, para a devolución da fianza por importe de 3.639,84 euros, constituída para responder das obras de construción dunha vivenda unifamiliar, no lugar de Quistiláns, parroquia de Bugallido (Ames), autorizada pola Xunta de Goberno Local celebrada o 23 de xullo de 2015, e modificada o 18 de febreiro de 2016. A licenza de primeira ocupación foille concedida en data de 12 de xullo de 2018.

Figura no expediente informe favorable da arquitecta municipal de data 30 de xaneiro de 2019.

Expedientes relacionados: 2015/U008/000009/ 2017/U007/000009

Á vista do informe técnico favorable que obra no expediente, esta Alcaldía, segundo as atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Autorizar a devolución da fianza constituída por ********** co NIF **********, na data 24 de marzo de 2016, na entidade Abanca Corporación Bancaria S.A., por importe de **3.639,84 euros,** en concepto de garantía, para responder das obras de construción dunha vivenda unifamiliar, no lugar de Quistiláns, parroquia de Bugallido (lugar de Barreiro, pola numeración) en Ames, autorizada pola Xunta de Goberno Local celebrada o 23 de xullo de 2015, e modificada o 18 de febreiro de 2016, sendo concedida a licenza de primeira ocupación na data de 12 de xullo de 2018.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

O alcalde — A secretaria

José M.Miñones Conde — Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:03:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 337/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA MELLORA DE ACCCESIBILIDADE UNIVERSAL NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DO MILLADOIRO

EXPEDIENTE: 2019/G003/000359

ANTECEDENTES:

Á vista do Plan de Seguridade e Saúde, presentado por Construcciones Iglesias Mera SL, empresa adxudicataria da obra **de mellora de accesibilidade universal no polideportivo municipal do Milladoiro** e considerando o informe favorable do devandito plan emitido polo coordinador de seguridade e saúde perante a execución da obra, **********, de acordo co establecido no artigo 7.2 do Real decreto 1627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde, esta alcaldía no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o **plan de seguridade e saúde** da obra mellora de accesibilidade universal no polideportivo municipal do Milladoiro, presentado por Construcciones Iglesias Mera SL.

Segundo.- Dar conta desta resolución ós interesados no procedemento de contratación.

O alcalde
José Manuel Miñones Conde

Secretaría
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:02:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 338/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: ORDE DE EXECUCIÓN.
DENUNCIADO: HERDEIROS DE **********
DIRECCIÓN: Lugar de Cantalarrana, Parroquia de Ortoño.
EXPEDIENTE 2019/G003/000357

FEITOS E CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1.- En data de 9 de novembro de 2018 presentase denuncia cidadá na que se manifesta preocupación por unha árbore situado fronte a un portal e que se atopa cada vez máis vencido sobre os cables de luz e teléfono, cun perigo cada vez maior sobre os coches e os paseantes (r.e. 201800000007866).

2.- Con data de 15 de xaneiro de 2019 xírase visita de inspección da Policía Local emitindo informe con fotografía na que se aprecia o vencemento de dous árbores sobre a vía pública rodada e preto a postes de luz e cableado, con risco de caída, na parcela con referencia catastral 8348304NH2484N0001PZ.

3.- Consultadas as bases catastrais, a titularidade da referida parcela corresponde aos herdeiros de ***** **********.

4.- Mediante Decreto de Alcaldía 99/2019, de 17 de xaneiro, resólvese a incoación de orde de execución por motivos de seguridade aos herdeiros de **********, na súa condición de propietarios da parcela con referencia catastral 8348304NH2484N0001PZ, sita no sita no Lugar de Cantalarrana, Parroquia de Ortoño, por mor da existencia de dúas árbores na linde da finca con vial público con risco de caída, concedendo un prazo de trámite de audiencia de 10 días.

5.- Os interesados non compareceron nin presentaron alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. A través das ordes de execución, o concello exerce a súas competencias en orde a garantir o cumprimento do deber de conservación que como parte integrante do dereito de propiedade ten todo propietario de terreos e construcións co fin de mantelos nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público, de conformidade co disposto no artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

II. Para facer efectiva a referida obriga, o artigo 136 da Lei 2/2016, así coma os artigos 333 e seguintes do seu Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro), establecen que os concellos ordenarán, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización.

VERSIÓN SEN VALOR PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:02:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 339/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

III. Transcorridos os prazos para o cumprimento do ordenado sen que os afectados realicen as obras, o alcalde, logo de apercibimento, procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1000 a 10000 € reiterables trimestralmente ata lograr a execución das obras ordenadas.

IV. O artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón que:

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Emprender a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística.

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento.

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

2. O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmoble de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

3. Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.

V. No mesmo senso se pronuncia o artigo 332 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

VI. Á vista dos anteriores feitos e consideracións legais descritos, transcorrido o prazo concedido desde a incoación do expediente e á vista de que os traballos de limpeza e mantemento non foron executados, e a parcela segue a estar na mesma situación que no momento da incoación do expediente, debe procederse a DITAR ORDE DE EXECUCIÓN, NA QUE SE LLE REQUIRA a realización dos traballos necesarios para o mantemento da parcela consonte coa normativa urbanística en vigor, mantendo a mesma en boas condicións de salubridade, seguridade e ornato público, con apercibimento da execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa, mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata lograr a execución dos traballos ordenados, no caso de incumprimento da orde de execución.

DETALLE DOS TRABALLOS A REALIZAR, segundo o artigo 136 da Lei do Solo e 334 do seu Regulamento.

a) Tala dos árbores con risco de caída á vía pública situados na linde da finca e retirada dos restos

O prazo para a realización destes traballos será nun máximo de QUINCE DÍAS.

Competencia: A Administración competente para ordenar a execución das obras necesarias para conservar os terreos en condicións de seguridade, é o Concello, de conformidade co disposto no artigo 136 da lei do Solo de Galicia e 334 do seu regulamento. E, dentro do mesmo, o órgano competente é o Alcalde, de conformidade co establecido no artigo 21 da Lei de Bases do Réxime Local, e ao non estar delegada dita facultade.

O órgano competente para ordenar a execución das obras necesarias para conservar os terreos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público é a Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 21.1 m) da Lei de Bases do Réxime Local.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- DITAR ORDE DE EXECUCIÓN pola que se ordena aos herdeiros de **********, na súa condición de propietarios da parcela con referencia catastral 8348304NH2484N0001PZ, sita no sita

VERSIÓN PARA FORAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:02:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 339/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

no Lugar de Cantalarrana, Parroquia de Ortoño, que proceda á TALA E LIMPEZA dos arbores con risco de caída e retirada dos restos, así como todas as actuacións necesarias para garantir a seguridade, salubridade e ornato público consonte coa normativa urbanística en vigor.

O prazo para a adopción das medidas sinaladas fíxase en QUINCE DÍAS, prazo que se computará a partires do seguinte ao da notificación da presente resolución. Unha vez realizados os traballos, deberá comunicalo a esta administración.

SEGUNDO.- Apercibir ao interesado, que transcorrido o prazo sen executarse estas actuacións, procederase por esta alcaldía á execución forzosa, mediante a imposición dunha primeira multa coercitiva de 1.000 euros, reiterable trimestralmente ata lograr a execución dos traballos ordenados.

Notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun MES (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas).

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte o da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa).

O ALCALDE

José M. Miñones Conde

A SECRETARIA

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:02:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 339/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: **********; BAIXA saf-dp

EXPEDIENTE: 2019/G003/000340

ANTECEDENTES:

Visto o informe emitido polo equipo de valoración dos Servizos Sociais do Concello de Ames, relativo a **********, con **DNI** *********, a normativa reguladora do servizo de axuda no fogar e as directrices do servizo de inspección,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

A **baixa** no **Servizo de Axuda no Fogar (modalidade de dependencia)**, sendo unha das causas **o traslado definitivo da súa residencia a outro concello (art 8 apartado 1.b), con data de efectos 8/2/2019 no Concello de Ames**

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:02:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 340/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: (AES) CONCEDER A ********** AXUDAS PARA A RECUPERACIÓN EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

EXPEDIENTE: 2019/G003/000343

ANTECEDENTES:

En data 31 de xaneiro de 2019 con rexistro de entrada número 201900100000434, ********** ****** con DNI *********, presenta solicitude de *Renda Social de Garantía Mínima / Axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social.*

Visto o informe emitido polo equipo de valoración dos servizos sociais do concello de Ames, tendo en conta a documentación presentada e a ordenanza reguladora da axuda (BOP núm. 220 de data 20 de novembro de 2017),

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar *axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social* a ****** **********, polo seguinte concepto:

> Necesidades Básicas (artigo 18) por importe de 267,84 euros durante 6 meses, ou cambio das circunstancias.
>
> Uso e mantemento da vivenda (artigo 19) correspondente ao pago do alugueiro da vivenda durante 3 meses, por importe de 270 euros/mes.

Segundo.- Notificar á interesada.

1. A percepción desta axuda queda condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza reguladora da mesma.

2. Conforme ao establecido no artigo 13 (xustificación da renda de garantía mínima), a persoa beneficiaria deberá, no prazo de 2 meses posteriores a cada pagamento efectuado, acudir aos servizos sociais co fin de realizar o seguimento da axuda e así proceder aos seguintes pagamentos de ser o caso.

3. Conforme ao establecido no artigo 26 (xustificación das axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social), a persoa beneficiara xustificará por medio das correspondentes facturas e /ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso, mediante a documentación acreditativa do 3. Conforme ao establecido no artigo 26 (xustificación das axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social), a persoa beneficiara xustificará por medio das correspondentes facturas e /ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso, mediante a documentación acreditativa do pagamento, dentro do prazo máximo de dous meses posteriores a cada pagamento.

4. As axudas concedidas poderán ser revisadas, suspendidas ou extinguidas no caso de existir indicios obxectivos de terse perdido, temporal ou definitivamente, os requisitos para a súa concesión, ou para o suposto de incumprirse algunha das obrigas previstas nesta ordenanza e no resto da normativa de aplicación

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:04:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 341/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

5. A ocultación ou falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.

6. Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento do proxecto de integración.

b) Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión ou obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ou o incumprimento das obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:04:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 341/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:04:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 342/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de AMES

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P-1500200-I

ASUNTO: ANULACION DE RECIBOS CORRESPONDENTES Á TAXA POLO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. Código 09005395

****

EXPEDIENTE: 2019/G003/000354

ANTECEDENTES:

Visto o informe de Espina y Delfin sl, emitido o 07.02.2019, relativo á tributación do obxecto tributario situado en Framil ** Bx, identificado pola referencia catastral 2052914NH3415S0001WU.

Visto o informe de tesouraría de 11.02.2019.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: A anulación dos seguintes valores correspondentes á Taxa pola prestación de saneamento e depuración emitidos a nome de **********, NIF *********, código 09005395, polo obxecto tributario 2052914NH3415S000000 (correcto: 2052914NH3415S0001WU):

UTE

EXE	PER	LIQ./PADR.	FRA/LIQUIDAC.	DR	ABTO	IVE	CTAS	IVE	SNTO_EDAR	IVE	LIXO	XdG	TOTAL	DATA PAGO	TOTAL PDTE	PREMA
2014	04	P	AMR/2015/2614	-	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2015	01	P	AMR/2015/33039	-	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2015	02	P	AMR/2015/37541	-	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2015	03	P	AMR/2015/54872	-	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2015	04	P	AMR/2016/2634	-	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2016	01	P	AMR/2016/26269	-	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2016	02	P	AMR/2016/43864	-	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2016	03	P	AMR/2016/25510001	-	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2016	04	P	AMR/2017/2624	120170002260	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N
2017	01	P	AMR/2017/20218	120170002264	0	0	0	0	15,43	1,5	0	0	16,97		16,97	N

CONCELLO

EXE	PER	LIQUDACION/PADRON	FRA/LIQUIDACION	DR	ABTO	IVE	CTAS	IVE	SNTO	IVE	EDAR	IVE	LIXO	XdG	TOTAL	DATA PAGO	RECARG EXECUTIVA (+5%)	TOT. PDTE	PREMA S/N
2017	**2**	**P**	**09170203489**	**120170002271**	**0**	**0**	**0**	**0**	**4,69**	**0,47**	**10,74**	**1,07**	**0**	**0**	**16,97**		**0**	**16,97**	**S-1/18**
2017	3	P	09170303507	120170002274	0	0	0	0	4,69	0,47	10,74	1,07	0	0	16,97		0,85	17,82	N
2017	4	P	09170403512	120180000138	0	0	0	0	4,69	0,47	10,74	1,07	0	0	16,97		0,85	17,82	N
2018	1	P	09180103455	120180000269	0	0	0	0	4,69	0,47	10,74	1,07	0	0	16,97		0,85	17,82	N
2018	2	P	09180203434	120180002146	0	0	0	0	4,69	0,47	10,74	1,07	0	0	16,97		0,85	17,82	N
2018	3	P	09180303411	120180003627	0	0	0	0	4,69	0,47	10,74	1,07	0	0	16,97		0,85	17,82	N

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

2018	4	P	09180403411	-	0	0	0	0	4,69	0,47	10,74	1,07	0	0	16,97		0	16,97	N

Segundo: A baixa de oficio no censo da taxa polo saneamento e depuración ao código 09005395, con efectos dende o primeiro trimestre de 2019.

Terceiro. Notificar a resolución ao interesado, xunto co réxime de recursos aplicable.

Cuarto. Dar traslado da resolución a Espina y Delfin sl, así como á Deputación Provincial da Coruña respecto dos valores do segundo trimestre de 2017 migrados para a súa recadación executiva (relación 1/2018).

Alcaldía

José Manuel Miñones Conde

Secretaría

Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:04:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 342/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CORRECCIÓN DECRETO 1/2019 DEVOLUCIÓN DE FIANZA DE AGUA DE OBRAS – **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000362

ANTECEDENTES:

Na data do 02 de xaneiro de 2019 o Alcalde dita resolución (Decreto 1/2019) no que se acorda a devolución a dona ********** (NIF **********) da fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita en Castelo ** - referencia catastral 9888721NH2498N0001IQ -

Con data 31 de xaneiro de 2019 a solicitante aporta a certificación bancaria da conta da súa titularidade - RXE n° 201900000000656 – o que compre engadir o acto administrativo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece a posibilidade de que as Administracións Públicas podan rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o alcalde, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Corrixir o erro existente na resolución ditada polo Alcalde na data do 02 de xaneiro de 2019, Decreto 1/2019 polo que se concedeu a dona ********** (NIF **********) a devolución da fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita en Castelo ** - referencia catastral 9888721NH2498N0001IQ -

Onde di

Primeiro: devolver a fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita en Castelo ** con referencia catastral 9888721NH2498N0001IQ, derivadas do expediente de obras 2015/U008/000028, contrato de subministro de Auga para OBRAS; a ********** (NIF **********), no número de conta que esta designe.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

C.I.F.: P - 1500200 - I

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:04:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto N°: 343/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Debe dicir:

PRIMEIRO: devolver a fianza depositada por un importe de 179,49 €, en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita en Castelo ** - referencia catastral 9888721NH2498N0001IQ - derivadas do expediente de obras 2015/U008/000028, contrato de subministro de Auga para OBRAS; a ********** ****** (NIF **********).

SEGUNDO: devolver a fianza depositada na conta designada pola solicitante IBAN: ********* **********

TERCEIRO: Notifíquese aos interesados no procedemento con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

O alcalde
José M. Miñones Conde
(Asinado dixitalmente)

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo
(Asinado dixitalmente)

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:04:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 343/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CORRECCIÓN DECRETO 48/2019 DEVOLUCIÓN DE FIANZA DE AGUA DE OBRAS – **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000363

ANTECEDENTES:

Na data do 09 de xaneiro de 2019 o Alcalde dita resolución (Decreto 48/2019) no que se acorda a devolución a Dª ********** (NIF **********) da fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita na rúa das Pesqueiras, nº *, ***** *, Bertamiráns, Ames, - referencia catastral 8854818NH2485S0010KY-

Con data 10 de xaneiro de 2019 a solicitante aporta a certificación bancaria da conta da súa titularidade - rxe 201900000000215 – o que compre engadir o acto administrativo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece a posibilidade de que as Administracións Públicas podan rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o alcalde, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Corrixir o erro existente na resolución ditada polo Alcalde na data do 09 de xaneiro de 2019. Decreto 48/2019 polo que se concedeu a dona ********** (NIF **********), a devolución da fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita na rúa das Pesqueiras, nº *, *******, Bertamiráns, Ames, - referencia catastral 8854818NH2485S0010KY- de xeito que

Onde di

Primeiro: devolver a fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas no inmoble con referencia catastral 8854818NH2485S0010KY, localizado en Rúa das Pesqueiras, nº *, *******, Bertamiráns, Ames, derivadas do expediente de obras 2017/U027/000019; a ********** (NIF **********), no número de conta que esta designe.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

C.I.F.: P - 1500200 - I

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:04:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)

Decreto Nº: 344/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Debe dicir:

PRIMEIRO: devolver a fianza depositada por un importe de 179,49 €, depositada na data do 18.12.2017, en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita na rúa das Pesqueiras, nº *, *******, Bertamiráns, Ames, - referencia catastral 8854818NH2485S0010KY- derivadas do expediente de obras 2017/U027/000019; a ********** (NIF **********).

SEGUNDO: devolver a fianza depositada na conta designada polo solicitante IBAN: ********** **********

TERCEIRO: Notifíquese aos interesados no procedemento con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

O alcalde
José M. Miñones Conde
(Asinado dixitalmente)

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo
(Asinado dixitalmente)

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:04:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 344/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CORRECCIÓN DECRETO 53/2019 DEVOLUCIÓN DE FIANZA DE AGUA DE OBRAS – SANTIAGO SUR GALICIA S.L.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000365

ANTECEDENTES:

Na data do 09 de xaneiro de 2019 o Alcalde dita resolución (Decreto 53/2019) no que se acorda a devolución a Santiago Sur Galicia S.L. (CIF B 70 257 472) da fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita en Avda. Muiño Vello *, local **, Milladoiro, Ames, - referencia catastral 4243805NH3444S0006ZU -

Con data 15 de xaneiro de 2019 o solicitante aporta a certificación bancaria da conta da súa titularidade - rxe 201999900000061 – o que compre engadir o acto administrativo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

O art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece a posibilidade de que as Administracións Públicas podan rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o alcalde, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Corrixir o erro existente na resolución ditada polo Alcalde na data do 09 de xaneiro de 2019. Decreto 53/2019 polo que se concedeu a Santiago Sur Galicia S.L. (CIF B 70 257 472) a devolución da fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita en Avda. Muiño Vello *, local **, Milladoiro, Ames, - referencia catastral 4243805NH3444S0006ZU -

Onde di

Primeiro: devolver a fianza depositada en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas no inmoble con referencia catastral 4243805NH3444S0006ZU, localizado en Avda. Muiño Vello *, local **, Milladoiro, Ames, derivadas do expediente de obras 2017/U027/000012; a SANTIAGO SUR GALICIA S.L. (CIF B 70 257 472), no número de conta que esta designe.

C.I.F.: P - 1500200 - I

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:08:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)

Decreto Nº: 345/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

Debe dicir:

PRIMEIRO: devolver a fianza depositada por un importe de 179,49 €, depositada na data do 27.04.2017, en garantía polo subministro de auga potable por rescisión do contrato de subministro de auga a obras, realizadas na parcela sita en Avda. Muiño Vello *, local **, Milladoiro, Ames, - referencia catastral 4243805NH3444S0006ZU - derivadas do expediente de obras 2017/U027/000012; a SANTIAGO SUR GALICIA S.L. (CIF B 70 257 472).

SEGUNDO: devolver a fianza depositada na conta designada polo solicitante IBAN: ********** **********

TERCEIRO: Notifíquese aos interesados no procedemento con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

O alcalde
José M. Miñones Conde
(Asinado dixitalmente)

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo
(Asinado dixitalmente)

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:08:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:45:00)
Decreto Nº: 345/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: ORDE DE EXECUCIÓN PARCELA EN MAGUXE. HDOS ********** *******

EXPEDIENTE: 2019/G003/000364

FEITOS

1.- Mediante Decreto 2676/2018, do 27 de novembro de 2018, acordouse incoar expediente de orde de execución por motivos de seguridade, salubridade e ornato público a a dona ****** **********, na súa condición de propietaria da parcela con referencia catastral 0646413NH3404N0001XQ, sita no sita no Lugar de Maguxe, Parroquia de Ortoño, por mor da existencia de abundante maleza.

2.- A interesada non recolleu a notificación, polo que se procedeu ao anuncio do acto no BOE núm. 304 do 18 de decembro de 2018,emprazando á interesada para notificarlle por comparecencia no prazo de dez días, sen que o fixera.

3.- Mediante Decreto 116/2019, do 17 de xaneiro, a Alcaldía deste concello resolveu ditar orde de execución co seguinte contido:

*"PRIMEIRO.- DITAR ORDE DE EXECUCIÓN pola que se ordena a dona ********** ******, na súa condición de propietaria da parcela con referencia catastral 0646413NH3404N0001XQ, sita no sita no Lugar de Maguxe, Parroquia de Ortoño, que proceda ao CORTE, ROZA E LIMPEZA da maleza e retirada dos restos, así como todas as actuacións necesarias para garantir a seguridade, salubridade e ornato público consonte coa normativa urbanística en vigor.*

O prazo para a adopción das medidas sinaladas fíxase en QUINCE DÍAS, prazo que se computará a partires do seguinte ao da notificación da presente resolución. Unha vez realizados os traballos, deberá comunicalo a esta administración.

SEGUNDO.- Apercibir ao interesado, que transcorrido o prazo sen executarse estas actuacións, procederase por esta alcaldía á execución subsidiaria ou á execución forzosa, mediante a imposición dunha primeira multa coercitiva de 1.000 euros, reiterable trimestralmente ata lograr a execución dos traballos ordenados."

4.- Con data de 24 de xaneiro de 2019 esta administración ten constancia do finamento de dona **********, procedendo á verificación dos herdeiros da propiedade obxecto do expediente de orde de execución por motivos de salubridade, seguridade e ornato.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. O artigo 8 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, prevé que, no caso de instrución dun procedemento que non tivera publicidade, se advertira a existencia de persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite, se comunicará a esas persoas a tramitación do procedemento.

Toda vez que a resolución do expediente de orde de execución non tivo publicidade, estímase procedente a notificación da tramitación do expediente aos novos interesados.

II. A través das ordes de execución, o concello exerce a súas competencias en orde a garantir o cumprimento do deber de conservación que como parte integrante do dereito de propiedade ten todo propietario de terreos e construcións co fin de mantelos nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público, de conformidade co disposto no artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

III. Para facer efectiva a referida obriga, o artigo 136 da Lei 2/2016, así coma os artigos 333 e seguintes do seu Regulamento (Decreto 143/2016, do 22 de setembro), establecen que os concellos ordenarán, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións, con indicación do prazo de realización.

IV. Transcorridos os prazos para o cumprimento do ordenado sen que os afectados realicen as obras, o alcalde, logo de apercibimento, procederá á execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1000 a 10000 € reiterables trimestralmente ata lograr a execución das obras ordenadas.

V. O artigo 135 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispón que:

VERSIÓN NON OFICIAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:10:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:46:00)
Decreto Nº: 346/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Emprender a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza.

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística.

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento.

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

2. O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmoble de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

3. Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.

VI. No mesmo senso se pronuncia o artigo 332 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- NOTIFICAR aos herdeiros de dona ********** do procedemento de orde de execución aberto contra a mesma na súa condición de propietaria da parcela con referencia catastral 0646413NH3404N0001XQ, sita no sita no Lugar de Maguxe, Parroquia de Ortoño, na que se lle ordenaba que proceda ao CORTE, ROZA E LIMPEZA da maleza e retirada dos restos, así como todas as actuacións necesarias para garantir a seguridade, salubridade e ornato público consonte coa normativa urbanística en vigor,concedéndolles un prazo de audiencia de 10 DÍAS HÁBILES na súa calidade de actuais propietarios dos terreos, co fin de que poidan presentar as alegacións e xustificacións que estimen pertinentes.

SEGUNDO.- APERCIBIR aos interesados, que transcorrido o prazo sen a comparecencia ou presentación de alegacións, entenderanse subrogados nas obrigas da falecida.

TERCEIRO.- SUSPENDER o prazo de execución da resolución do Decreto 116/2019 polo tempo que medie entre o día seguinte da recepción da notificación da presente resolución polos interesados e o transcurso do tempo outorgado para o trámite de audiencia, de conformidade co artigo 39.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Transcorrido o prazo indicado sen executarse a resolución recaída no Decreto de Alcaldía 116/2019, do 17 de xaneiro, procederase por esta alcaldía á execución subsidiaria ou á execución forzosa fronte aos lexítimos herdeiros, mediante a imposición dunha primeira multa coercitiva de 1.000 euros, reiterable trimestralmente ata lograr a execución dos traballos ordenados.

Notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a presente resolución, por tratarse dun acto de mero trámite, non cabe recurso algún, sen prexuízo da oposición que poda alegarse para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

O ALCALDE
José M. Miñones Conde

A SECRETARIA
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA ORDEN DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:10:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:46:00)
Decreto Nº: 346/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRAS
PROMOTORA: **********
DIRECCIÓN: FRAMÁN. BUGALLIDO
EXPEDIENTE 2019/G003/000366

FEITOS

1.- Con data 21 de xullo de 2011 mediante acordo da Xunta de Goberno Local, se concede licenza a dona ********** para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Framán, parroquia de Bugallido (273/2011), segundo proxecto redactado polo arquitecto don **********. A licenza establece como prazos para execución das obras: seis meses para o seu comezo e tres anos para o seu remate.

2.- En data de 21 de novembro de 2018, por parte do Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación, notifícase a renuncia do Director da Obra, o arquitecto técnico don **********. (r.e. 201890000002694).

3.- En data de 12 de decembro de 2018 emítese informe polo arquitecto técnico do Concello de Ames que manifesta o seguinte:

"INFORME:
Referencia catastral: 9923306NH2492S0001DX.



Pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de xullo do 2011, concedeuse licenza de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Framán, Bugallido.
Agora, en data do 21 de novembro do 2018, por parte do Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación, notifícase a renuncia do Directos da Obra, o arquitecto técnico, D. **********.
Tal feito se lle comunica á Policía Local, para que informe das circunstancias nas que a se atopa a vivenda, informando esta, en data do 07 de decembro do 2018, que no terreo atópase unha grúa e un "container" de obra, axuntando fotografías do estado das obras.
A obra, da data actual, encóntrase executada ata a planta de soto, a cimentación, os muros de contención e as columnas de dita planta, e asemella tamén botado o pavimento de formigón do soto, e dentro aparcada unha caravana.
Parte da superficie do soto ten vexetación, o que denota o abandono da obra e súa paralización.
A licenza outorgada impoñía un prazo de remate das obras de 3 anos, non podendo interromperse por un período superior aos 6 meses.
Non consta que teña presentado, en tempo e forma, prórroga da licenza algunha para a ampliación do prazo de terminación e remate das obras.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA CONSULTA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:19:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:46:00)
Decreto Nº: 347/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Imaxe de Google de agosto do 2017

Como se pode apreciar na imaxe anterior de agosto do 2017 e nas fotografías que realizou a Policía Local en decembro do 2018, a obra, soamente neste período de mais dun ano, non sufriu modificación, isto é, non se executou obra algunha.
A obra de construción da vivenda debería estar rematada a data de hoxe, xa que teñen transcorrido mais de sete anos da licenza.
Logo enténdese que se debe dar inicio ao expediente de caducidade da licenza de obra, por incumprimento do prazo de remate da mesma.
No caso de pretender a continuación da obra, deberá realizar unha nova solicitude acompañada do proxecto técnico adaptado á normativa actual en vigor, xunto coa documentación necesaria, incluíndo novos nomeamentos da dirección da obra, mentres non se poderá realizar obra algunha."

4.- Transcorrido o prazo outorgado a interesada non compareceu nin presentou alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. Artigo 145 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia. Caducidade das licenzas:

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

II. O artigo 359, do Decreto143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos apartados 5 e 6, regula detalladamente o procedemento para a súa declaración:

"O procedemento de declaración de caducidade iniciarase de oficio polo concello que outorgou a licenza. O órgano competente para resolver pode adoptar medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:19:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:46:00)
Decreto Nº: 347/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

persoas, incluído o cesamento dos actos de uso do solo ou do subsolo autorizados pola licenza, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

No procedemento darase audiencia á persoa titular da licenza. A resolución será motivada e notificarase nos termos previstos pola lexislación do procedemento administrativo común no prazo máximo de seis meses desde a notificación da iniciación do procedemento, transcorrido o cal este caducará e deberán arquivarse as actuacións, de oficio ou por solicitude da persoa interesada, quedando sen efecto as medidas provisionais que se adoptaron.

O procedemento será arquivado no caso de que se xustifique a irregularidade que motivou a súa iniciación, e procédase de inmediato a iniciar ou finalizar as obras en prazo razoable a xuízo do órgano competente, agás que se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento.

6. A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

En tanto non sexa outorgada, non poderán realizarse mais obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, previa autorización ou orde de execución por parte do concello."

CONCLUSIÓNS

No presente caso, a licenza de construción de vivenda unifamiliar foi concedida mediante acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 21 de xullo de 2011 e no acordo sinalábase expresamente os prazos de execución das obras, (seis meses para o inicio e tres anos para o seu remate).

Cumpríronse os requirimentos legais previstos no artigo 145.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e 359.5 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, do seu Regulamento.

Visto que na data de redacción deste informe as obras seguen sen rematar e polo exposto, consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ROF, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- DECLARAR CADUCADA la licenza de obra con número de expediente 273/2011, concedida mediante Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 21 de xullo de 2011, para a construción dunha vivenda unifamiliar sita no lugar de Framán, parroquia de Bugallido, RC 9923306NH2492S0001DX, promovida por dona **********, por haber transcorrido en exceso o prazo sinalado para o remate das obras (tres anos para o seu remate), e, polo tanto, extinguidos os seus efectos.

SEGUNDO.- ADVERTIR á interesada que unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir en tanto non se solicite e obteña unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor, mais aló das obras estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, sempre previa autorización ou orde de execución por parte do concello.

Notifíquese aos interesados, facéndolles saber que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de Reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo dun MES (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións Públicas).

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte o da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

O ALCALDE	A SECRETARIA
José M. Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:19:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:46:00)
Decreto Nº: 347/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de AMES

Folio Nº:640

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA 2019

EXPEDIENTE: 2019/G003/000367

ANTECEDENTES:

No BOP nº 7, de data 10 de xaneiro de 2019, publícanse bases reguladoras do Programa provincial de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2019 da Deputación Provincial da Coruña

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro. Solicitar a subvención para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística de Ames convocada pola Deputación da Coruña a través do Programa de subvencións provinciais a concellos e outras entidades locais da provincia para creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2019 da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 7, de 10 de xaneiro de 2019).

O alcalde
José Manuel Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Conde

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 11/02/2019 16:23:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 11/02/2019 16:47:00)
Decreto Nº: 348/2019 - Fecha de decreto: 11/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ACTUALIZACIÓN APLICACIÓN PADRÓN DE HABITANTES WURTH

EXPEDIENTE: 2019/G003/000351

ANTECEDENTES:

Dende o Departamento de Secretaría dáse conta da necesidade da actualización da aplicación informática na que se sustenta o padrón de habitantes.

Para elo dada a imposibilidade de medios por parte do concello, considérase necesario a contratación do subministro.

O traballo consiste na actualización da aplicación do padrón de habitantes.

O importe do contrato ascende a 8.100,00 euros máis 1.701,00 de IVE, o que fai un importe total de 9.801,00 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

O contrato terá unha duración de unha semana, co que non supera a duración máxima para os contratos menores establecida no artigo 29.8 da LCSP.

Ao amparo do 118.3 da LCSP, neste expediente non se atopa alterado o obxecto do contrato, e o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra do artigo 118.1 da LCSP para os contratos menores de servizos.

Consta no expediente oferta e proposición económica da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

En base ao anterior, e en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **Wuth SL**, con CIF: B-15326036, a actualización da aplicación do padrón de habitantes.

Segundo.- A duración da prestación do servizo será dunha semana, cumprindo así co establecido no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 8.100,00 euros máis 1.701,00 de IVE, o que fai un importe total de 9.801,00 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 920.21600 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ******** **********.

Quinto.- Notificar á adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 12:07:00) , José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:26:00)
Decreto Nº: 349/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: RECURSO REPOSICIÓN CONTRA DECRETO 2888/2018
INTERESADO: CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L.
DIRECCIÓN: RÚA AGRELO. BERTAMIRÁNS. ORTOÑO
EXPEDIENTE 2019/G003/000371

FEITOS

1. Con data de 19 de outubro de 2018 se presenta denuncia cidadá advertindo da " situación irregular da finca (ruá Agrelo nº4), edificio que actualmente se encuentra sin finalizar, con referencia catastral 8852711NH2485S0001RM. Dicha finca se encuentra en un total estado de abandono produciendo los siguientes daños al garaje (el cual está obligado a permitirle el paso de vehículos, existiendo una servidumbre): filtraciones de agua debido a que el foso de ascensores no finalizado se inunda, no existiendo bombas de achique o no funcionando las mismas, hongos y bacterias que están propagándose por alguna de las paredes del garaje a causa de dicha humedad; su luz está conectada a algún otro contador puesto que no cuentan con suministro propio. En el garaje de dicho edificio, y aunque está sin finalizar, aparcan varios vehículos".

2.- Con data de 01 de outubro de 2018 o arquitecto técnico municipal informa:

"I N F O R M A:

No proxecto presentado para licenza (nº35/2006, para 80 vivencias) figura como superficie de soto a de 2.500 m2 aproximadamente (documento de estado final) .
Las licenzas de primeira ocupación outorgadas en tres fases, recollen tamén como superficie de sotos a mesma superficie de 2.500 m2 aproximadamente,
Licenza primeira ocupación 1ªFase, para 36 vivencias, sotos e baixos, do 13 de maio do 2009.
Licenza primeira ocupación 2ªFase, para 28 vivencias, sotos e baixos, do 16 de febreiro do 2011.
Licenza primeira ocupación 1ªFase, para 16 vivencias, sotos e baixos, do 23 de marzo do 2011 .

REFERENCIA CATASTRAL: 8852713NH2485S.

(Imaxe)

A licenza correspondente ao bloque que completa a peza (388/06), de 16 vivencias, non conta con licenza de primeira ocupación, e polo tanto os garaxes da súa planta de soto non están amparados con licenza para o seu funcionamento (parcela que na ficha do catastro anterior figura cos números 11 e 12). Mailo anterior se se pretendera o seu uso, requiriría a presentación do proxecto técnico correspondente que garantira o correcto funcionamento do mesmo, e que todo o soto contara coas medidas de seguridade necesarias e suficientes para elo, entendéndoo como anexo e ampliación do existente elicenciado.

Tal e como consta na licenza de vao concedida, o número do prazas de aparcamento é de 87 unidades, non incluíndo as da licenza 388/2016, que serían outras 20 prazas mais, o cal modificaría a licenza.

(Imaxes)

O uso de outras superficies de soto alleas á superficie licenciada e con primeira ocupación, axúntanse plano do proxecto e imaxe disto, que é coincidente coa superficie do soto para garaxes, non conta con autorización para elo, non podendo ser utilizadas, agás coa obtención da necesaria licenza de uso, e modificación da do vao, e mediante a tramitación dos correspondentes expedientes."

3.- A licenza 388/2016 foi outorgada en data de 27 de decembro de 2006, por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Ames. Na licencia de obras se supeditaba a licenza ao cumprimento das seguintes condicións, entre outras:

- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de TRES MESES e o de terminación de TRINTA E SEIS MESES, dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

4.- As obras amparadas na licenza 388/2006 non obtiveron licenza de primeira ocupación.

5.- Con data 26 de novembro de 2018 mediante Decreto de Alcaldía 2665/2018 dítase a seguinte resolución:

"PRIMEIRO.- INICIAR de oficio a caducidade da licenza outorgada a don ********** por acordo de Xunta de Goberno Local do concello de Ames en data de 27 de decembro de 2006, para construción de 16 vivendas, planta de soto para garaxes e rochos e baixo comercial, por incumprir o prazo máximo de remate das obras.

SEGUNDO.- INCOAR expediente de reposición da legalidade polo uso do garaxe sen título habilitante que o ampare, ordenando a inmediata cesación do uso e requirindo ao promotor o precintado de acceso ao garaxe en condicións de illamento que garantan a salubridade, seguridade e ornato; advertindo que o incumprimento desta orde habilitará a esta

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:27:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)
Decreto Nº: 350/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

administración á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata lograr o cumprimento da orde de paralización.

TERCEIRO.- Notificar á Policía local a presente resolución aos efectos de vixilancia de cumprimento do disposto.

CUARTO.- Fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, concédese trámite de audiencia ao interesado por un prazo de 10 días hábiles contados a partir da notificación da presente resolución, para que poida presentar as alegacións e xustificacións que estime pertinentes.

Notifíquese a don ********** a presente resolución coa indicación de que fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, ao tratarse de actos de mero trámite, a oposición aos mesmos poderá alegarse polo interesado para a súa consideración na resolución que poña fin aos procedementos".

6.- Mediante Decreto de Alcaldía 2888/2018 de 18 de febreiro se resolve:

"PRIMEIRO.- Continuar co expediente de reposición da legalidade a CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA SL, na súa calidade de promotor, por mor de uso do garaxe sen contar con título habilitante que o ampare na parcela con referencia catastral 8852711NH2485S0001RM, sita na Rúa Agrelo, esquina Pasaxe do Paseo Fluvial, Bertamiráns, parroquia de Bugallido; sen prexuízo da tramitación do oportuno expediente sancionador que se incoe para os efectos da determinación da sanción que corresponda, con arranxo ao disposto nos artigos 157 e seguintes da Lei do solo de Galicia, LSG, e 369 e seguintes do Decreto 143/2016, polo que se aproba o Regulamento da LSG.

SEGUNDO.- ORDENAR a inmediata cesación do uso e REQUIRIR a CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA SL o precintado do acceso ao garaxe en condicións de illamento que garantan a salubridade, seguridade e ornato, no prazo máximo de 3 MESES.

Deberá facer constar previamente ante esta administración, ante o departamento de urbanismo, a proposición das medidas a adoptar en cumprimento de esta orde para a avaliación polo concello da adecuación das mesmas aos fines requiridos polo artigo 135.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, así como acreditar con posterioridade a súa execución, o remate dos traballos.

TERCEIRO.- ADVERTIR ao interesado que no caso de incumprimento da orde, a administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

TERCEIRO.- Dar orde á policía local para que vixíe o cumprimento da orde de cesación do uso".

7.- Fronte ao Decreto 2888/2018, en data de 21 de xaneiro de 2018 (r.e. 1147/RX123874), Don ********** **********, en nome y representación de CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA SL, presenta recurso de reposición.

En relación co recurso de reposición presentado, INFÓRMASE

1.- CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ADXECTIVOS DETERMINANTES DA ADMISIÓN A TRÁMITE:

Cúmprense os requisitos adxectivos determinantes da admisión a trámite do Recurso por terse presentado dentro do prazo, por persoa interesada e contra un acto susceptible do mesmo (Arts. 112.1, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

2.- CONTIDO DO RECURSO:

"PRIMERA.-NULIDAD DE ACTUACIONES POR VULNERACIÓN DEL PROCEDIMIENTO LEGALMENTE ESTABLECIDO.

Mi representada desconocía que el Ayuntamiento de Ames estaba tramitando un expediente de reposición de la legalidad urbanística frente a ella porque en ningún momento le notificó la incoación del expediente de reposición de la legalidad urbanística. La resolución recurrida es primer acto administrativo que el Ayuntamiento de Ames le notificó a CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L. como promotora de la obra en el expediente 2018/G003/003012.

El artículo 152 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, establece que:

I. Cuando se estuviera realizando algún acto de uso del suelo o del subsuelo sin el título habilitante exigible en cada caso o sin ajustarse a las condiciones señaladas en el mismo, la persona titular de la alcaldía dispondrá la suspensión inmediata de dichos actos y procederá a incoar el expediente de reposición de la legalidad, COMUNICÁNDOLO al interesado.

2. Con el acuerdo de suspensión se adoptarán las medidas cautelares necesarias para garantizar la total interrupción de la actividad, tales como el precintado de las obras, la retirada de materiales y maquinaria, la suspensión de suministros o la ejecución forzosa mediante la imposición de multas coercitivas por importe de

1.000 a 10.000 euros, reiterables hasta conseguir el cumplimiento de la orden de paralización, y cualquier otra medida que sea conveniente en pro de la efectividad de la suspensión.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:27:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)

Decreto Nº: 350/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. Instruido el expediente de reposición de la legalidad Y PREVIA AUDIENCIA DEL INTERESADO , se adoptará alguno de los siguientes acuerdos:

a) Si las obras no fueran legalizables por ser incompatibles con el ordenamiento urbanístico, se acordará su demolición y , en su caso, la reconstrucción de lo indebidamente demolido, a costa del interesado. Si los usos no fueran legalizables por ser incompatibles con el ordenamiento urbanístico, se acordará la cesación de los mismos.

b) Si las obras o los usos pudieran ser legalizables por ser compatibles con el ordenamiento urbanístico, se requerirá al interesado para que en el plazo de tres meses presente la solicitud de la oportuna licencia o comunicación previa correspondiente, manteniéndose la suspensión de las obras y usos en tanto esta no fuera otorgada o no se presentase la comunicación previa. En caso de que se deniegue la licencia o no se cumplan los requisitos legales para la comunicación previa, se acordará la demolición de las obras a costa del interesado, procediéndose a impedir definitivamente los usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si las obras o los usos no se ajustasen a las condiciones señaladas en el título habilitante, se ordenará a la persona interesada que las ajuste en el plazo de tres meses, prorrogables por otros tres a petición de la misma, siempre que la complejidad técnica o envergadura de las obras que haya que realizar lo justifique.

Si, transcurrido el plazo señalado, el obligado no hubiera ajustado las obras o los usos a las condiciones del título habilitante, se ordenará la demolición de las obras o la cesación de los usos a costa del interesado.

4. Con el acuerdo que ponga fin al expediente de reposición de la legalidad urbanística podrán adoptarse las medidas que se estimen precisas para garantizar la ejecutividad de la resolución, sin perjuicio de la imposición de las sanciones que procedan y de las facultades que correspondan a las autoridades competentes, en virtud del régimen específico de autorización o concesión a que estén sometidos determinados actos de edificación y uso del suelo.

5. El procedimiento a que se refiere el número anterior habrá de resolverse en el plazo de un año, a contar desde la fecha del acuerdo de iniciación.

6. En caso de incumplimiento de la orden de cesación de usos, de demolición o de reconstrucción de lo indebidamente demolido, la administración municipal procederá a la ejecución subsidiaria de la misma o a la ejecución forzosa mediante la imposición de multas coercitivas, reiterables hasta lograr la ejecución por el sujeto obligado, en la cuantía de 1.000 a 10.000 euros cada una.

La falta de notificación del acuerdo de incoación supone una infracción de las normas esenciales del procedimiento administrativo que posicionan a mí representada en una situación de absoluta indefensión no ha podido formular alegaciones, ni proponer, ni practicar ningún medio de prueba en defensa de sus legítimos intereses.

En los hechos de la resolución se afirma que el acuerdo de incoación fue notificada el día 3 de diciembre de 2018 cuando esto no es cierto. El Ayuntamiento de Ames nunca le notificó a CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L. la incoación del expediente de reposición de la legalidad urbanística, sino que el 4 de diciembre de 2018 notificó en el marco del expediente 2018/G003/002800 a don ********** -Persona Física- la incoación del expediente de reposición de legalidad urbanística.

Frente a esa notificación don ********** formuló alegaciones de descargo que fueron presentadas el día 18 de diciembre de 2018 en la oficina de Correos al amparo del artículo 16.4 b) de la Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

En el escrito de descargo, don **********, advertía de tres cuestiones fundamentales para la correcta instrucción del procedimiento: a) Nulidad por indefensión, toda vez que el Sr. ********** persona física no es el titular ni el responsable de las obras, sino que estas son propiedad de la mercantil Construcciones Ramos Freita S.L. a quien no se le había notificado el acuerdo de incoación; b) Falta de legitimación Pasiva, toda vez que se dirige el expediente administrativo frente a la persona que no es propietaria de las obras; c) sobre el fondo, falta de acreditación de la existencia de los daños causados y sobre la fuerza mayor en la caducidad de la licencia de obra.

No estamos en presencia del mismo expediente administrativo. Prueba de ello es que el escrito dirigido al Sr. ***** ***** se produce en el expediente 2018/G003/002800 mientras que la resolución notificada a mi representada, se produce en el expediente 2018/G003/003012.

La actuación del Ayuntamiento de Ames causa indefensión a mi representada, ya que Construcciones Ramos Freita S.L. no pudo alegar ni proponer ningún medio de prueba en el expediente de reposición de la legalidad urbanística. El Ayuntamiento de Ames dio veracidad a la denuncia formulada por el administrado sin constatar su veracidad. La administración no dispone de ningún medio de prueba que acredite que las teóricas filtraciones que se producen en el edificio contiguo procedan del edificio de mi representado, máxime cuando las causas de las filtraciones al sótano del edificio de los denunciantes NO SON ATRIBUIBLES A LA FALTA DE TERMINACIÓN DEL EDIFICIO EN CONSTRUCCIÓN, SINO A OTRAS MÚLTIPLES, COMO EL MAL FUNCIONAMIENTO DE LAS BOMBAS DE ACHIQUE DEL PROPIO GARAJE DE LOS DENUNCIANTES O EL DEFICIENTE FUNCIONAMIENTO DE LA RED MUNICIPAL DE EVACUACIÓN DE AGUAS PLUVIALES, todo ello según fue valorado y decidido en el Procedimiento judicial de la comunidad de propietarios contra la empresa a la que represento cuya copia se acompaña como DOCUMENTO UNO. En cualquier caso, la vulneración de las normas más esenciales del procedimiento administrativo, conlleva que se declare la nulidad del expediente administrativo.

La omisión de este previo trámite esencial de audiencia del interesado provocó una situación de indefensión material que conlleva la declaración de nulidad de la misma en aplicación del 47.1 e) de Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:27:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)
Decreto Nº: 350/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Es evidente que el desconocimiento de la existencia de un procedimiento sancionador incoado contra la mi representada por falta de notificación del acuerdo de incoación constituye un claro supuesto de indefensión ya que no pudo realizar las alegaciones que hubiese tenido por pertinentes en defensa de sus derechos o pretensiones.

Por tanto, la defectuosa notificación del decreto por el que se acuerda la incoación del decreto sancionador y de la propuesta de resolución conlleva la nulidad de resolución objeto del presente recurso.

SEGUNDA.- SOBRE LA CADUCIDAD DE LA LICENCIA

La resolución recurrida no adopta ningún acuerdo respecto de la caducidad de la licencia administrativa, sin embargo queremos poner de manifiesto que no procede que se declare la caducidad de la licencia las siguientes razones:

-FUERZA MAYOR EXTRAÑA. La obra de 16 viviendas fue construida por CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L. sobre la base de un acuerdo verbal con la familia *********, y llegado un momento en que para la continuación de la obra era preciso el otorgamiento de las oportunas escrituras públicas para finalizar el edificio, las integrantes de la familia por el fallecimiento de su madre primero, su tío ******** después y finalmente una de las hermanas, derivaron en una situación de incapacidad mental que finalmente fue promovida por la Fiscalía a instancia de instituciones de Ames. A día de hoy la familia ********* está legalmente incapacitada y su tutela atribuida a la Fundación Pública Gallega para la Tutela de Personas Adultas - FUNGA, con domicilio en Calle Salgueiriños de Abajo 15, Bj. 15703 Santiago de Compostela, con quien mi mandante intenta resolver la situación jurídica de los solares sobre los que se asienta la obra para poder concluir la misma.

-CAUSA JUSTIFICADA DE PARALIZACIÓN DE LAS OBRAS. Además de la alegada fuerza mayor, debemos recordar al Concello al que nos dirigimos que durante años ha habido entre el Concello y la empresa de mi mandante un conflicto en el que se nos imputaba la rotura de un emisario o colector municipal a la altura del solar, expediente que finalizó con un procedimiento contencioso Administrativo en Juzgado de lo Contencioso nº 2 de Santiago estimando nuestro recurso y dejando sin efecto las sanciones y requerimientos municipales.

-LEGALIDAD DE LAS OBRAS. Las obras están paralizadas por causa de fuerza mayor no imputable a esta parte, insistimos, empresa constructora sobre solar de las hermanas *********, pero son plenamente legales. Se adaptan a la licencia de obras y están cubiertas, por lo que no son la causa de las imputaciones que realizan los denunciantes que presionan y se dirigen al Concello al haberles sido desestimadas sus pretensiones al respecto en un pleito civil en el Juzgado de Negreira.

-INTENCIÓN DE CONCLUIR Las obras en cuanto se solucione jurídicamente el problema derivado de la incapacitación para contratar de las hermanas *********, y la FUNGA pueda obtener las autorizaciones judiciales para firmar con la empresa que dirige mi mandante los documentos legales necesarios.

La otra opción, será la demolición de lo ya construido, lo que lejos de ser solución alguna para los denunciantes empeoraría sensiblemente su problema , amén de la falta de capacidad económica de las empresas de mi mandante para afrontar dichas obligaciones.

Es inviable también desde el punto de vista técnico, y sobre todo desde el punto de vista económico, tramitar una nueva licencia de legalización de lo ya construido, pues supondría adaptaciones técnicas a la nueva normativa inviables en una edificación con la estructura construida, por lo que si se llega a declarar la caducidad de la licencia el destino del inmueble sería unívoco: o permanecer así por los siglos o la demolición.

La única solución es permitir a mi mandante conseguir la documentación del suelo, obtener financiación precisa para la terminación del edificio rematarlo conforme a la licencia.

Por lo expuesto,

SOLICITO AL CONCELLO, que tenga por presentado este escrito, se sirva admitirlo, y en su virtud, tenga por formulado el RECURSO DE REPOSICIÓN contra el Decreto 2888/2018 y previos los trámites legales pertinentes dicte una resolución por la que declare su nulidad por vulnerar las normas esenciales del procedimiento.

OTROSIDIGO.- Toda vez que se ha puesto de manifiesto que el Ayuntamiento de Ames ha vulnerado normas esenciales del procedimiento administrativo que causan indefensión a mi representado, interesamos que de forma CAUTELAR se deje sin efecto el Decreto 2888/2018 dado que su ejecución podría causar perjuicios irreparables.

3.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Para unha mellor fundamentación da admisión ou inadmisión das alegacións, irase argumentando unha por unha, no mesmo orde no que se expoñen no recurso:

1). Nulidad de actuaciones por vulneración del procedimiento legalmente establecido

En data de 7 de febreiro de 2019 ditouse Decreto de Alcaldía 297/2019, ante as alegacións presentadas por don ********** na que se resolve:

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:27:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)
Decreto Nº: 350/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

"PRIMEIRO.- DECLARAR anulable o Decreto de Alcaldía 2665/2018 do 26 de novembro de 2018 e ORDENAR a convalidación do acto administrativo emendando os erros, dirixíndose polo tanto o acto administrativo de incoación de expediente de reposición da legalidade por mor de uso de garaxe sen título habilitante, así como de incoación de expediente de caducidade de licenza ao titular da licenza de obras 388/2006, CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, e concedendo aos interesados un prazo de trámite de audiencia de 15 DÍAS desde a recepción da notificación do acto convalidado.

SEGUNDO.- DECLARAR anulable e deixar sen efectos o Decreto de Alcaldía 2888/2018 do 18 de decembro de 2018, toda vez que trae causa do acto administrativo anulado no dispositivo primeiro.

TERCEIRO.- ACORDAR o arquivo das actuacións contra ********** no expediente número 2018/G003/002800".

A resolución baséase no informe xurídico de data 7 de febreiro de 2019 no que se manifesta: " A licenza 388/2016 para a construción dun edificio de 16 vivendas, planta soto para garaxes e rochos, e baixo comercial na Rúa do Agrelo, foi outorgada en data de 27 de decembro de 2006, por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Ames a don **********, na representación de CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA S.L. Polo tanto, se ben é certo que don ********** actuou en representación da empresa promotora, non ostenta a condición de titular da licenza.

O erro no informe xurídico no que se basea o Decreto 2665/2018 provén dun erro de transcrición, polo que cabe declarar o acto anulable, sendo posible a súa convalidación de conformidade co establecido nos artigos 48 e 52 da Lei 39/2015. Estímase a alegación presentada" .

Mediante Decreto 315/2019, de 9 de febreiro, resólvese:

"PRIMEIRO.- INICIAR de oficio expediente de caducidade da licenza 388/2006, outorgada a CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L por acordo de Xunta de Goberno Local do concello de Ames en data de 27 de decembro de 2006, para construción de 16 vivendas, planta de soto para garaxes e rochos e baixo comercial, por incumprir o prazo máximo de remate das obras.

SEGUNDO.- INCOAR expediente de reposición da legalidade polo uso do garaxe da construción realizada ao amparo da mesma licenza sen haber obtido título habilitante que o ampare, ordenando a inmediata cesación do uso e requirindo ao promotor o precintado de acceso ao garaxe en condicións de illamento que garantan a salubridade, seguridade e ornato.

TERCEIRO.- Notificar á Policía local a presente resolución aos efectos de vixilancia de cumprimento do disposto.

CUARTO.- Fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, concédese trámite de audiencia ao interesado por un prazo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da presente resolución, para que poida presentar as alegacións e xustificacións que estime pertinentes.

O presente acto convalida o acto administrativo contido no Decreto de Alcaldía 2665/2018.

Notifíquese aos interesados a presente resolución coa indicación de que fronte ao inicio dos procedementos de caducidade de licenza e de reposición da legalidade, por tratarse de actos de mero trámite, a oposición aos mesmos poderá alegarse polo interesado para a súa consideración na resolución que poña fin aos procedementos".

Polo tanto, unha vez convalidado o acto administrativo, repárase no seu dereito ao titular da licenza, outorgando o prazo legalmente establecido para a defensa dos seus intereses. En todo caso, se reitera que o motivo da incoación do expediente de reposición da legalidade ven derivada do uso do garaxe sen título habilitante que o ampare. Na instrución do expediente se determinarán, no seu caso, as accións que o obrigado deba adoptar respecto á seguridade, salubridade e ornato das obras realizadas.

CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L., como titular é responsable do cumprimento das obrigas contidas na licenza de obras 388/2006, tanto no relativo aos tempos máximos de inicio, interrupción e execución da mesma (3 meses, 6 meses e 36 meses respectivamente), como respecto aos seguintes compromisos que impiden o uso da construción recollidos nas condicións particulares:

"A licenza quedará supeditada 6 cumprimento das seguintes condicións:

• Con carácter previo a execución das obras de edificación deberase presentar proxecto de execución, nomeamento do Aparellador ou Arquitecto Técnico, Estudio de Seguridade e Saúde, Proxecto de Telecomunicacións, aval ou fianza para garantir a execución das obras de urbanización polo importe consignado no informe do Arquitecto Técnico Municipal (2.500,00 €), compromiso de non utilizar a construción ata tanto non estea rematada a obra de urbanización, así como o título constitutivo da servidume de paso para o acceso ao soto a través da rampla do garaxe do edificio estremeiro.

• Haberá un valo de protección de ao menos dous metros de altura, constituída por materiais que ofrezan seguridade, conservación e bo aspecto, situada á distancia que sinalen os servizos técnicos de urbanismo do Concello. En calquera caso permitirase o paso de peóns. No caso de que, por imposibilidade manifesta, non se poda deixar libre a zona de beirarrúa, instalarase una nova con materiais resistentes, co piso elevado do pavimento existente, cunha rampla de acceso e baixada, varandas de protección, viseira pola parte superior e sinalización lumínica e visual en ámbolos dous extremos que garantan a seguridade dos peóns. Poñeranse luces de sinalización en cada ángulo do valo. A instalación

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:27:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)
Decreto Nº: 350/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

é provisional durante o tempo que duren as obras, debéndose suprimir e deixar a beirarrúa libre e en condicións o caso de paralización destas por un período superior a seis meses.

• Terase a disposición do persoal do Concello exemplares dos planos selacios e aprobados, así como da licenza expedida.

• Segundo establécese no informe do Arquitecto Técnico Municipal: cadanseu local comercial terá unha cheminea de evacuación de fumes y gases independente das comúns do edificio e que evacúe ó tellado.

• Os terreos tora das aliñacións, de acordo co PXOM, serán cedidos completamente urbanizados ao Concello, ditas obras deberán contar coa aprobación do Concello, coas modificacións ou axustes que se sinalen por parte dos Servizos Técnicos.

• A condición de non utilizar a construción ata tanto non estea rematada a obra de urbanización, contida no compromiso enriba requirido, establecerase nas cesións do dereito de propiedade ou de uso que se leven a efecto para todo ou parte do edificio.

• Non se permitirá a ocupación dos edificios ata que non estea realizada totalmente a urbanización que afecte a dito edificio e estean en condicións de funcionamento a subministración de auga, enerxía eléctrica e as redes de sumidoiros. O incumprimento do deber de urbanización simultáneo á edificación comportará a caducidade da licenza sen dereito a indemnización, impedíndose o uso do edificado, sen prexuízo do dereito dos terceiros adquirentes ó resarcimento dos danos e prexuízos que se lles houbesen irrogado.

• O titular da licenza quedará suxeito a abriga de consentir a instalación de rótulos ou placas indicativos do nome da rúa.

• A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de TRES MESES e o de terminación de TRINTA E SEIS MESES, dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

• O sinalado prazo máximo de tres meses para comezar as obras de edificación contarase dende a data de concesión da licenza. No caso de non iniciarse as obras en dito prazo, o proxecto deberase adaptar ao Código Técnico da Edificación."

A isto hai que engadir que tanto o Decreto 28/1999, do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia (artigo 10.1), como a Lei 9/2002, LOUGA, (artigo 195.6), como os artigos 2.2.1, 8.1.1 e 8.1.16 do PXOM de Ames - normativa vixente no momento da concesión da licenza - esixían a tramitación da licenza de primeira ocupación como condición previa ao uso da edificación. Na actualidade, os artigos 142.g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia e 351.g) do Decreto 143/2016 do seu Regulamento recollen a mesma obriga, determinante para a obtención de conformidade por parte da administración actuante sobre a legalidade urbanística da obra realizada.

Polo exposto, desestímase a alegación en tanto que a anulabilidade do Decreto 2888/2018 xa foi decretada por esta administración á data da redacción deste informe, extinguíndose por tanto os efectos do mesmo.

2). Sobre a caducidade da licenza.

Tal como expón o Decreto 315/2019 de 9 de febrero, o inicio do procedemento deriva dunha denuncia cidadá relativa ao incumprimento da legalidade urbanística en vigor, manifestando tanto a existencia dunha obra sen rematar, como o uso indebido da mesma. Polo tanto, a administración, no seu deber de protección da legalidade urbanística (de exercicio inescusable de conformidade co artigo 370 do Decreto 143/2016), ten a obriga de coñecer sobre ambos extremos. Neste senso, o artigo 375.3 do Decreto 143/2016 establece que "*en ningún caso poderá a Administración deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar o orden urbanístico vulnerado ou a repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal*".

Do coñecemento dos feitos expostos na citada denuncia esta Administración resolve, entre outros, a incoación dun expediente de caducidade de licenza "*por incumprir o prazo máximo de remate das obras*".

O interesado aduce como causa de forza maior de paralización das obras as seguintes cuestións:

3.1) A existencia dun contrato verbal de compravenda coa familia ********** que non acadou elevación a escritura pública debido ao falecemento de varios integrantes da familia e da situación de incapacidade das actuais herdeiras das parcelas sobre as que se concede a licenza de obras – (RC 8852711NH2485S0001RM, 8852712NH2485S0001DM) –, as cales encóntranse tuteladas na actualidade pola Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), con quen CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA S.L., intenta resolver a situación xurídica dos soares sobre os que se asenta a obra para poder rematar a mesma.

Respecto á consideración do exposto polo interesado como causa de forza maior que deba dar lugar á suspensión do prazo outorgado da licenza de obra, hai que resaltar que a licenza de obra se concedeu

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:27:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)
Decreto Nº: 350/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro. A pasividade do titular da licenza de obras por mor da imposibilidade de formalizar a titularidade da parcela ao seu nome non pode funcionar como eximente para reter a licenza de obras sen exercicio efectivo "sine die".

Resulta procedente ter en consideración que CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L., pola actividade mercantil que desprega e sendo profesional do ramo, debía coñecer o tráfico xurídico propio da promoción de obras. Polo que resulta lóxico pensar que, antes de acometer obras amparadas na licenza outorgada por este Concello ou mesmo con anterioridade á solicitude da licenza, houbera despregado a dilixencia debida respecto á titularidade do terreo, sendo coñecedora das dificultades urbanísticas que comporta a ausencia de título lexítimo.

Doutra banda, na obriga de impulso de oficio dos expedientes administrativos e para intentar clarificar os extremos relativos á responsabilidade que poida xurdir no expediente, o concello de Ames solicitou emisión de informe á FUNGA respecto da situación da propiedade das referidas parcelas e as posibles xestións tendentes a culminar a transmisión da propiedade das mesmas a favor de CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, S.L. (r.e. na FUNGA o 4 de febreiro de 2019), solicitude amparada no artigo 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común de las Administracións Públicas.

En espera da resposta da FUNGA que poida clarificar a posibilidade real de transmisión das parcelas, reitérase que, en todo caso, o posible litixio sobre a titularidade do soar constitúe unha cuestión de orde civil que non compete a esta administración e cuxas dificultades para o promotor non poden constituír - como xa se expuxo con anterioridade - unha eximente para reter a licenza de obras sen exercicio efectivo por tempo indeterminado.

3.2) Recordan ao Concello que durante anos houbo entre o Concello e a empresa promotora un conflito no que se lle imputaba a rotura dun emisario ou colector municipal á altura do solar, expediente que finalizou cun procedemento contencioso Administrativo en Xulgado do Contencioso nº 2 de Santiago estimando o noso recurso e deixando sen efecto as sancións e requirimentos municipais.

Revisado o expediente ao que fai referencia o interesado, non encontra a persoa que subscribe este informe acto administrativo algún no expediente de reposición da legalidade que ordenara a paralización das obras, senón a reparación dun colector de saneamento. A sentenza P.A. nº 13/2014, do Xulgado Contencioso-Administrativo número 2 de Santiago de Compostela que se achega coas alegacións, recoñece ao interesado unha estimación parcial do pretendido, declarando a anulabilidade e anulando as resolucións de Alcaldía de 31.10.2013, sobre desestimación do recurso de reposición contra resolución de Alcaldía de 10.05.2013, toda vez que este último como acto administrativo que resolvía o expediente de reposición de legalidade - e polo tanto, poñía fin ao procedemento - non recollía no seu corpo os recursos que debían constar na mesma e polo tanto, non permitía a apertura da fase de execución forzosa. En conclusión, anula os actos que deron lugar á imposición dunha execución forzosa mediante multa coercitiva.

Non alcanza a entender quen subscribe a relación que isto ten coa paralización das obras, toda vez que a sentenza en cuestión (de data de 18 de xullo de 2014) non houbera impedido a continuación e remate da edificación do bloque de 16 vivendas. Aínda no suposto en que esta administración non tivera en conta o tempo no que se substanciou o asunto ante o xulgado, o prazo máximo para o remate das obras de 36 meses concedido na licenza se ten de sobra cumprido.

3.3) As obras están paralizadas por causa de forza maior non imputable a esta parte, insistimos, empresa construtora sobre solar das irmás **********, pero son plenamente legais. Adáptanse á licenza de obras e están cubertas, polo que non son a causa das imputacións que realizan os denunciantes que premen e diríxense ao Concello ao serlles desestimadas as súas pretensións respecto diso nun preito civil no Xulgado de Negreira.

No Decreto de Alcaldía 315/2019 de 9 de febreiro non se entra a coñecer sobre cuestións privadas que, en todo caso, deben denunciarse polos interesados ante a orde xurisdicional civil. A incoación da caducidade da licenza ven determinada polo transcurso do tempo concedido para o remate das obras. Nada ten que ver esta cuestión co que manifesta o interesado nesta alegación.

Respecto á incoación do expediente de reposición da legalidade, o que o motiva é – insistimos – o uso do garaxe sen título habilitante que o ampare, debendo manterse en condicións de seguridade e salubridade. Na instrución do procedemento se determinará polos servizos técnicos as actuacións que, de ser o caso, deberá acometer o titular das obras para o cumprimento desta obriga.

VERSIÓN PARA MOSTRA DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:27:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)
Decreto Nº: 350/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3.4) Intención de concluír as obras en canto se solucione xuridicamente o problema derivado da incapacitación para contratar das irmás **********, e a FUNGA poida obter as autorizacións xudiciais para asinar con CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA S.L. os documentos legais necesarios. A outra opción, será a demolición do xa construído, o que lonxe de ser solución algunha para os denunciantes empeoraría sensiblemente o seu problema, a máis diso a falta de capacidade económica das empresas da miña mandante para afrontar as devanditas obrigacións. É inviable tamén desde o punto de vista técnico, e sobre todo desde o punto de vista económico, tramitar unha nova licenza de legalización do xa construído, pois supoñería adaptacións técnicas á nova normativa inviables nunha edificación coa estrutura construída, polo que se se chega a declarar a caducidade da licenza o destino do inmoble sería unívoco: ou permanecer así polos séculos ou a demolición. A única solución é permitir á empresa da miña mandante conseguir a documentación do solo, obter financiamento preciso para a terminación do edificio e rematalo conforme á licenza.

Non comparten os servizos técnicos deste concello o criterio de inviabilidade da tramitación de licenza de legalización do xa construído, salvo mellor criterio técnico que poida desprenderse dun estudio completo enmarcado no correspondente expediente. Se ben é certo, que o produto inmobiliario resultante non sería o mesmo que o que resultaría da licenza 388/2006.

Será preciso determinar á viabilidade da execución completa da mesma en función da posibilidade de acreditación de adquisición dos terreos ou obtención de título inscribible no rexistro da propiedade para valorar unha posible obtención de prórroga da licenza obtida. Engadir que a pretensión de condicionar o mantemento da licenza á obtención de financiamento sen acreditar a súa viabilidade, non parece razoable. Polo tanto, habendo solicitado este concello formalmente informe do titor legal das actuais propietarias, así como cita para o análise da situación, a procedencia da concesión da prórroga ou da caducidade la licencia analizarase en función dos resultados obtidos e demais verificacións que se estimen pertinentes.

Desestímase integramente esta alegación en tanto que será no expediente de caducidade de licenza no que se resolva sobre esta cuestión, a resulta das verificacións da fase de instrución.

Polo exposto, consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ROF, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR na súa integridade as alegacións presentadas en recurso de reposición contra Decreto 2888/2018 por don **** ****** ****** *******, en representación da entidade CONSTRUCCIONES RAMOS FREITA, SL, en data de 21 de xaneiro de 2019, por ser declarado anulable e deixado sen efectos por acto posterior de esta administración, mediante Decreto de Alcaldía 297/2019, de 7 de febreiro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso Contencioso – Administrativo, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte o da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa).

O ALCALDE	A SECRETARIA
José M. Miñones Conde	Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:27:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)
Decreto Nº: 350/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: COORDINACIÓN DA SOLICITUDE DA DISTINCIÓN CIDADE DA CIENCIA E INNOVACIÓN.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000347

ANTECEDENTES:

O 1 de outubro de 2018 mediante resolución da Alcaldía 2101/2018, aprobouse a adxudicación a Sinerxia Consultora SLU para a coordinación da solicitude "Red Impulso" da Distinción Cidade da Ciencia e a Innovación por un período de cinco meses.

Debido a non tramitación no ano 2018, compre deixar sen efecto a resolución 2101/2018.

O pasado mes de decembro, mediante Resolución de 13 de decembro a Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desarrollo e Innovación, aproba a convocatoria para a distinción Ciudad de la Ciencia y la Innovación correspondente ao ano 2018.

Dende a Concellería de Promoción Económica tense a intención de levar a cabo a petición para formar parte da "Red Impulso", rede nacional de cidades da ciencia e a innovación.

Para elo dada a imposibilidade de medios por parte do concello, considérase necesario a contratación dunha consultora.

O traballo desta consultora consistirá na coordinación da solicitude da Distinción Cidade da Ciencia e a Innovación por parte do Concello de Ames.

O importe do contrato ascende a 2.450,00 euros máis 514,5 de IVE, o que fai un importe total de 2.964,50 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

O contrato terá unha duración de 5 meses, co que non supera a duración máxima para os contratos menores establecida no artigo 29.8 da LCSP.

Ao amparo do 118.3 da LCSP, neste expediente non se atopa alterado o obxecto do contrato, e o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra do artigo 118.1 da LCSP para os contratos menores de servizos.

Consta no expediente oferta e proposición económica da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

En base ao anterior, e en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Deixar sen efecto a resolución da Alcaldía 2101/2018 de 1 de outubro de 2018.

Segundo.- Adxudicar a **Sinerxia Consultora SLU**, con CIF: B-27743897, a coordinación da solicitude para formar parte da "Red Impulso" da Distinción Cidade da Ciencia e a Innovación por parte do Concello de Ames, segundo a oferta presentada o 22 de xaneiro de 2019 e que figura no expediente.

Terceiro.- A duración da prestación do servizo será de cinco meses, cumprindo así co establecido no artigo 29.8 da LCSP.

Cuarto.- O prezo do contrato ascende a 2.450,00 euros máis 514,5 de IVE, o que fai un importe total de 2.964,50 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 4314.22706 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Quinto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ***** **********.

Sexto.- Notificar á adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/02/2019 14:28:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 12/02/2019 14:39:00)
Decreto Nº: 351/2019 - Fecha de decreto: 12/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de AMES

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: REVISIÓN BONIFICACIÓNS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN - XANEIR0 2018

EXPEDIENTE: 2019/G003/000356

ANTECEDENTES:

PROPOSTA DE RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓNS DAS TAXAS POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE AMES. REVISIÓN 2018.

Examinada as solicitudes de recoñecemento das bonificacións das taxas por prestación de Servizos Complementarios educativos, polo Departamento de Servizos Complementarios de Educación, atendendo a documentación acreditativa das variacións socioeconómicas da unidade familiar en base á renda do exercicio 2016, en conformidade co artigo 9.1 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral, faise a seguinte proposta de revisión das bonificacións, sendo esta a máis beneficiosa das solicitadas.

As valoracións das solicitudes de bonificación responden aos criterios interpretativos aprobados por decreto nº 356/2014, asemade é de aplicación o decreto nº 698/2013.

De acordo co previsto na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral, estes beneficios serán de aplicación, para os expedientes de bonificación de taxas dos servizos públicos de "Rede municipal de comedores escolares", "Bos días cole", "Tardes divertidas" correspondentes ao curso académico 2017/2018, e para os servizos de "Programas lúdicos" e "Escola de verán" que teñan lugar ata o 31/08/2018, coa excepción das bonificacións outorgadas por informe de servizos sociais onde os beneficios serán de aplicación para os servizos e períodos indicado no mesmo, co fin de respectar o criterio sinalados en cada caso polo traballador social.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Manter as bonificacións outorgadas que se sinalan de seguido, e estender a mesma aos programas dos servizos educativos ata o período arriba indicado, sempre que medie solicitude expresa do beneficiario en cada un dos programas:

1º Apelido Neno	2º Apelido Neno	Nome Neno	Solicitante	DNI Solicitante	Valoración	Proposta
QUINTO. O procedemento para levar a cabo o recoñecemento de responsabilidade patrimonial é o seguinte:

A. Recibida a solicitude do interesado, por Resolución de Alcaldía se decidirá acerca da súa admisión a trámite, e iniciarase, no seu caso, o procedemento, e nomearase ademais instrutor do mesmo.

B. O instrutor do procedemento realizará os actos necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos e, de ser necesario acordará a apertura dun período de proba por un prazo non superior a trinta días nin inferior a dez, a fin de que podan practicarse cantas xulgue pertinentes. Das probas propostas polos interesados só poderá rexeitar aquelas que sexan manifestamente improcedentes ou innecesarios, mediante resolución motivada.

C. O órgano instrutor poderá solicitar cantos informes considere necesarios para fundar a súa proposta de resolución, e necesariamente deberá solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionara a presunta lesión indemnizable, non podendo exceder de dez días o prazo para a súa emisión.

D. Instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución poñerase de manifesto o expediente ao interesado para que nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Se antes do vencemento do prazo manifestara o interesado a súa decisión de non efectuar alegacións nin aportar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

E. No caso de que a cantidade reclamada sexa superior a 15.000 euros o órgano instrutor, no prazo de dez días a contar desde a finalización do trámite de audiencia, deberá remitir á Alcaldía a Proposta de Resolución ou Proposta de Acordo, no caso de que se plantexe unha terminación convencional, para que curse solicitude de Ditame do Consello Consultivo de Galicia.

G. No prazo máximo de vinte días desde a recepción, no seu caso, do Dictame, o órgano competente resolverá a proposta de acordo para a súa formalización polo interesado e polo órgano administrativo competente para subscribilo.

A resolución se pronunciará, necesariamente, sobre a existencia ou non da relación de

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:56:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:23:00)
Decreto Nº: 366/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida e, no seu caso, sobre a valoración do dano causado e a contía da indemnización, explicitando os criterios utilizados para o seu cálculo.

Polo exposto, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro. Iniciar a instancia de parte expediente administrativo con obxecto de determinar se procede recoñecer a ********** o dereito á indemnización no importe de 669,57 euros, polos danos sufridos na fachada lateral da súa vivenda, sita en Urb. Aldea Nova, 72, como consecuencia da limpeza da maleza por parte dos servizos municipais do rueiro sito a carón de dita vivenda.

Segundo. Aos efectos de tramitar o correspondente expediente, nomear instrutor ao concelleiro de urbanismo, obras públicas e servizos básicos, J. Blas García Piñeiro.

Terceiro. Tendo concertada este Concello unha póliza de seguro de responsabilidade civil coa compañía Zurich Insurance PLC, a través da corretaxe de seguros Artai Consultores de Seguros, S.A., debe notificárselle a iniciación do expediente de responsabilidade patrimonial, dándolle traslado do presente decreto e do escrito da reclamante, para que poida constituírse en parte no expediente de referencia, xa que a citada compañía pode resultar afectada pola resolución que se adopte.

Cuarto. Notifíquese este acordo de iniciación do procedemento aos interesados, coa indicación de que, no prazo de dez días, poden achegar cantas alegacións, documentos ou información estimen conveniente para o seu dereito e propoñan cantas probas consideren pertinentes para o recoñecemento do mesmo. Transcorrido o dito prazo, vistas as alegacións realizadas, e practicadas, no seu caso, as probas propostas, ditarase a resolución definitiva que corresponda, previa proposta de resolución, que realizará a instrución.

O alcalde	A secretaria accidental
José M. Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA FORMAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:56:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:23:00)
Decreto Nº: 366/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: MARCAXES DAS LIÑAS EN CHAN E PAREDE DA PISTA DE SQUASH DO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000391

ANTECEDENTES:

Dende o Departamento de Deportes, dáse conta da necesidade de pintado da pista de squash do Pavillón de Bertamiráns.

O servizo consiste na marcaxe das liñas en chan e parede da pista de squash do pavillón de Bertamiráns, polo que faise necesario proceder á contratación mediante contrato menor.

O importe do contrato ascende a 575,00 euros máis 120,75 euros de IVE do 21%, o que fai un importe total de 695,75 euros, non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

Consta no expediente proposición económica da empresa, proposta de gasto favorable e informe proposta do servizo.

Este contrato axústase as características do contrato menor, por tratarse dun subministro de carácter puntual que responde as necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os limites temporais e cuantitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a **Galitec Desarrollos Tecnológicos SL**, con CIF B-36495604, o servizo de pintado das liñas en chan e parede na pista de squash do Pavillón de Bertamiráns, segundo presuposto de 13 de novembro de 2018 que figura no expediente.

Segundo.- O servizo, farase pola adxudicataria do contrato no tempo estipulado, non superando o previsto no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 575,00 euros máis 120,75 euros de IVE do 21%, o que fai un importe total de 695,75 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 342.21200 do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ******* **********.

Quinto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria accidental
Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:56:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:23:00)
Decreto Nº: 367/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO

ASUNTO: COMUNICACIÓN PREVIA. DECLARACIÓN DE INEFICACIA
REFERENCIA CATASTRAL: 8653323NH2485S0001ZM
EXPEDIENTE 2019/G003/000389

FEITOS

1.- Con data de 3 de decembro de 2018, dona ********** presenta comunicación previa (r.e. 201899900001870) para peche de parcela con referencia catastral número 8653323NH2485S0001ZM, sita en Rúa Alcalde Lorenzo, Bertamiráns, parroquia de Bugallido.

2.- Coa comunicación previa achégase:

- Foto aérea distorsionada de cartografía catastral a escala 1:1000 no que non figura a superficie de parcela.
- Orzamento de Construcciones y Reformas J.G. Nieto, con NIF ********* no que se detallan as obras a realizar:

"Presupuesto de obra para el cierre de una finca de aproximadamente 90 m² en Bertamiráns. Trabajos a realizar:
1º) Abrir zanja de 30 metros de profundidad para la cimentación
2º) Hacer pilares de hormigón en las esquinas y portal de entrada
3º) Colocación de postes cada 3 m, colocar 2 hiladas de bloque (50-20-12)
4º) Poner enrejado de 1,20 m de alto
5º) Nivelar la superficie de la finca y poner una capa de zahorra y pisarla.
Dicho presupuesto asciende a: 6.350 €
IVA(201%) 1.333,50 €
TOTAL 7.683,50 €"

- Liquidación de taxas en concepto de acotamiento de finca por valor de 78,43 €
- Declaración responsable de dona **********, na que se manifesta:
  - Que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
  - Data de inicio das obras: 26 de decembro e, en todo caso, non superior a 3 meses desde a data de presentación da comunicación previa de obras.
  - Data de remate das obras: Non superior a un ano.

3.- De conformidade co PXOM de Ames, a parcela catastral obxecto de comunicación previa está clasificada como Solo urbano non consolidado incorporado ao Area de reparto de Planeamento Específico APE-B7-09, suxeito ao sistema de actuación de compensación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

I. O artigo 89 da Lei Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) dispón que poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estiveran expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial.

Os usos e obras provisionais deberán cesar e derrubarse cando o houbera acordado o concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no rexistro da propiedade.

As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residenciais ou industriais.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 204 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, do Regulamento da LSG.

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:57:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:24:00)
Decreto Nº: 368/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

II.- Da regulación contida nos artigos 146 da LSG, e artigos 348 e ss. Do Decreto 143/2016 do seu Regulamento, as licenzas urbanísticas e as comunicacións previas teñen por finalidade o sometemento a control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

En concreto, o artigo 360 do Regulamento da LSG dispón que a comunicación previa en materia de urbanismo é o documento no que a persoa interesada pon en coñecemento da Administración municipal que reúne os requisitos para realizar un acto de transformación, construción, edificación e uso do solo ou do subsolo que non está suxeito a licenza municipal e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. Asemade, en particular, somete ao réxime de comunicación previa:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, non precisen de proxecto de obras de edificación.

b) A execución de obras ou instalacións menores.

En ningún caso entenderanse como tales as parcelacións urbanísticas, os muros de contención de máis de metro e medio de altura, as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados e os grandes movementos de terra.

c) A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.

d) O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de calquera clase.

e) A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.

f) A extracción de áridos para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.

g) As actividades extractivas de minerais, líquidos, e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo.

h) A instalación de invernadoiros.

i) A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.

j) Os peches e valados de leiras.

k) As instalacións e construcións de carácter temporal destinadas a espectáculos e actividades recreativas.

No seu artigo 361 se establecen os requisitos de presentación da comunicación previa:

1. O promotor, con carácter previo á execución do acto de que se trate, comunicará ao concello a súa intención de levar a cabo o acto cunha antelación mínima de quince días hábiles á data na que pretenda comezar a súa execución. A comunicación haberá de ir acompañada da seguinte documentación:

a) Datos identificativos da persoa física ou xurídica promotora e, no seu caso, de quen a represente, así como unha dirección a efectos de notificacións.

b) Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente esixible (artigo 146.1.a) da LSG).

c) Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación (artigo 146.1. b) da LSG).

d) Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando fosen legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento (artigo 146.1. c) da LSG).

A estes efectos, no caso de non emitirse os informes no prazo legalmente establecido, acreditarase tal circunstancia.

e) Autorización ou documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso a que se destinen as obras (artigo 146.1.d) da LSG).

f) Xustificante de pago dos tributos municipais que resulten preceptivos.

g) No seu caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento.

h) Documento de formalización da cesión, no seu caso.

i) Data de inicio e finalización das obras.

2. Dentro dos quince días hábiles seguintes á comunicación, o concello, sen prexuízo da comprobación do cumprimento dos requisitos, poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a corrección das deficiencias que presentase a documentación, adoptando neste caso, motivadamente, as medidas provisionais que entenda oportunas para evitar toda alteración da realidade en contra da ordenación urbanística aplicable, comunicándoas á persoa interesada por calquera medio que permita acreditar a súa recepción (artigo 146.2 da LSG).

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:57:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:24:00)
Decreto Nº: 368/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Unha vez declarada polo concello, no seu caso, completa a documentación presentada, o exercicio das facultades municipais de inspección e control sobre os actos de uso do solo ou do subsolo obxecto da comunicación previa presentada limitarase á comprobación do cumprimento dos requisitos materiais aos que estivesen sometidos pola lexislación e o plan urbanísticos.

Con carácter xeral, transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado, a presentación da comunicación previa cumprindo con todos os requisitos esixidos constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do chan e do subsolo suxeitos á mesma, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo (artigo 146.2 da LSG).

3. Cando haxan de realizarse diversas actuacións relacionadas coa mesma edificación ou inmoble, presentarase unha única comunicación previa (artigo 146.3 da LSG).

4. En relación á prelación de títulos administrativos e as comunicación previas, resultará de aplicación o previsto para as licenzas no artigo 356.

III.- De conformidade co disposto no artigo 362 do Regulamento da LSG, a inexactitude, falsidade u omisión de calquera dato, manifestación ou documento qeu se acompaña ou incorpora á comunicación previa comporta, previa audiencia de persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

CONCLUSIÓNS

Dos datos obrantes no expediente, resulta que a titularidade da finca catastral obxecto deste informe pertence a varias propietarias:

**********	Usufructo	76%
**********	Propietaria	24%
**********	Nuda propiedade	38%
**********	Nuda propiedade	38%

Segundo a normativa anteriormente citada, na comunicación previa é preciso identificar a titularidade do promotor das obras e, no seu caso, a súa representación. A parcela sobre a que se solicita a comunicación non só se refire ao peche da mesma, senón tamén á nivelación do terreo e pavimentación esencial a base de compactado de zahorra. O Area de reparto de Planeamento Específico APE-B7-09 non ten iniciado o procedemento de xestión correspondente, polo tanto, as obras solicitadas pola comunicación previa considéranse obras solicitadas como uso provisional.

Isto ten importantes implicacións:

A) O deber da propiedade de presentar un documento de renuncia ao incremento expropiatorio polas obras solicitadas como requisito previo á autorización municipal, que a comunicación previa non incorpora.

B) Polas implicacións evidentes que isto ten no dereito de propiedade, a presentación de documentación acreditativa da representación outorgada a favor da solicitante, dona **********, polo resto da propiedade.

C) Será preciso determinar coa solicitude o obxecto real das obras solicitadas e, tratándose dun uso provisional en solo urbano non consolidado, o destino (referido ao uso) das mesmas.

D) Na comunicación previa non se presenta plano de deslinde da propiedade. A única referencia á superficie consta no presuposto das obras – no que entendemos que existe un erro na superficie que incorpora – do que se deduce que a finca ten "aproximadamente 900 m ^{2}".

Dos datos obrantes no concello, da inscrición rexistral da finca no Rexistro da Propiedade de Negreira resulta unha superficie de parcela de 956 m ^{2}, non existindo concordancia cos datos obtidos da Dirección Xeral de Catastro, que arroxa unha superficie de parcela de 922 m ^{2}.

Resulta polo tanto preciso a acreditación da superficie real da parcela, aportando medición mediante plano topográfico xeoreferenciado asinado por técnico competente, no se que se comprobe a superficie real do terreo incorporando as coutas e superficies no plano ou planos que se presenten, así como a corrección das discordancias entre ambos rexistros (Rexistro da Propiedade e Castastro).

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:57:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:24:00)
Decreto Nº: 368/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por todo o exposto anteriormente e consonte co artigo 175 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, de regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, O ALCALDE, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a normativa específica de aplicación, RESOLVE:

PRIMEIRO.- CONCEDER a dona **********, como solicitante e promotora da comunicación previa presentada con r.e. 201899900001870, para peche de parcela con referencia catastral número 8653323NH2485S0001ZM, sita en Rúa Alcalde Lorenzo, Bertamiráns, parroquia de Bugallido, así como as demais titulares da parcela, tramite de audiencia previo á declaración de ineficacia da referida comunicación por un prazo de 15 días hábiles desde o seguinte á comunicación da presente resolución.

Segundo.- Logo do trámite de audiencia e a resultas deste, ditarase, de ser procedente, a declaración de ineficacia da comunicación previa.

Terceiro.- ADVERTIR ás interesadas que, no seu caso, a resolución administrativa que declare a ineficacia da comunicación previa, impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde a notificación da resolución pola que se declare a ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos, e comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades, podendo determinar o deber da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, que non será inferior a tres meses nin superior a un ano.

Contra esta resolución non procede recurso algún, por tratarse dun mero acto de trámite, sen prexuízo de que poida interpoñer o que se estime procedente.

O ALCALDE	A SECRETARIA ACCIDENTAL
José M. Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:57:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:24:00)
Decreto Nº: 368/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ASUNTO: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL INTERINA DUN/DUNHA PSX DE COMEDORES ESCOLARES EN SUBSTITUCIÓN DE ******** *******

EXPEDIENTE:2019/G003/00380

ANTECEDENTES:

Primeiro: Con data 12 de febreiro de 2019, o concelleiro delegado de Educación e Cultura, presenta unha proposta na que indica que desde o 11 de febreiro de 2019 a traballadora **********, PSX do servizo de comedores escolares a media xornada, está en situación de baixa por continxencias comúns, e solicita a súa substitución.

Segundo: Tendo en conta o anterior, mediante Providencia da Alcaldía de 4 de febreiro de 2019 dáse inicio ao procedemento administrativo tendente á selección e contratación dun/dunha PSX, a media xornada, en substitución de ********** *******, durante a súa ausencia derivada dunha baixa por continxencias comúns, e solicítase a emisión de informe polo xefe da dependencia ao que lle corresponda tramitar o expediente conforme ao artigo 172 do ROF.

Terceiro.- Con data 12 de febreiro de 2019, a técnico de Secretaría informa favorablemente e propón a selección e contratación laboral temporal dun/dunha PSX, a media xornada, en substitución de **********, durante a súa ausencia derivada da baixa por continxencias comúns na que se atopa, por responder a un caso excepcional e tratarse dunha necesidade urxente e inaprazable tal e como quedou razoado no corpo deste informe- proposta.

En dito informe tamén se indica que, ao tratarse dunha contratación temporal que non deriva dunha vacante, acudirase as bolsas de traballo de PSX de comedores destinadas á cobertura temporal de postos que non sexan derivados dunha vacante.

Cuarto.- Con data 4 de febreiro de 2019, a interventora municipal emite informe de fiscalización previa limitada (informe 34/2019), favorable ao informado pola técnico de Secretaría.

Cumpridos os trámites establecidos e tendo en conta o estipulado no Texto Refundido do Regulamento de bolsas de traballo do Concello de Ames, desde o servizo de RR.HH do Concello efectuáronse os correspondentes chamamentos aos/ás aspirantes que figuran na bolsa de traballo deste tipo de postos, segundo os criterios de chamamentos que se establecen no artigo 9 de dito Regulamento, producíndose a aceptación por parte dun/dunha dos/as candidatos/as de dita bolsa, como queda comprobado na documentación que obra no expediente.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Proceder á contratación laboral temporal interina, a media xornada, por substitución da titular de **********, con NIF *********. Contratación que terá as seguintes especificacións:

Modalidade contractual: Contrato laboral temporal interino/a por substitución

C.I.F.: P - 1500200 - I

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:57:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:26:00)

Decreto Nº: 369/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

do/a titular, a media xornada

Traballadores/as substituídos/as: **********

Posto: PSX

Duración: Desde o 13 de febreiro de 2019 ata a reincorporación efectiva ao seu posto da traballadora substituída ou, no caso de que esta non se produza antes da data de fin do período de actividade do servizo de comedores para o curso 2018-2019 que para o caso dos traballadores a media xornada sería ata o 30 de xuño de 2019.

Funcións PSX: asistir ao persoal de cociña nas súas actividades ordinarias e en todo o que sexa necesario para a elaboración dos menús diarios, realizar tarefas de limpeza e manter as instalacións en adecuado estado de conservación e hixiene, cubrir as fichas APPCC que lle sexan requiridas pola xefatura do servizo e calquera outra, correspondente a súa categoría, e propia do departamento no que se integra.

Datos retributivos PSX: O posto a cubrir pertencen ao grupo C3, cun nivel de complemento de destino 13 e complemento específico anual de 5.373,30 € que se verá reducido proporcionalmente á xornada realizada e aos que lle serán de aplicación as distintas actualizacións que deriven das Leis de orzamentos xerais do Estado.

Segundo.- Notificar o contido desta resolución á interesada e dar traslado ao Servizo de RR.HH aos efectos oportunos.

O alcalde | A secretaria accidental

José M. Miñones Conde | Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:57:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:26:00)
Decreto Nº: 369/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: COMPRA DE BILLETES A MADRID E ALOXAMENTO.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000393

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ve necesario a asistencia a unhas xornadas sobre a xestión dos Fondos Europeos desde o desenrolo de iniciativas enmarcadas no ámbito local.

Ditas xornadas van ter lugar en Madrid os días 14 e 15 de febreiro de 2018 e asistirán tres representantes do Concello de Ames

Para elo dada a imposibilidade de medios por parte do concello, considérase necesario a contratación do servizo da compra dos billetes de ida e volta a Madrid e o aloxamento.

O importe do contrato ascende a 1.522,00 euros (tasas de aeropuerto, IVA y gastos de gestión incluidos), non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP.

A duración do contrato será de 2 días, tendo lugar o próximo 14 e 15 de febreiro de 2019.

O presente contrato non supera a duración máxima para os contratos menores establecida no artigo 29.8 da LCSP.

Ao amparo do 118.3 da LCSP, neste expediente non se atopa alterado o obxecto do contrato, e o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra do artigo 118.1 da LCSP para os contratos menores de servizos.

En base ao anterior, e en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Adxudicar a ******************,** con DNI: ************, a compra dos billetes e o aloxamento para tres persoas a Madrid.

Segundo.- O servizo terá unha duración de dous días, non superando o previsto no artigo 29.8 da LCSP.

Terceiro.- O prezo do contrato ascende a 1.522,00 euros (tasas de aeropuerto, IVA y gastos de gestión incluidos), non excedendo dos límites establecidos no artigo 118.1 da LCSP, con cargo as aplicacións orzamentarias 912.23100, 912.23000, 4911.23120, 4911.23020, 2411.23120, do vixente orzamento municipal, prorrogado do 2018.

Cuarto.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da LCSP a ************ ****************.

Quinto.- Notificar á empresa adxudicataria a presente resolución.

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria accidental
Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ******************************
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:57:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:26:00)
Decreto Nº: 370/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: ******************************
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: (RSGM) ********** (DNI *********). Modificación Decreto 164/2019, Prórroga Renda Social de Garantía Mínima

EXPEDIENTE: 2019/G003/000388

ANTECEDENTES:

Dna. ********** (DNI *********) é beneficiaria da prórroga da Renda Social de Garantía Mínima aprobada por Decreto 164/2019 (do 23/01/2019), e de acordo coa documentación presentada pola interesada no rexistro xeral do Concello o 24/01/2019, así como co informe emitido polo equipo de valoración dos servizos sociais, onde se propón a modificación da contía de dita axuda de acordo coas bases que regulan a mesma (BOP 220, 20/11/2017),

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Modificar a contía da Renda Social de Garantía Mínima a percibir por Dna. ********** ****** (aprobada por Decreto núm. 164/2019 de 23/01/2019), quedando fixada do xeito seguinte:

- Pago de 416,62€/mensuais durante os 5 meses restantes da prórroga da axuda de Renda Social de Garantía Mínima

O que se informa os efectos oportunos:

1. A percepción desta axuda queda condicionada ao cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza reguladora da mesma.

2. Conforme ao establecido no artigo 13 (xustificación da renda de garantía mínima), a persoa beneficiaria deberá, no prazo de 2 meses posteriores a cada pagamento efectuado, acudir aos servizos sociais co fin de realizar o seguimento da axuda e así proceder aos seguintes pagamentos de ser o caso.

3. Conforme ao establecido no artigo 26 (xustificación das axudas para a recuperación en situacións de emerxencia social), a persoa beneficiaria xustificará por medio das correspondentes facturas e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso, mediante a documentación acreditativa do pagamento.

4. As axudas concedidas poderán ser revisadas, suspendidas ou extinguidas no caso de existir indicios obxectivos de terse perdido, temporal ou definitivamente, os requisitos para a súa concesión, ou para o suposto de incumprirse algunha das obrigas previstas nesta ordenanza e no resto da normativa de aplicación.

5. A ocultación ou falsidade de datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.

6. Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento do proxecto de integración.

b) Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión ou obtención

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:59:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:28:00)
Decreto Nº: 371/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

da axuda sen reunir as condicións requiridas, ou incumprimento das obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.

c) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:59:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:28:00)
Decreto Nº: 371/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: ********** Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: ALIMENTOS. Aprobación incorporación ao Programa Municipal de Alimentos. ********** **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000308

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude do *Programa Municipal de Alimentos*, presentada por ********** e o informe técnico emitido pola responsable do programa

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a **incorporación** ao *Programa Municipal de Alimentos* para **familias de catro membros.**

A interesada queda obrigada a comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica e familiar.

No caso de non acudir a recollida sen xustificación entenderase que o solicitante renuncia á axuda e causará baixa no programa.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:59:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:32:00)
Decreto Nº: 372/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: ALIMENTOS. Aprobación incorporación ao Programa Municipal de Alimentos. ***** **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000307

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude do *Programa Municipal de Alimentos*, presentada por ********** ********** e o informe técnico emitido pola responsable do programa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a **incorporación** ao **Programa Municipal de Alimentos** para **familias dun membro**.

A interesada queda obrigada a comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica e familiar.

No caso de non acudir a recollida sen xustificación entenderase que o solicitante renunica á axuda e causará baixa no programa.

Alcaldía
José Manuel Miñones Conde

Secretaría
Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:59:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:35:00)
Decreto Nº: 373/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ALIMENTOS. Aprobación incorporación ao Programa Municipal de Alimentos.****** **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000310

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude do *Programa Municipal de Alimentos*, presentada por ********** ****** e o informe técnico emitido pola responsable do programa

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a **incorporación** ao *Programa Municipal de Alimentos* para **familias de tres membros.**

A interesada queda obrigada a comunicar calquera variación socioeconómica e familiar.

No caso de non acudir a recollida sen xustificación entenderase que o solicitante renuncia a axuda e causará baixa no programa.

Alcaldía
José Manuel Miñones Conde

Secretaría
Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

C.I.F.: P - 1500200 - I

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 13/02/2019 14:59:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 13/02/2019 15:36:00)
Decreto Nº: 374/2019 - Fecha de decreto: 13/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: ALIMENTOS.Aprobación incorporación ao Programa Municipal de Alimentos. **********.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000313

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude do *Programa Municipal de Alimentos*, presentada por **********
e o informe técnico emitido pola responsable do programa

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a **incorporación** ao *Programa Municipal de Alimentos* para familias dun membro.

A interesada queda obrigada a comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica e familiar.

No caso de non acudir acudir a recollida sen xustificación entenderase que o solicitante renuncia á axuda e causará baixa no programa.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 14/02/2019 12:53:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 14/02/2019 13:21:00)
Decreto Nº: 375/2019 - Fecha de decreto: 14/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ALIMENTOS.Aprobación incorporación ao Programa Municipal de Alimentos. ***** **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000314

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude do *Programa Municipal de Alimentos*, presentada por ********** ****** e o informe técnico emitido pola responsable do programa

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a **incorporación** ao *Programa Municipal de Alimentos* para **familias dun membro**.

A interesada queda obrigada a comunicar calquera variación da súa situación socieconómica e familiar.

No caso de non acudir a recollida sen xustificación entenderase que o solicitante renuncia á axuda e causará baixa no programa.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

C.I.F.: P - 1500200 - I

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 14/02/2019 12:54:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 14/02/2019 13:22:00)

Decreto Nº: 376/2019 - Fecha de decreto: 14/02/2019
Versión imprimible

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: ALIMENTOS. Aprobación incorporación ao Programa Municipal de Alimentos. **********.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000316

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude do *Programa Municipal de Alimentos*, presentada por ********** e o informe técnico emitido pola responsable do programa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a **incorporación** ao *Programa Municipal de Alimentos* para **familias dun membro**.

A interesada queda obrigada a comunicar calquera variación da súa situación socieconómica e familiar.

No caso de non acudir a recollida sen xustificación entenderase que o solicitante renuncia á axuda e causará baixa no programa.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 14/02/2019 12:54:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 14/02/2019 13:22:00)
Decreto Nº: 377/2019 - Fecha de decreto: 14/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ALIMENTOS. Aprobación incorporación ao Programa Municipal de Alimentos. **********.

EXPEDIENTE: 2019/G003/000324

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude do Programa Municipal de Alimentos presentada por ********** ******** e o informe técnico emitido pola responsable do programa

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a incprporación ao Programa Municipal de Alimentos para familias dun membro

A interesada queda obrigada a comunicar calquera variación da súa situación socieconómica e familiar.

No caso de non acudir a recollida sen xustificación entenderase que o solicitante renuncia á axuda e causará baixa no programa.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 14/02/2019 12:54:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 14/02/2019 13:23:00)
Decreto Nº: 378/2019 - Fecha de decreto: 14/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: ALIMENTOS.Aprobación incorporación ao Programa Municipal de Alimentos. ********** **********

EXPEDIENTE: 2019/G003/000325

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude do *Programa Municipal de Alimentos* presentada por ********** ***** e o informe técnico emitido pola responsable do programa

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Aprobar a **incorporación** ao *Programa Municipal de Alimentos* para **familias dun membro**.

A interesada queda obrigada a comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica e familiar.

No caso de non acudir a recollida sen xustificación entenderase que o solicitante renuncia á axuda e causará baixa no programa.

Alcaldía	Secretaría
José Manuel Miñones Conde	Concepción Vilas Cantelar

VERSIÓN PARA PORTAL DE TRANSPARENCIA

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 14/02/2019 12:55:00) , Concepción Vilas Cantelar (FECHA: 14/02/2019 13:24:00)
Decreto Nº: 379/2019 - Fecha de decreto: 14/02/2019
Versión imprimible
CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CVD: **********
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.